



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 131

**Sesión plenaria**  
9 de outubro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGin21B9xT02  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1 bis.** Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. nº 56745 e 56976, 10/LGNF-000004)

Publicación no BOPG nº 542, do 04.10.2019)

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.1 33899 (10/PNP-002566)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

#### **4.2 52240 (10/PNP-003907)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 10.07.2019

#### **4.3 52566 (10/PNP-003928)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019

#### **4.4 54445 (10/PNP-004031)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019



**4.5 55264 (10/PNP-004086)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 528, do 11.09.2019

**4.6 55437 (10/PNP-004101)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

**4.7 55452 (10/PNP-004104)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

**4.8 55466 (10/PNP-004106)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

**4.9 55584 (10/PNP-004113)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

**Punto 5. Interpelacións****5.1 49605 (10/INT-001661)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019



**5.2 52785 (10/INT-001749)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

**5.3 52802 (10/INT-001751)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

**5.4 52893 (10/INT-001758)****Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

**5.5 56086 (10/INT-001882)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 56658 (10/POPX-000164)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre a política industrial do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

**6.2 56741 (10/POPX-000165)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019



**6.3 56742 (10/POPX-000166)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 56049 (10/POP-006639)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

**7.2 53538 (10/POP-006315)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.3 54851 (10/PUP-000263)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**7.4 52365 (10/POP-006105)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante da diminución da actividade da central térmica das Pontes e das súas repercusións no sector auxiliar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 22.07.2019

**7.5 54031 (10/POP-006414)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



**7.6 54848 (10/PUP-000262)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**7.7 56668 (10/PUP-000265)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a crise da empresa Barreras na comarca de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

**7.8 56723 (10/PUP-000267)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta e marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia) e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

**7.9 52620 (10/POP-006131)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a Consellería de Saíndade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019

**7.10 53097 (10/POP-006237)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento de Povisa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.11 56703 (10/PUP-000266)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade asistencial esixible e o emprego no Hospital Povisa, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019



**7.12 56735 (10/PUP-000268)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e sete deputados/as máis**

Sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa, de Vigo, e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 1.10.2019

**7.13 55266 (10/POP-006562)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis**

Sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



## SUMARIO

---

*Reiníciase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas para resposta oral do presidente da Xunta que figuran en primeiro e segundo lugar na orde do día. (Páx. 15.)*

### **Debate acumulado**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política industrial do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor e da autora: Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 15.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)*

*Réplica do autor e da autora: Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 20.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 22.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Caballero Míguez (S). (Páx. 26.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 27.)*

*Réplica do autor: Sr. Caballero Míguez (S). (Páx. 29.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 30.)*





**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Vega Pérez (P).* (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 38.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 39.) e *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 41.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Casal Vidal (M).* (Páx. 43.)

*O señor Vega Pérez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 45.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 52.), *Sr. Cal Ogando (GCE)* (Páx. 53.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 55.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 56.)*

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 57.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (GCE).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 62.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 64.) e *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 65.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 67.)

*A señora Chao Pérez (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 69.)*



**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 73.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 75.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 77.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 79.)

*Nova intervención da señora Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 82.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 88.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 88.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 90.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 92.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas*. (Páx. 94.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

*O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández (BNG) solicita a votación por puntos*. (Páx. 95.)

Votación do punto primeiro do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil: *rexeitado por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións*. (Páx. 95.)

Votación do punto segundo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 96.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia: *rexeitada por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións*. (Páx. 96.)



*A señora Prado del Río (P) le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo seu grupo. (Páx. 96.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma: *aprobado por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 23 abstencións. (Páx. 96.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e D<sup>a</sup> María Teresa Porritt Lueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía de acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello: *aprobada por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións. (Páx. 98.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 98.)*

*O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei, do G. P. Grupo Común da Esquerda, a señora Chao Pérez acepta a votación por puntos. (Páx. 98.)*

Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 98.)*



Votación do punto segundo da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

### **Declaración institucional**

*O señor presidente procede á lectura desta declaración institucional con motivo do Día Mundial da Arquitectura e é aprobada por asentimento.* (Páx. 99.)

**Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.** (Punto primeiro bis da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 101.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 105.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 109.), *Sr. Lago Peñas (GCE)* (Páx. 112.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 115.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 118.)

### **Votación do límite de gasto**

Votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira: *aprobado por 38 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás cinco.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 123.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 130.)



### ***Declaración institucional***

*O señor presidente procede á lectura desta declaración institucional sobre o Sistema público de pensións e é aprobada por asentimento. (Páx. 132.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista. (Punto sétimo da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pierres López (S). (Páx. 133.)*

*Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 134.)*

*Réplica da autora: Sra. Pierres López (S). (Páx. 135.)*

*Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 136.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6. (Punto sétimo da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 137.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 138.)*

*Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 139.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 140.)*

**Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Rey Varela (P). (Páx. 141.)*

*Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña). (Páx. 142.)*

*Réplica do autor: Sr. Rey Varela (P). (Páx. 143.)*

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña). (Páx. 144.)*

*O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas ao Goberno que figuran en décimo, undécimo e duodécimo lugar na orde do día. (Páx. 145.)*



**Debate acumulado**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento de Povisa.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade asistencial exi-xible e o emprego no Hospital Povisa, de Vigo.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa, de Vigo, e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora e dos autores: *Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 145.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 146.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 147.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 148.)*

Réplica da autora e dos autores: *Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 151.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 151.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 153.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 154.)*

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla e seis deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 156.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 157.)*

Réplica do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 158.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 158.)*

*O señor presidente agradece a todo o persoal da institución o traballo desenvolto ao longo dos trinta anos da inauguración do pazo do Hórreo.* (Páx. 159.)

*Remata a sesión ás sete e dous minutos do serán.*



*Reiníciase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión, neste caso coa rolda de preguntas para resposta do presidente.

Comezamos co debate acumulado de preguntas, neste caso documentos 56658 e 56741, que se corresponde coas preguntas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

### ***Debate acumulado***

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política industrial do Goberno galego**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a pregunta polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda o señor Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Bos días, señor presidente.

Hoxe unha portada do *Faro de Vigo* di (*O señor Sánchez García amósalle á Cámara un folio*): Primeira factura da crise de Barreras, 800 empregados das auxiliares á rúa.

Señor Feijóo, na súa década negra destruíu vinte e dous mil empregos industriais. Un de cada tres empregos industriais destruídos no Estado estes dez anos levan a marca Feijóo. Actualmente, multiplícanse os casos de ameaza e destrución de emprego na industria galega, e vostede non aporta solucións, porque vostede é parte do problema. R, Isowat, Poligal, Ferroatlántica, as auxiliares de Navantia, Barreras, as auxiliares de Barreras, Meirama ou As Pontes. Existe un mapa negro de conflitos laborais. A súa resposta para eles é desviar a atención, escorrer o vulto e botarlles a culpa a todos con tal de non asumir a súa responsabilidade como presidente de Galicia.

O seu goberno é inútil para darlles solución, todos eles sofren o seu desgoberno. ¿Que lles pode dicir aos traballadores de R, empresa cimentada con cartos públicos galegos e vendida a Euskaltel por Abanca para facer caixa? ¿Que lles pode dicir aos traballadores de Isowat, na que remata o ERTE e se ninguén o remedia irán para a rúa? ¿Que lles pode dicir cando a Junta de Castela e León chegou a un acordo co investidor e con Abanca para a súa planta de Medina del Campo, e a Xunta foi incapaz de facer o mesmo coa planta da Coruña? ¿Que pode dicir de Barreras, señor Feijóo? ¿Non eran Pemex e o seu socio García Costas a solución estratéxica para o naval galego? ¿Lémbrese dos titulares, das fotos, das interrupcións da pro-



gramación da Televisión de Galicia para facer anuncios electoralistas? Foi, como mínimo, moi pouco prudente á hora de anunciar a bombo e platillo solucións que nunca chegaron. Agora, a foto que queda é da súa relación coa corrupción mexicana e a súa aposta por un nefasto xestor como García Costas. ¿Canto nos vai custar aos galegos e ás galegas as desfeitas e o silencio do seu socio, home de confianza e militante destacado do Partido Popular, García Costas? En 2012, este dixo: *El éxito de Barreras es el de Galicia, la Xunta y el presidente*. ¿E o fracaso, señor Feijóo?, ¿de quen é o fracaso? Ese non ten pai nin nai, ¿verdade?

Por outra banda, a súa xestión das centrais térmicas é negligente, a de vostede e a do Goberno español. Nun contexto de descarbonización, con acordos ben concretos a nivel mundial e europeo, que non son de hai dous días, tiñan a obriga de ter un plan de transición cun calendario de recursos para que a dita transición se fixese sen damnificar os traballadores, que son os que ao final sempre pagan o pato.

Non será Endesa a prexudicada pola súa negligencia, sae sen problemas da situación despois de trinta anos de facer un enorme negocio á custa dos nosos recursos, dos impactos ambientais e do traballo das galegas e dos galegos. Por certo, privatizada a prezo de amigo polo Partido Popular, para despois colocar os seus no seu consello de administración.

Os prexudicados e os que ven ameazada a súa vida son os traballadores e as traballadoras das Pontes e de Ferrolterra, que pagan unha vez máis pola súa incompetencia. O seu negacionismo trumpista...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...—xa remato— segue a ser unha lousa para aportar solucións; nin vale para a loita contra o cambio climático, nin vale para darlles solucións aos traballadores, e menos para eses camioneiros que levan cinco meses sen ter ingresos despois de faceren os investimentos que lles exixiu Endesa, para deixalos despois na estacada. Para eles vostedes tampouco teñen solución.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Remato xa.

Os camioneiros, os traballadores, a xente das Pontes, de Isowat, de R, de Poligal, de Ferroatlántica queren un presidente que exerza e non un militante do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Rolda agora para dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, moitas grazas. Moi bo día.





O pasado domingo coñecemos unha enquisa que nos deixaba varias valoracións importantes: a primeira é que se hoxe se celebrasen eleccións galegas o Partido Popular perdería a maioría absoluta; a segunda é que mentres o Partido Popular sobe, o Bloque Nacionalista Galego é a forza que porcentualmente máis incrementa o seu apoio electoral, e a terceira é que a cidadanía galega suspende ao Goberno do Partido Popular.

E non sei se sabe cal é a área que ten unha das peores notas. Pois é precisamente Economía e Emprego. E non é de estrañar porque a súa incompetencia fai que hoxe teñamos unha grave crise industrial, con máis de seis mil postos de traballo en risco, que afecta comarcas enteiras desde Vigo á Coruña, Ferrolterra, As Pontes, a Costa da Morte ou A Mariña.

O seu legado, señor Feijóo, é unha desertización industrial, e fronte a iso vostede o único que fai é buscar excusas e botar balóns fóra. E Galiza necesita solucións. Necesitamos solucións para Alcoa, para Isowat, para R ou para Vulcano. Solucións para Barreras, para Poligal, para Endesa-As Pontes ou Ferroatlántica.

En Ferroatlántica, vostede permitiulle a Villar Mir dar un pelotazo. O mínimo é que se lle exixa un plan industrial para garantir o futuro do emprego nesa comarca.

En Barreras foi o gran conseguidor de Pemex, e o resultado xa o vemos: os seus socios mexicanos imputados por corrupción, un estaleiro en crise e hoxe mesmo oitocentas persoas na rúa. Xa vexo que a vostede non lle importa cal é o futuro da xente deste país. E Barreras é viable e a Xunta ten que implicarse; tomemos o control público dese estaleiro e busquemos solucións de futuro.

En Alcoa temos pendentes dun fío catrocentos empregos na Coruña e dous mil na Mariña. ¿Onde están as solucións? Vostede onte tivo un encontro coa ministra, e tiveron a cara —por que hai que ter cara— de comparecer dicindo que o problema era o prezo da enerxía. ¿Onde estaban o PP e o PSOE cando desde o BNG defendíamos unha tarifa eléctrica galega? (*Aplausos.*) ¿Onde estaban cando defendíamos o dereito a que neste país nos beneficiemos da nosa riqueza? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois si, vóullelo dicir eu onde estaban: exactamente onde están hoxe, mirando para Madrid en vez de estar mirando para Galiza. Por iso volvemos propoñer que ten que existir unha tarifa industrial estable e competitiva e que temos dereito a unha tarifa eléctrica galega, é dicir, unha redución nas peaxes que pagamos porque temos dereito a beneficiarnos da riqueza eléctrica que hai neste país.

E seguimos coa situación de Endesa-As Pontes. Vostede hai quince días fixo un autorretrato fantástico. Dixo que se esa central estivera en Euskadi non pecharía. Efectivamente, porque alí hai un goberno con peso político e vostede nin tan sequera é capaz de conseguir unha entrevista (*Aplausos.*) coa dirección de Endesa. Por iso dicimos que fronte ao fracaso que vos tedes non fixeron neste momento hai que construír unha posición de país...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e para facelo —remato, señor presidente—, necesitamos unha Mesa galega por unha transición enerxética xusta, compromisos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



**O señor PRESIDENTE:** Shhh, shhh, shhh...

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...de que a central non pecha mentres non exista unha reindustrialización real da comarca con fondos que teñen que vir de Europa, do Estado, da Xunta e dos propios beneficios que tivo Endesa ao longo destes anos que non pode crer que se pode marchar deste país de rositas.

Señor Feijóo, Galiza non necesita excusas, o que necesita son solucións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, señor Sánchez, lerlle unha cita.

«Queremos o peche de infraestruturas altamente contaminantes e algunhas delas absolutamente ilegais como é a planta de gas de Reganosa no interior da ría de Ferrol e mesmo a saída de Ence».

Proposta do portavoz do seu grupo hai uns anos no Parlamento de Galicia.

¿Aqueles que piden pechar as industrias galegas pretenden facer responsable ao Goberno de Galicia de que pechen as industrias galegas como consecuencia da incapacidade do Goberno central? ¿Esa é a súa proposta? ¿Está preparando vostede a súa coalición, señor Sánchez? Non sei con quen.

O BNG ten outra proposta: apoio incondicional ao Partido Socialista Obreiro Español. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)* Co apoio incondicional ao Partido Socialista Obreiro Español...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Lago, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...resolve os problemas que crea o propio Partido Socialista Obreiro Español. É dobremente curiosa a proposta dos grupos que interpelan ao goberno. Un quere pechar todas as industrias e o outro resulta que pacta tamén co Partido Socialista Obreiro Español que está disposto a non botar unha man para as industrias. Xan non pido que as melloren, que as deixen como estaban, que as deixen como estaban.

Benvidos en consecuencia a esta preocupación do Goberno de Galicia que leva dende fai meses, trimestres e semestres alertando da frivolidade da política industrial do Goberno de España e do disparate da política enerxética do Goberno de España.

Hai uns días coñecemos os datos do produto interior bruto. Observamos un crecemento interanual da economía galega do 2 %, igual que a economía española, e vinte e tres trimestres consecutivos con taxas positivas.



Viamos e seguimos insistindo na desaceleración preocupante da economía española e da economía galega. No cuarto trimestre do ano 2018 a economía galega crecía o 2,6, medio punto máis que a media española. No primeiro trimestre do ano 2019 crecía un 2,3, unha décima máis que a economía española. Agora xa estamos empatados co crecemento do 2 por cento. Todos os sectores da economía galega están en positivo, salvo a industria. E cando miramos exactamente que é o que ocorre na industria, os problemas da industria en Galicia son dous: a produción enerxética e a metalúrxica, é dicir, As Pontes, Meirama e Alcoa. O índice de produción industrial de Galicia é superior ao do Estado; en taxa interanual, o índice de produción industrial de Galicia, sen contar a enerxía, está no 3,1 e España está en negativo.

Señorías, ¿van seguir vostedes traballando para o Goberno central?, ¿van seguir vostedes botándolles a culpa aos galegos dos problemas que non son dos galegos, senón da falta de política enerxética e da errática política industrial do Goberno de España?, (Aplausos.) ¿van vostedes seguir en coalición política en contra dos intereses de Galicia? Señorías, insisto: ¿van seguir vostedes en coalición política en contra dos intereses do país?

Falan vostedes do naval. Xa non se acordan do *tax lease* socialista. Cando chegamos á Xunta non se podía facer un só barco en Galicia, un só barco en España. O comisario Almunia, declarado persoa non grata no Concello de Vigo, —¡fíxense a aportación socialista!— resulta que pechaba os estaleiros do país. Buscamos solucións co Goberno central, con UXT, con Comisións Obreiras, co lehendakari, co presidente do Principado de Asturias; solucionamos o *tax lease*; buscamos pedidos, conseguimos pedidos, conseguimos devolver da quebra a solvencia aos estaleiros, e agora que hai un grave problema nun estaleiro, ¿a culpa é deste goberno, que salvou ese estaleiro? ¿Resulta que a culpa é do Goberno que realmente foi o que facilitou que Barreras tivera carga de traballo, tivera socios e tivera emprego en máis de mil quiñentas persoas todos os meses? ¿Resulta que este é o problema deste goberno? Señorías, ¡un pouco de respecto!

Na automoción, crise no sector da automoción. Hoxe o sector da automoción está facturando un 27 por cento máis que cando chegamos, exportando un 28 por cento máis que cando chegamos, creando emprego no último ano: dous mil trescentos empregos netos no sector da automoción. ¿E resulta que vostedes falan dos problemas da política industrial da Xunta de Galicia? A Xunta de Galicia ten os seus índices de produción industrial e de exportacións mellores que os de España.

¿E que ocorreu? Ocorreu que chegou o señor Sánchez. E ocorreu que cando había que proseguir con este impulso da política industrial, cando había que dar certezas ante a incerteza da desaceleración económica, cando había que poñer políticas activas e políticas enerxéticas posibles, resulta que se lle ocorre isto da transición, que non é ningunha transición, é un desmantelamento. Non queren unha transición, queren o seu proxecto político, que non pasa polas industrias electrointensivas, nin pasa polo sector naval, nin pasa polas industrias que consomen de forma intensa electricidade.

E non soamente se incrementa e se dispara o prezo da luz de 35 euros/megavatio a 50 euros/megavatio durante os seus dezaoto meses, senón que, ademais, pechan. E pechan as centrais térmicas, esas centrais que están executando douscentos millóns de euros de investimentos para adecuarse ás emisións de gases da Unión Europea, As Pontes-Endesa.



¿E cal é a proposta da oposición? A proposta da oposición é calar e botarlle a culpa á Xunta de Galicia. ¿Esa é a proposta de país que teñen vostedes? Señora Pontón, ¿esa é a proposta de país que ten o nacionalismo de Galicia? O nacionalismo de Galicia debería de estar xunto co Goberno de Galicia defendendo Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a proposta que deberían de ter vostedes, señoría. E resulta que a súa proposta é botarlle a culpa á Xunta de Galicia. Cando gobernaba o señor Rajoy, o prezo da luz era un problema do señor Rajoy, e agora cando goberna o señor Sánchez, o prezo da luz é un problema do señor Feijóo. ¿Que bromas son estas, señora Pontón?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Que bromas son estas? Cando gobernou o señor Rajoy, dei a cara por Alcoa en contra do Goberno de Madrid, e cando o goberne o señor Sánchez, vou seguir dando a cara por Alcoa en contra do Goberno de Madrid. *(Aplausos.)* Ese é o meu compromiso e a miña proposta.

Mire, señora Pontón: está vostede encantada coa enquisa, prosiga; convértese vostede outra vez no grupo minoritario da cámara. ¡Fantástico!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Di vostede que o Goberno ten unha mala valoración. Si, fáltanlle unhas décimas para o cinco; vostede aínda non chegou ao tres e medio. *(Murmurios.)* Pero non pasa nada, señora Pontón, sigan vostedes. Sigán vostedes, decida: Galicia é o Partido Socialista. ¡Se este é o problema do BNG na historia! Cada vez que deciden polo Partido Socialista, baixan...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e cada vez que deciden por Galicia, soben.

Mire, como nós non temos dúbidas, nós decidimos por Galicia, pase o que pase e ocorra o que ocorra.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor Feijóo, era moito pedir que falase honestamente do drama que están a vivir moitos galegos e galegas. A súa contestación é unha mostra máis do cinismo co que vostede opera. Vostede rebaixa as institucións galegas ao non exercer a soberanía que nos outorga o noso Estatuto. Converte a Xunta de Galicia en algo inútil para toda esa xente de Isowat, Poligal, Vulcano, Barreras, Ferroatlántica, Meirama, As Pontes e moitos máis.



Vostede bota a culpa de todo aos demais, ao Goberno central, á Unión Europea, a quen faga falta, con tal de non asumir a súa responsabilidade.

Pero preguntolle: ¿tamén é culpa do Goberno central que Isowat teña solución coa Junta de Castela e León, e non teña solución coa Xunta de Galicia?, ¿tamén é culpa do Goberno central que R fose vendida a prezo de saldo, para facer caixa, por parte do seu amigo Escotet, e que quedemos sen poder de decisión despois de termos investido millóns de euros nas infraestruturas e nesa empresa, señor Feijóo? ¿O que pasou en Barreras tamén é culpa do Goberno central, onde vostede apostou polo seu home, polo seu socio, polo militante destacado do Partido Popular, García Costas? Se vostede se colgou as medallas e sacou as fotos con el para facer anuncios electoralistas, agora asuma o seu fiasco, que deixa na rúa oitocentas persoas, señor Feijóo, e non escorra o vulto.

Os traballadores e as traballadoras queren un presidente que exerza e non que bote balóns fóra ou que traballe para o seu partido, o non-presidente. O non-presidente liquidou o sistema financeiro galego, deixou marchar o silicio solar de Sabón a Puertollano. O non-presidente non conseguiu para Isowat en Galicia o que si conseguiu a Junta de Castela e León; deixou que se vendera R a Euskaltel por parte de Abanca; apostou por García Costas, hoxe un prófugo da xustiza por corrupción, para a súa alianza estratéxica para o naval.

E non fixo un plan de transición para Endesa nin para Meirama, incluso cando Meirama anunciou que non ía facer os investimentos para adaptarse á directiva europea. Vostede mente, mente constantemente. Non é unha decisión do Goberno central a que leva a pechar Endesa. ¿Ou acaso o Goberno central inflúe nos prezos do CO<sub>2</sub> ou do carbón? O Goberno central ten tanta responsabilidade coma vostede por non prepararnos ante este contexto. ¿Onde estaba vostede...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...en 2017 cando se reformou o sistema de pagos de dereitos de emisión, que xa vaticinaban que ían subir os prezos de emisión do CO<sub>2</sub>. A resposta non é se vai haber transición ou non, señor Feijóo. A resposta é se esa transición a pilota o público, para que a xente non saia damnificada, ou a pilotan Endesa, Iberdrola ou Naturgy, e saia a xente damnificada despois de facer...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...millóns e millóns cos privilexios que o seu partido lles outorgou no mercado eléctrico. E vostedes sempre a rebufo do que mandan as empresas do oligopolio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Réplica, señora Pontón.



**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, vaia a Vigo e dígalles aos traballadores e traballadoras que están na rúa hoxe mesmo que vostede salvou Barreras. *(Aplausos.)* Hai que ter pouca sensibilidade e, desde logo, intentar desviar a atención. ¿Está disposto ou non a unha intervención pública para salvar Barreras? É o que ten que responder e deixar de botar balóns fóra. Porque mire: en Galiza temos unha grave crise industrial, temos o IPI en caída libre, o terceiro territorio de todo o Estado español onde máis baixa.

E temos outros problemas. Porque, claro, onte mesmo viamos: Galicia amplía a súa brecha de competitividade coa Unión Europea pola debilidade laboral e a innovación. Perdemos dezaseis postos e caemos ao cento noventa e sete. Non sei se vostede ten ou non responsabilidade en algo disto. Pero é que se o que pasa en Galiza non ten nada que ver coa actitude e co que fai o Goberno, isto é a maior emenda á totalidade sobre a súa ineptitude e incapacidade, porque nos está dicindo que non pintan nada, *(Aplausos.)* que nada ten que ver o que fai o Goberno coa marcha deste país.

E voulle dicir cal é súa proposta de país. A súa proposta de país é ter seis mil postos de traballo na picota. A súa proposta de país é laiarse sen buscar ningunha solución de futuro para este país. E, desde logo, Galiza, o que non necesita é un presidente que cada día se parece máis a un floreiro, que pode quedar moi ben posto nunha mesa, pero que non serve para solucionar os problemas deste país.

O sistema eléctrico español: ¿de quen é a lei que regula o sistema eléctrico español?, ¿quen se cargou a tarifa industrial e nos puxo esa ruleta rusa das subastas de interrompibilidade? Foi o Partido Popular, e vostede aplaudiu e calou a boca. *(Aplausos.)* Claro, que o Partido Socialista ten responsabilidades, porque prometeu que habería un estatuto antes de abril, e non o hai.

Pero o que nos ten que explicar, o que ten que explicar aos galegos e as galegas, é se non lle cae a cara de vergonza sabendo o problema que tiñamos, e que a súa grande aportación foi vetar todas e cada unha das propostas do Bloque Nacionalista Galego, para abaratar o prezo da enerxía neste país. Porque estamos falando de intervenir nas peaxes, e as peaxes son unha decisión política. ¿Por que se poden reducir as peaxes en Euskadi e non se poden reducir as peaxes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...en Galiza? ¿Por que non imos ter dereito a beneficiarnos da riqueza eléctrica que ten este país? O que non pode ser é que cando estamos exportando electricidade, cando as industrias se están forrando, vexamos como non hai alternativas.

E, ao final, o que temos é o de sempre: un Partido Popular e un Partido Socialista que miran para Madrid, e que están máis pendentes das portas xiratorias que de cal é o futuro da xente deste país. Porque non creo que sexa casualidade que hoxe teñamos unha central en Cerceda pechando, ¿non?, de Naturgy. E alí, ¿a quen estivo beneficiando Naturgy...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora PONTÓN MONDELO:** ...no seu consello de administración? Ao señor Aznar. Que teñamos un problema en Endesa, e que aí tamén estean as portas xiratorias onde aparece o señor González.

O problema é o de sempre, que non pensan neste país...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e que única e exclusivamente están xogando a un pimpam-pum que non trae solucións. E Galiza non necesita máis excusas, Galiza necesita... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo.

Rolda de peche destas dúas preguntas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¡Moi clarificadora esta sesión de control para os traballadores!

Permítame que o cite, señor Sánchez: «A mellor noticia das última décadas para o medio ambiente é o peche de Meirama», señor Sánchez *dixit*. *(O señor presidente da Xunta de Galicia amosa un folio desde o seu escano.)* ¿E agora vén vostede dicirme que o problema de Meirama é un problema do señor Feijóo? ¿Quere felicitar-me, pois? ¿Quere felicitar-me?

No recente debate do estado da Autonomía fixemos unha proposta de resolución: dirixirse ao Goberno central para medidas que garantan o emprego no ámbito industrial e enerxético, nas Pontes, Meirama, Alcoa, Partner, Megasa, Ferroatlántica. O BNG abstívose. Abstivéronse os nacionalistas do futuro da industria de Galicia. *(Un señor deputado pronuncia: Non.)* E Esquerda en Común votou en contra do futuro das industrias de Galicia, en contra da proposta do debate do estado da Autonomía. ¿Por que non van a señora Pontón e vostede ás Pontes e a Meirama e miran á cara aos traballadores? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Hai dúas formas de ir a unha central: unha, mirarlles á cara aos traballadores, e outra, mentirlles aos traballadores. *(Aplausos.)* Esas son as dúas fórmulas para ir ás centrais térmicas, señoría. Unha pena, señoría, pois desde que sentan nos escanos olvidan os problemas reais dos traballadores.

Fala a señora Pontón da tarifa eléctrica. Pero, señora Pontón, levo once anos de presidente da Xunta de Galicia, e nunca estivo a tarifa eléctrica como nos últimos dezaioito meses. Onte, moi claramente, o presidente de Alcoa-España dixo: coa tarifa eléctrica que tiñamos ata o ano 2018, unha media de 35 euros/megavatio, Alcoa seguirá, proseguirá e ampliarase. Coa tarifa eléctrica, que levamos dezaioito meses desde que chegou o señor Sánchez, de 50 euros/megavatio, Alcoa está en grave risco de... —¿quere que llo diga?— de peche. ¡E resulta que a culpa a ten o señor Feijóo! Pero, señora Pontón, vostede que leva no Parlamento máis tempo ca min, ¿esta é a proposta do BNG? ¿A proposta do BNG non sería estar coa Xunta de



Galicia para defender os empregos de Alcoa, para defender os empregos das Pontes e para defender os empregos de toda a industria electrointensiva do país?, *(Aplausos.)* ¿non sería esa a proposta dun nacionalismo sensato, señoría?

Fixemos propostas por activa e por pasiva, pero non nas últimas semanas, non porque fracasara por segunda vez a lexislatura do señor Sánchez, non; sabíamolo perfectamente porque conseguimos que o Goberno do señor Rajoy propuxera e admitira nas Pontes un investimento de máis de douscentos millóns de euros para diminuír as emisións e para que esa central térmica puidera cumprir as emisións da Unión Europea e seguir funcionando ata o ano 2045. ¿Subiu o CO2? Si, é certo. ¿E que ocorre? Pois se o CO2 é un imposto, haberá que baixar impostos por outro lado. Por exemplo, o imposto que grava o carbón, que lle suprimiron ao gas. ¡Que sorprendente! Ao gas suprímenselle os impostos e ao carbón, en momentos de extraordinaria dificultade, increméntanselle.

Pero ¿como se pode tomar o pelo á xente, como se pode tomar o pelo a todos os traballadores das Pontes, que despois de facer un investimento de douscentos millóns de euros e desviar unha estrada da Xunta de Galicia, para ampliar a compañía dende o punto de vista de emisións de gases, agora vén o Goberno e di que hai que pechala xa? Pero ¿que broma é esta?

¿Como se lle poden quitar a Galicia 1.500 megavattios de produción e dicirlle a Alcoa que sobe o prezo da luz cando a Galicia se lle está reducindo a súa produción da luz simultaneamente?

E a esquerda mirando para outro lado, e a esquerda botándolle a culpa simplemente a este goberno por ser do PP. ¡Somos do Partido Popular de Galicia, defendemos Galicia e non temos nada que pedir desculpas a esta esquerda que non a defende! *(Aplausos.)* Si, señorías, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, señorías, están botando a xente á rúa nas auxiliares de Navantia. Aí non hai ningún problema, ¡eh!, non imos tocarlle ao Partido Socialista. Mentíronlle á xente nas eleccións de abril dicindo que empezaban as fragatas. As fragatas empezan no ano 2022. ¿Que vai pasar entre o ano 2019 e o ano 2022, señores da esquerda, socios do Partido Socialista Obreiro Español? Que Ferrol vai quedar sen un posto de traballo no sector naval, nas empresas auxiliares. ¿E que propón a Xunta? O que propuxemos desde hai meses: hai que facer un AOR ou un BAC, un barco ponte, ata que engarcemos coas fragatas. ¿Por que non se poñen detrás desta proposta, que é a proposta que beneficia aos traballadores?

Miren, señorías: se hai un estatuto das empresas electrointensivas, ¿por que non o ensinan? Se teñen a solución, ¿por que non a puxeron onte enriba da mesa? Se eu teño unha solución fantástica para un estaleiro, ¿por que non llela ensino aos traballadores?

¿Como se pode tomar o pelo á xente, vir a Galicia, reunirse en Alcoa e dicir que o Goberno está en funcións e non pode aprobar o estatuto?, ¿dezaseis meses continuados? Se as Cortes estiveron operativas ata hai quince días. Se quen aproba o estatuto son as Cortes, non é o Goberno.

E seguinte razoamento: o Goberno non pode aprobar o estatuto. ¿E tampouco pode ensinalo? ¿O Goberno non pode ensinar o Estatuto de electrointensivo? Pero, señor Antón, señora Pon-





tón, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) son vostedes francamente... (*Murmurios.*) (*Protestas.*) ...uns grandes deputados do Partido Socialista Obreiro Español, vanse do seu grupo parlamentario ao Partido Socialista para aclarar o debate parlamentario desta mañá. (*Aplausos.*) ¡Non é xusto, señorías!

Miren: isto non é estar coa Xunta ou co Goberno de España, isto non é estar co PP ou co PSOE, isto é estar cos traballadores e coa industria galega, ou non estar. Nós estamos coa industria galega e cos traballadores, non teñan dúbida. (*Aplausos.*)

Señorías, non é tolerable que o Goberno de España pretenda revestir de verde as súas im-provisacións, os seus bandazos e as súas ausencias de solucións alternativas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Galicia será máis verde cunha transición planificada e ordenada. E a base de bandazos o que único que vai ocorrer é que Galicia será máis pobre. Non conten comigo para isto. Vou defender, ata o último instante, os traballos das industrias electrointensivas, os traballos das centrais térmicas, os traballos que hai na industria de Galicia. Antes do Partido Socialista non se cuestionaban, despois do Partido Socialista están no aire.

Señora Pontón e señor Sánchez,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...propóñolles, igual que ao portavoz do Partido Socialista, traballar xuntos nisto, propóñolles realmente traballar xuntos e dicir moi claramente: as industrias electrointensivas teñen que ter futuro. Hai só unha industria do sector do aluminio en España, está en Alcoa, en Lugo, o 30 por cento do produto interior bruto da provincia. ¿Que van facer vostedes?, ¿botarlle a culpa ao señor Feijóo? ¡Alá vostedes! ¿Saben o que vou facer eu? Traballar polos traballadores de Alcoa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...das Pontes e de todas as in-dustrias do país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Conten os traballadores coa Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, despois de once anos con vostede á fronte da Xunta de Galicia, o seu discurso é un discurso de falacias e de irrealidade. O discurso que acaba vostede de facer aquí é unha falla de respecto á intelixencia dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Vostede mente de forma continua, señor Feijóo. Mente cun discurso de encefalograma plano que ninguén lle pode comprar. Ningún alumno de primeiro de Economía pode asumir o discurso que fai vostede hoxe aquí ou que fixo onte o seu conselleiro de Economía. ¿Como se atreve vostede a dicir que o Goberno de España di que hai que pechar xa unha central térmica? ¿Como se atreve vostede a dicir que as emisións de CO2 son un imposto? Colla un manual e aprenda algo de economía, señor Feijóo. *(Balbordo.)* Está moi ben que a bancada do PP estea moi interesada sempre nas miñas verbas. Non se preocupen, que o tempo o desconte o presidente se quere.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Mire, señor Feijóo: vostede é presidente da Xunta, e falar con vostede é falar o mesmo que con calquera cidadán de Galicia que non ten ningunha responsabilidade. Vostede non ten respostas. Vostede non lle dá ao país plantexamentos. E non llos dá en materia de política industrial, como vostede acaba de amosar hoxe aquí, como acaba de amosar diante de toda Galicia, cunha política do escapismo. Non me estraña, pois xa o dixo vostede o outro día no debate do estado da Autonomía, cando lle pediamos contas do que facía o Ministerio de Defensa de Rajoy, e vostede dixo con moita claridade: «Agora resulta que se quere dicirlle algo ao señor Morenés, dígallo vostede; eu non asumo ningunha responsabilidade». Esas son as verbas do presidente da Xunta de Galicia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o de alguén que non asume ningunha responsabilidade na realidade de Galicia. *(Murmurios.)* *(O señor presidente bisba.)*

Señor Feijóo, vostede claro que foi sacar a foto con Pemex, claro que parou a emisión da TVG para retransmitir con bombo e platillo aquilo que non se produciu. E agora cando hai un estaleiro en precurso de acredores, despois desa inauguración na que vostedes dicían: «O éxito de Barreras é o éxito de Galicia e o éxito do Goberno da Xunta de Galicia». O precurso de Barreras é a mostra do seu esgotamento, da súa incapacidade, no ámbito social, no ámbito político, no ámbito da economía.

Claro que ten que facer autocrítica e recoñecer que o seu proxecto está esgotado, que está pechando un ciclo e que soamente opta polo escapismo político. ¿Ou é que vostede ten credibilidade cando fala de centralidade política? Ten que facer autocrítica, señor Feijóo. ¿Ou segue estando orgulloso de ter respaldado os pactos do Partido Popular coa ultradereita, e seguir falando en todos os seus discursos oficiais da centralidade política, *(Murmurios.)* desa



centralidade que di todos os días pero que se esquece dela cando lle dá apertas á presidenta de Madrid cando hai que retirar o ditador do Val dos Caídos, cando lle plantexa a vostede que hai que facer igrexas? (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Claro que o Partido Popular está moi incómodo co discurso ideolóxico...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. (*O señor presidente bisba.*)

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...porque perdeu a centralidade política en Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*)

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...e o seu nerviosismo é o dun partido político que non fai autocrítica.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señor Feijóo, despois de once anos á fronte da Xunta de Galicia, baixe do coche oficial, faga autocrítica, rectifique no ano que lle queda, teña capacidade de conectar coa cidadanía e de entender os problemas do realismo. E cando queira atoparse cunha solución para o problema, deixe de buscar a política da confrontación e poña a Galicia por riba dos intereses de Casado e do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¡Felicidades, señor Caballero! Que pena que non durara moito máis isto porque podíamos escoitalo e aprender todos.

Mire, señor Caballero: sería bo que repasara o que acaba de dicir vostede no *Diario de Sesións*. Está moi preocupado, efectivamente, polo Valle de los Caídos, por Galicia non. Isto a vostede cáelle grande. Pero nós, como non sabemos de política económica, pero sumar e restar si, ¡eh! Cando vostedes gobernaban a economía, en Galicia o produto interior bruto baixaba o 3,6 por cento. Agora levamos trinta trimestres crescendo, e no último ano 2018 crecemos un 2,8 por cento.

A media do produto interior bruto de Galicia dende que chegamos ao goberno e presentamos o Plan estratéxico 2015-2018 está crescendo o 3,3 por cento, cando baixaba o 3,6 por cento co Partido Socialista Obreiro Español. Non sabemos, pero hai cincuenta e tres mil persoas menos no paro do que cando vostedes gobernaban. E, como é lóxico, cando o Bipartito gobernaba, o paro subía un 31 por cento, e agora baixa o 5,6. Uns 46.570 parados máis na última lexislatura dende o ano 2016 ata o de agora, 46.570 parados máis e sesenta e unha afiliacións máis nesta última lexislatura, dende o 2016 ata o de agora. ¡Menos mal, señoría, que non sabemos de política económica!



A política económica do Partido Socialista é: diminuír as afiliacións, incrementar o paro, diminuír o crecemento económico e pedir o rescate á Unión Europea. Política económica firmada polo Partido Socialista Obreiro Español.

O índice de produción industrial sen enerxía: Galicia 3,1 en positivo, España 0,5 en negativo —na data de hoxe, acaban de saír os datos de agosto—. ¡Non sabemos de política industrial!

Resulta que os salarios industriais en Galicia, dende o ano 2009 ao ano 2019, medraron un 29 por cento. A comunidade autónoma onde máis medraron os salarios no ámbito industrial. Dende o ano 2014 ata o de agora creamos 26.300 empregos no ámbito da industria. Pechamos o ano 2018 con máis do dezasete por cento da industria no peso do PIB, e o profesor Caballero vén aquí falar do Valle de los Caídos.

¿Que quere vostede dicir? ¿Que o val dos caídos son os de Alcoa? ¿Quere vostede facer as bromas coa xente das Pontes? Pero se hai distintos modelos no Partido Socialista, e vostede opta por un modelo. Mire como vostede non falou nin das Pontes, nin de Alcoa, nin de Meirama... Non, non, se ese non é o problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Vostede que autocrítica fai? ¿Que autocrítica fai o Partido Socialista Obreiro Español sobre os dezaoto meses nefastos do Partido Socialista Obreiro Español? Non, vostede é a CLA do señor Sánchez. E para iso xa temos o señor Sánchez. Pero prefiro o orixinal que a copia, entre outras cousas, porque o orixinal, polo menos, gañou unhas eleccións, e vostede nunca as gañou, nin sequera sacou a súa acta de deputado. Iso si que é unha gran política do señor Caballero.

Señor Caballero, con todos os respectos, gustaríame ter un secretario xeral do Partido Socialista como algúns militantes socialistas que andan por aí, sensatos e preocupados polo país. Vostede non, vostede está moito máis preocupado por Ferraz que polas Pontes. Está moito máis preocupado por Ferraz que por San Cibrao, por Lugo e por Alcoa. Vostede está moito máis preocupado con que lle dean unha palmadiña no ombro cando vai a Madrid que polas industrias electrointensivas do país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E vostede está moito máis preocupado por botarlle a culpa á Xunta de Galicia dos problemas que xera o Goberno central que por intentar dicirlle ao Goberno central que hai que ter un pouco de respecto pola xente, ¡un pouco de respecto pola xente! Eu sería incapaz de ir a unha fábrica, dicirlle que teño a solución para esa fábrica e non ensinalla. ¿Vostede sabe exactamente o contido do Estatuto das empresas electrointensivas?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Vostede pode acreditar que o Partido Socialista se compromete a que o prezo da luz estará entre 35 e 40 euros para Alcoa? Dígao na Cámara.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E se non o di e non se compromete na Cámara, vostede está cavando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** outro socavón, o socavón das Pontes, o socavón de Meirama...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e o socavón de San Cibrao-Alcoa,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...sen contar o socavón de Ence.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, rematou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, leva vostede un máster en destrución de emprego no país.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señor Feijóo, está o Partido Popular para falar de másteres. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, voulle dicir que, hoxe, me vou máis tranquilo sabendo que para vostede eu non son o secretario xeral do Partido Socialista que a vostede lle gustaría. Voume con máis tranquilidade e con toda satisfacción, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque a vostede non lle gusta este Partido Socialista... (*O señor presidente bisba.*) ...porque está vostede perdendo o impulso da maioría do país, porque está desconectado, porque vostede volve estar na oposición política co seu discurso.

Vostede erra, señor Feijóo, cando fai unha sesión de control e quere controlar a quen lidera un dos partidos da oposición. Cando me fai as preguntas, cando non responde, cando vostede está pedindo as contas da xestión en Galicia ou incluso o resultado do emprego, e pídelle as explicacións ao líder do partido que está maioritario na oposición, vostede amosa que está xa pechando o seu ciclo político.

E témoslle que dicir que faga autocrítica política, que vostede non tivo boa xestión económica, que vostede non tivo suficiente compromiso social e xestionou de forma nefasta as políticas sociais.



E témoslle que dicir, señor Feijóo, que nós queremos falar tamén de centralidade política desde a esquerda; a centralidade política que o Partido Popular abandonou, por moito que vostede o repita en todos os seus discursos oficiais.

E claro que non quere falar do que supón o Partido Popular, porque vostede despois de tanto botafumeiro, o que está é sendo un executor das políticas do Partido Popular de Casado. Un executor das políticas dun Partido Popular que se voltou cara á outra dereita. (*Murmurios.*) (*O señor presidente bisba.*)

E claro, señor Feijóo, que nós falamos dos problemas do país. Sabemos que cando o alcalde das Pontes se reúne con vostede, vostede non ten ningunha planificación nin proxecto de reindustrialización para esa bisbarra de Galicia, porque non ten política industrial.

E sabemos, señor Feijóo, que cando vostede vai visitar os traballadores ás plantas, vai sen ningún tipo de plantexamento de futuro, cun único discurso: a culpa é do Goberno de España. E ese discurso, señor Feijóo, non está á altura das necesidades que ten Galicia. Necesitamos un presidente da Xunta que governe, que dea resultados, que traballe para o país, que escape da política da confrontación electoral que queren o señor Casado e a señora Álvarez de Toledo. Esa é a dereita que vostede representa.

Eu entendo que a vostede lle incomode que falemos do que pode supoñer recuperar a memoria histórica, que defendamos o nome das Trece Rosas (*Murmurios.*) ou que discrepemos coas intervencións da presidenta de Madrid cando fala de queimar igrexas. Pódolle dicir que os galegos e galegas queremos solucionar a crise industrial, pero tamén temos valores e ideas democráticas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** E defendemos en Galicia, igual que en España, eses valores, cos que vostede está moi incómodo cando lle falan deles e dos que non quere facer falar.

Se defende a maioría dos galegos e das galegas, faga rectificar o Partido Popular. Cando lle din a vostede que se deixe de caralladas, están dándolle mostras de que vostede xa non ten nin ao Partido Popular con credibilidade, que aí todo é unha mestura de cousas distintas. (*Murmurios.*)

Si, señor Feijóo, as risas e o nerviosismo do Grupo do Partido Popular son a do fin do ciclo do PP en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Despois deste mitin, (*Risos.*) o problema do señor Caballero é que soamente fixo mitins na súa vida. (*Risos.*) Non xestionou nunca



nada, pero de mitins sabe, ¡eh!, hai que recoñecelo. O problema é que vostede confunde o Parlamento cun mitin, e isto non é un mitin, señor Caballero. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora Álvarez Consuelo ou Álvarez de Toledo, o Valle de los Caídos, a ultradereita... Pero, ¿estamos falando dos traballadores ou de que estamos falando? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Estamos falando dos dous mil empregos de Alcoa ou de que estamos falando? Estamos falando de emprego concreto.

E propúxenlle, señor Caballero, dado que teñen vostedes a solución para Alcoa, por que non nos di como vai quedar o prezo da luz. Dado que vostedes teñen un estatuto electointensivo, que é a fórmula máxica, ¿por que non nos concretan o contido e o alcance do mesmo, e tranquilizámonos nesta sesión e ímonos, polo menos, cun problema menos? Ese estatuto non se pode ensinar, ¿por que? ¿Quen é o político que tendo a solución non a ensina ata despois das eleccións? O político que nos está enganando, que non ten ningunha solución e que despois vai crear un problema. *(Aplausos.)* ¡Así é vostede!

Eu creo que debería de ter máis respecto sobre o alcalde das Pontes, porque con ese pódese construír. Estamos de acordo os dous, fixemos unha rolda de prensa conxunta. ¿Non sei exactamente que é o que reprocha, se a el ou a min, criticándome a min e reprochándolle a el? Pero se a min me dá igual o Partido Socialista ou o Partido Popular, o problema son As Pontes.

Pero ¿que máis dá o Goberno de Sánchez ou o Goberno de Rajoy? O problema é Alcoa. ¿Que máis dá que o señor Rajoy estea ou non estea no Goberno, e estea o señor Sánchez? O problema é que non temos ningunha solución para as oitenta mil familias que venden madeira. Ese é o problema.

O problema, señoría, é que se imputa que este goberno non responde, e deille todos os datos do produto interior bruto dende que cheguei ao goberno no ano 2009 ao ano 2019, unha década, no índice de produción industrial, das exportacións, do paro, das afiliacións á Seguridade Social, ¿e non respondemos?

Pero isto de silencio cómplice no tema de Alcoa e das Pontes, isto é chitón, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso de que vostede non pode falar dos problemas do país, ¿é iso de chitón? Ben.

Pídeme vostede autocrítica. ¡Home!, en dez anos supoño que cometín moitos erros. Pero despois de tres lexislaturas, se eu tivera que aquí facer o balance das dúas lexislaturas do señor Sánchez, morrería de vergoña.

Vostede pide autocrítica, pero non ten a máis mínima crítica á política industrial e á política enerxética do Goberno socialista en Madrid, non. A mellor autocrítica que podemos facer é a proposta que fixemos no debate do estado da Autonomía. Temos un proxecto de innovación, de industria para o noso país, na industria da automoción, na industria naval, nas industrias agroalimentarias, na industria da madeira, todo. Temos unha proposta concreta e específica.



Mire: ¿de verdade que nos van seguir tomando o pelo durante moito tempo? ¿Van vostedes presentar o Estatuto electrointensivo, para coñecelo? Xa non lles pido que o aproben, pero polo menos coñecelo. ¿Por que se nos oculta o prezo da luz ás industrias en Galicia? A Megasa, a Ferroatlántica, a Alcoa. ¿Van presentalo ou non?

Imos poñer orde nunha transición ecolóxica xusta no tema da térmica das Pontes, ¿si ou non? O alcalde das Pontes e eu estamos de acordo. Vostede está de acordo, ¿si ou non?

Cada minuto que pase, que o Ministerio de Industria e de Transición Ecolóxica non ensinen o borrador das industrias electrointensivas, é un minuto máis cara ao peche de Alcoa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E dígoo moi seriamente, señor Caballero, moi seriamente.

Non conte comigo para isto, non vou pasar por aí. Non vou pasar por aí simplemente por unha deixadez e unha obsesión ideolóxica coas industrias electrointensivas. Non, non conte comigo para iso, ¡eh! ¡Nin de broma!

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non lle tome o pelo ao país, nin lles tome o pelo aos galegos. Vostede pode insultarme o que queira. Agora, tomarlles o pelo aos traballadores de Galicia, non conte comigo para iso.

E o Partido Socialista volve estar nunha encrucillada. Se quere volver desmantelar a industria electrointensiva e a industria enerxética de Galicia, do mesmo xeito que fixo coa industria naval en Ferrol, iso formará parte da biografía do Partido Socialista Obreiro Español; da biografía do Partido Popular e do presidente da Xunta, en ningún caso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.





(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para demandarlle:*

*1. Convocar, de maneira inmediata e en coordinación cos organismos competentes da Comunidade Autónoma, unha mesa de traballo e diálogo da que formen parte persoas representantes da empresa Alcoa en San Cibrao (Lugo), dos traballadores e das traballadoras e das administracións competentes, coa finalidade de atopar unha solución de futuro á fábrica de aluminio que garanta a continuidade e viabilidade da mesma, así como a dos postos de traballo.*

*2. Aprobar, con carácter urxente, o Real Decreto do Estatuto de Consumidores Electroativos, unha normativa que debe aspirar a que a industria española electrointensiva teña un prezo certo e garantía sobre o mesmo a futuro, sendo clave a estabilidade dos prezos, evitando a volatilidade nos mesmos e que afecta directamente á viabilidade e ao interese de potenciais investidores interesados en adquirir as fábricas existentes e/ou acometer investimentos para establecer con vocación de futuro novas actividades electrointensivas.*

*3. No marco do Estatuto de Consumidores Electroativos:*

*a) Realizar os cambios regulatorios necesarios para o establecemento dunha tarifa regulada de enerxía para uso exclusivo das industrias/actividades cualificadas como electrointensivas de acordo coa lexislación española e Comunitaria.*

*b) Realizar os cambios regulatorios necesarios para adecuar o servizo de Xestión da Demanda de Interrompibilidade, para que responda estritamente as necesidades derivadas da seguridade do sistema eléctrico español, reducindo o volume de potencia interrompible, limitando o valor máximo da retribución pola prestación do servizo e flexibilizando as condicións de execución da redución de demanda de forma que sexa efectivamente un sistema de xestión da demanda ademais de cubrir situacións de emerxencia».)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei dous novos puntos:*

*«3º) Dotar Galiza dunha Tarifa Eléctrica Galega que a través dunha rebaixa nas peaxes de transporte permita a compensación polo impacto económico, ambiental e social da produción de enerxía facilitando a competitividade do sector industrial.*



4º) *As liñas básicas das reclamacións remitidas polo Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao en marzo de 2019 que a Xunta de Galiza asume como propias:*

1. *Modificar o sistema tarifario para que as industrias hiper-electrointensivas non soporten as seguintes peaxes que non forman parte do custo de produción da enerxía: Primas renovábeis, custes extra-peninsulares, pagos por capacidade, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario. Peaxes que deben ser asumidas polos Orzamentos do Estado para non repercutir no resto de consumidores.*

2. *Por esta rebaixa no prezo da tarifa eléctrica, co esforzo social que supón pasar estas peaxes aos Orzamentos, as empresas, que se acollan a esta tarifa, deberá manter o emprego propio e fixo en todos os seus centros de traballo., así coma que garantan a adecuación ás novas tecnoloxías. Medidas que deben ser controladas pola Administración Pública.*

3. *Con cargo aos Orzamentos do Estado, a industrias hiper-electrointensivas terá a máxima compensación permitida pola UE, por CO<sub>2</sub>, por competir con industrias semellantes instaladas noutros países onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.*

4. *Lexislar as opcións de contratos bilaterais entre as empresas hiper-electrointensivas e as compañías eléctricas segundo o modelo francés que permite asinar contratos a longo prazo, 10 anos. Favorecendo así plans industriais e de investimentos.*

5. *Ademais, para producir unha rebaixa xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico, haberá que retirar do mercado maiorista (pool) as centrais hidráulicas e nucleares, que pasarán a cobrar por custes recoñecidos a proposta da CNMC.*

6. *De manterse algún tipo de compensación pola interrompibilidade dentro do regulamento do Estatuto de Consumidores Hiper-electrointensivos esta será como mínimo de carácter trianual.*

7. *Até entrada en vigor desta nova tarifa, que é urxente e inaprazable, manteranse con carácter transitorio para as industrias electrointensivas as poxas anuais da interrompibilidade, mantendo a media dos importes dos últimos anos, cos mesmos bloques e recuperando o preaviso de parada de 2 horas».*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei a seguinte epígrafe:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir o acordo plenario do 25 de setembro de 2019, particularmente respecto do impulso dunha mesa de traballo conxunta».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Establecer unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para esixir a activación das cubas suspendidas e garantir o mantemento do emprego e da actividade industrial, en tanto se prolongue a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2º. Impulsar a creación xunto con grupos políticos e axentes sociais e económicos dunha Mesa da Industria Galega que incorpore expertos nacionais e autonómicos xunto cos referidos axentes impulsores, e que teña por obxecto conformar un pacto polo futuro da industria galega 2020-2024, que será suscrito por todos os seus membros e aprobado polo Parlamento de Galicia. A execución do pacto e das súas liñas de actuación requirirá do orzamento correspondente que porá a disposición a Xunta de Galicia, detallado para cada exercicio.

3º. Apoiar ao Goberno central nas medidas urxentes en curso sobre o marco enerxético para paliar a crise da industria electrointensiva galega, en especial:

a) A elaboración e aprobación do estatuto do consumidor electrointensivo.

b) A planificación dunha regulación estable que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego.

c) Ter en consideración, para un futuro sistema enerxético, o papel produtor de Galicia, e o seu eventual resarcimento polos custos ambientais e sociais de apoiar á xeración».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vega.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moi bos días.

Grazas, presidente.

Señores parlamentarios.

Hoxe traemos ao Pleno unha iniciativa ante a crecente preocupación que existe na comarca da Mariña. O futuro de moitas persoas e veciños, veciños nosos, que conforman esta comarca está en risco. Todo como consecuencia dunha falta de acción dun Goberno —o Goberno de Sánchez— incapaz de aportar solucións, e máis se cabe ante a visita da ministra no día de onte, que non supuxo ningún anuncio para solventar o problema de Alcoa.

Creo que é conveniente posicionarse, e xa o fixo esta mesma cámara por unanimidade en diversas ocasións. Pero a realidade, ¿cal é? Que hai un Goberno central que non tomou ningunha decisión en beneficio dos traballadores. Os obreiros —fíxense ben nesta palabra, señores do Partido Socialista— maniféstanse e reivindicán unha rápida acción. ¿Sabe que lles din os obreiros en Alcoa? Dinlles que vostedes están anunciando, pero que non toman ningunha decisión. Estamos cheos de boas palabras, pero queremos compromisos e solucións xa. Non llelo digo eu, non llelo di este grupo parlamentario, dínllelo os obreiros e dillelo o comité de empresa. (Aplausos.)



En consecuencia, o único que pedimos é menos fotos do señor Caballero e máis feitos do Consello de Ministros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A actuación deste goberno e a realidade dos feitos demostran que España nin ten política industrial, nin ten política enerxética, con consecuencias imprevisibles para Galicia e para miles de obreiros, que están abandonados, que están ¡abandonados! —subliñen isto—, porque o Partido Socialista e toda a esquerda non pensan neles.

Os galegos e as galegas, tampouco a veciñanza da Mariña e da provincia de Lugo, merecemos un Goberno central que se dedica a curtocircuitar o futuro industrial de Galicia.

¿Saben que está en xogo? —É unha boa pregunta—. As factorías coas que a multinacional Alcoa conta na localidade cervense de San Cibrao, para a fabricación de alúmina e aluminio, teñen un carácter estratéxico, por canto constitúen o principal motor económico e laboral da Mariña lucense, un dos máis importantes, o 32 por cento do produto interior da provincia.

Estamos a falar da principal fonte de emprego en directo, 6.000 indirectos e 2.000 directos. Estamos falando de 2.000 persoas na comarca da Mariña que reivindican acción, 6.000 persoas que reivindican que un Goberno governe, que actúe e que non se poña e escolla unha postura de perfil.

Un dos principais factores que afecta a competitividade e o futuro desta compañía ten que ver co custo enerxético, co custo da electricidade, xa que para transformar a alúmina en aluminio é preciso un proceso de electrólise, que precisa de moita demanda enerxética. Só Alcoa-San Cibrao ten un consumo equivalente a trinta mil fogares, ao redor dun corenta por cento dos custos de produción. A factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da conta de explotación da factoría, e os elevadísimos incrementos do prezo que está a ter lugar nos últimos meses poñen en risco a viabilidade e o futuro deste complexo industrial. E todo sen que o Goberno central adopte medidas; si promesas electorais, pero nunca unha medida concreta para Alcoa, e en consecuencia para a Mariña. Entre elas, a aprobación do real decreto que incorpora o Estatuto de Consumidores Electroativos.

Si, señora Otero —que vostede é veciña da Mariña—, tome nota. A figura do real decreto, esta ferramenta normativa, debe establecer unha combinación de medidas que protexan a competitividade das empresas, das compañías altamente dependentes da enerxía, abaratando o custo final da subministración; unha variable especialmente necesaria para empresas que compiten nun mercado global.

Neste momento, o prezo da electricidade en España é moi caro, moito máis elevado que en Alemaña e en Francia, directos competidores. Estamos falando dun prezo de luz de 50 euros, e tiña que estar entre 30 e 40 euros. Polo tanto, é inviable, e corre risco de peche Alcoa.

Con todo isto, o borrador deste real decreto presentado o pasado mes de marzo polo Ministerio de Enerxía e Transición Ecolóxica non foi satisfactorio para ninguén, porque recortaba o sistema de apoio actual e non incorporaba as demandas do sector. E a Xunta validou e presentou coas empresas electrointensivas as alegacións para que o futuro estatuto incluía as propostas de Galicia, sen que ata o de agora obtivera cumprida resposta.



Se o Goberno realmente quere atopar unha solución, que cumpra os mandatos desta cámara e as peticións dos traballadores.

E preguntámonos, ¿por que non convoca a mesa de traballo en Madrid e incorpora a ela o comité de empresa, o Comité de Alcoa en San Cibrao?

Tamén nos preguntamos: ¿por que este goberno anuncia unha ampliación das compensacións de gastos indirectos do CO<sub>2</sub>, cando nin sequera pagou os 90 millóns de euros que xa teñen aprobados este ano? ¿Por que hai anuncios electorais e non hai un compromiso real? Nós pedímoslle que incrementen de 90 millóns de euros a 200 millóns de euros, pero ¡paguen xa os 90 millóns de euros que teñen aprobados! (*Aplausos.*) ¡É hora de que o Goberno central tome decisións! O problema non é que o Goberno central estea en funcións, o problema é que o Goberno non funciona. ¡Ese é o problema! ¿Por que cambiou tanto o conto? ¿Por que modificou todo? Non é a primeira vez que na factoría lucense existen tensións como consecuencia do prezo da electricidade, pero nesta ocasión a situación é moito máis grave, derivada da inactividade do Goberno central ou das decisións políticas como as que desde o Executivo estatal cuestionan o futuro das empresas produtoras de enerxía sen alternativas viables a prezos competitivos.

A situación actual contrasta co acontecido durante os sucesivos gobernos do Partido Popular, si, que sempre intentaron buscar a mellor solución posible en apoio da industria electrointensiva, coas negociacións entre o señor presidente Rajoy e o presidente internacional de Alcoa, co establecemento de medidas de apoio para poxas por interrompibilidade, que hoxe perderon competitividade e, como consecuencia, temos o desorbitado prezo da luz, coa compensación dos custos indirectos do CO<sub>2</sub> ou —señora Otero, vostede é veciña miña da Mariña e sabe que o que lle vou dicir é unha verdade solemne— coa construción do gasoduto da Mariña, que abaratóu de xeito significativo o custo enerxético da factoría da Mariña. Ademais, a día de hoxe a situación vese agravada tendo en conta que a multinacional xa se desprendeu das factorías emprazadas na Coruña e en A Vilés, ou coa decisión que nunca antes realizara esta factoría: cerrar 32 cubas da factoría de San Cibrao.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta esta iniciativa que se fundamenta en dous puntos de acordo: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e demandarlle: 1) Realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo nas factorías de Alcoa-San Cibrao; 2) Garantir un marco enerxético estable e competitivo, e aprobar de xeito inmediato o Estatuto de apoio ás empresas electrointensivas, no que se incorporen as alegacións presentadas en conxunto pola Xunta de Galicia e as compañías galegas».

Eu creo que é moi claro o que acabamos de pedir. Eu creo que poden votar afirmativamente, non estarían votando afirmativamente a este grupo parlamentario, simplemente, estarían votando afirmativamente polo futuro da comarca e, en consecuencia, polo futuro de todos os galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vega.



Por parte dos grupos parlamentarios, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Vega, con todo o respecto que sabe que lle teño, para estar tan preocupados desde o Partido Popular podían terse esmerado un pouco e traballar un pouquiño máis para esta iniciativa. Porque o que propoñen hoxe non é nada diferente ao que xa temos votado varias veces, nin ao acordo que subscribimos o pasado 25 de setembro. Debe de ser que estiveron moi ocupados con esa cuestión das fotos. Eu non llo ía comentar, pero, xa que insistiu tanto, ¡home!, para fotos, as que saca o Partido Popular na porta de Alcoa sen ningún traballador, como na pasada fin de semana, señor Vega. *(Aplausos.)* Polo menos onte xa incorporaron un pouco máis de seriedade ao posado.

Pero, a verdade, onte alporizábanse porque eu facía miñas as palabras do señor Conde, que dicía que non valera para nada a visita de Feijóo a Alcoa. E hoxe teño que volver repetilo: ¡non valeu para nada!, porque é un presidente sen peso político, porque onte non veu dar a cara a este Parlamento galego porque non lle deu a gana dar a cara diante da crise industrial; porque non ten máis alternativa que facer de oposición da oposición, e de oposición ao Goberno central. ¡Pero de boquilla! Porque logo á hora de exixir alternativas o único que se lle ocorre é chorar permanentemente pola cuestión do Estatuto das electrointensivas. E —digo eu— creo que a esta altura xa ninguén, nin o propio Partido Socialista, confía en que saquen ese Estatuto de electrointensivas algún día. Eu empezo a pensar que o Estatuto de electrointensivas é coma Deus. Ata que o vexa, ata que vexa unha proba irrefutable, eu, desde logo, non vou crer nel.

E, polo tanto, se iso non nos vale, se esa vía non vai salvar Alcoa, deberíamos elevar un pouco máis o debate, deberíamos empezar a pensar no que queremos para que Alcoa siga funcionando. Nós insistimos: non é normal que sigamos pagando estes prezos da enerxía sendo excedentarios, insistimos nesa cuestión. Xa sabemos que vostedes prefiren seguir sendo «dependentistas» do Estado e que, mentres outras industrias —como a vasca— non teñen este problema, nós o sigamos tendo.

Pero, en todo caso, introducimos na nosa emenda outras alternativas, alternativas do propio comité de empresa, co que onte estiveron reunidos e reunidas, a alternativa que nos remitiron a todos os grupos da Cámara o pasado mes de marzo e que vostedes votaron en contra xa neste Parlamento naquela altura. Hoxe están a tempo de rectificar. Os traballadores e traballadoras poñen cuestións serias enriba da mesa, como ese pago inmediato do CO<sub>2</sub>. Aí estamos de acordo. ¿Por que non se adianta xa ese pagamento? Pois incluámolo na proposta que imos votar hoxe.

Pero tamén hai outras cuestións que eles presentan, como reducións específicas en peaxes, como quitar tamén da tarifa industrial algunhas cuestións concretas que se detallan para abaratalo. Son propostas concretas, sete, que se anexan nesta emenda que presentamos desde o BNG, facéndonos eco, e que vinculan todas as vantaxes que se lle ofrecen a Alcoa ao mantemento dos postos de traballo. Aprendamos algo do pasado, aprendamos do pasado e vinculemos esa cuestión. Tamén hai elementos como os contratos bilaterais, elementos como retirar do mercado maiorista as centrais hidráulicas e nucleares e tamén así abaratar a factura, etc.



E respecto da subasta de interrompibilidade, claro, vostedes veñen aquí coma se nunca, «xamais dos xamases», gobernarán no Estado español. Entón eu recordo —por se non o entenderon cando llo dixó a señora Pontón ao señor Feijóo— que foron vostedes os que mudaron unha tarifa industrial por unha tarifa mediante o mecanismo de interrompibilidade, que é unha ruleta rusa. E, por riba, vostedes reduciron o prazo. Foi o señor Rajoy o que cambiou as inestables subastas dun ano por subastas de seis meses. Entón asuman a proposta dos traballadores e traballadoras de Alcoa, falemos, cando menos, dun marco trienal en canto non nos poñamos de acordo con outro marco do sector eléctrico. Pero a verdade é que é cansino xa que veñan vostedes aquí exclusivamente facer a súa mensaxe electoral e sen ningún tipo de rigor buscando unha alternativa. Porque nós estamos de acordo coas críticas que vostedes fan ao Goberno central nunha maioría das cuestións que poñen enriba da mesa, porque hai críticas razoadas e razoables que, desde logo, nós exiximos tamén ao Goberno central. Pero, desde logo, ten que haber unha alternativa por parte da Xunta de Galiza que sexa máis que chorar de cara á galería e sen exercer ningún tipo de poder político. E logo, pola porta de atrás, eu sigo convencida de que vostedes se alegran e se felicitan todos os días de que governe en Madrid outro partido político para ter a quen botarlle as culpas. Pero, desde logo, con posados en Alcoa, con ou sen traballadores, desde logo, non imos a ningún lado. O que teñen vostedes que asumir é que as mesmas receitas fracasadas de sempre foron as que nos levaron a esta situación. E que, máis alá da súa obediencia e pleitesía que teñen ao marco centralista e ao que lles diga o señor Casado desde Madrid, terán que dicirlle vostedes a el que se deixe de caralladas, facer valer este país e que, desde logo, a nosa industria ten que ter todas as chaves para ser competitiva.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero iso non pasa por vir aquí única e exclusivamente a repetir os clixés que dixó o señor Feijóo á primeira hora da mañá...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...pasa por ver alternativas cun pouco de seriedade. Entón, eu xa non lles pido que asuman as que propoñemos o BNG, pero, polo menos, incorporen á súa emenda as propostas que veñen do comité de empresa e fagan algo serio por unha vez. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

En primeiro lugar, quero dicir que dende o Grupo Común da Esquerda concordamos co que plantexa esta iniciativa malia que entendemos que está incompleta, e por iso presentamos unha emenda que explicarei despois. En todo caso, concordamos no fundamental. Nós mesmas,



dende o noso grupo parlamentario, temos presentado numerosas iniciativas neste sentido, xa que defender a industria e os postos de traballo é unha prioridade deste grupo parlamentario.

Porque, señoras e señores do Partido Popular, señor Vega, vostede pode traer esta iniciativa e mesmo pretender que non teñen ningunha responsabilidade. Pero, verá, a xente sabe perfectamente que levan gobernando este país na última década, máis todos os anos que gobernaron antes, que gobernaban no Estado ata hai practicamente nada e que foron vostedes os que regularon o mercado eléctrico como para vir dicir aquí que non teñen ningunha responsabilidade.

E, non, non é certo —como di na súa iniciativa— que as poxas de interrompibilidade estiveran resolvendo o problema, nin esas negociacións de alto nivel das que fala na súa exposición de motivos. A interrompibilidade foi un mecanismo que nunca satisfizo as empresas electrointensivas pola inestabilidade que supoñía. Isto é, os problemas de Alcoa viñan de longo e vostedes non fixeron absolutamente nada para resolvelos. É verdade, agora agraváronse. Pero aquí hai responsabilidades claras de ambos lados, para o Goberno do Partido Popular —que está permitindo o desmantelamento industrial deste país— e para o Goberno central. O Goberno de Pedro Sánchez prometera un estatuto electrointensivo aínda en campaña electoral, un estatuto que aínda non chegou. E —hai que dicilo claramente— o señor Sánchez está fallándolle á xente de Galicia xa que os compromisos quedan unicamente en anuncios, en papel mollado, ou en fotos de campaña electoral, como a de onte da señora ministra co señor Feijóo na visita tardía —pedida moitas veces— a San Cibrao.

E está vostede, señor Vega, para falar de fotos, porque onte foron os dous, foron o Partido Socialista e o Partido Popular do brazo facerse fotos a Alcoa para non poñer ningunha solución enriba da mesa, e curiosamente no mesmo momento, no mesmo día, en que os traballadores de Alcoa estaban declarando en Ferrol pola aplicación da súa lei mordaza, que iso serve para perseguir a clase traballadora que defende os seus dereitos. Igual, señor Vega, se quería comprometerse tanto cos traballadores, puido ter pasado por alí, que seguro que o recibían de bo grado. Aproveito para expresarlles unha vez máis todo o noso apoio. É unha vergoña que se persiga xudicialmente a traballadores que defenden os seus dereitos, que defenden tamén a necesidade do estatuto electrointensivo.

Como aquí se dixo, un dos principais problemas que afronta moita industria deste país é o elevado prezo da enerxía, nun país no que somos excedentarios, e que nalgún caso supón ata o 50 % dos custos de produción. Por iso urxe a aprobación do Estatuto de Consumidores Electrointensivos, un real decreto que a día de hoxe tan só é un borrador que recibiu un montón de alegacións e que polos propios afectados foi cualificado como insuficiente para asegurar a competitividade da nosa industria fronte á de países como Francia ou Alemaña. A propia Alcoa dixera que non bastaba ese borrador.

Señores do Grupo Socialista, a escusa de estar o Goberno en funcións neste caso, para isto, non serve. Tiveron tempo para telo aprobado e urxe que se comprometan. Hai que traballar para abaratar o custo da enerxía que precisa a industria, mais tamén, por suposto, exixirlles aos gobernos que fiscalicen a continuidade das mesmas, que as condicións favorables que se lle dan á industria vaian ligadas a algún compromiso de continuidade. Non pode ser que o diñeiro público se regale unha e outra vez a industrias que non se comprometen co mantemento dos postos de traballo.





Por iso, ¿que propoñemos na nosa emenda? Pois, en primeiro lugar, convocar unha mesa de traballo e diálogo cos representantes da empresa, dos traballadores e das traballadoras, e das administracións competentes coa finalidade de atopar unha solución de futuro para a fábrica de aluminio que garanta a continuidade e a viabilidade da mesma, así como a dos postos de traballo. En segundo lugar, aprobar con carácter urxente o Real decreto do Estatuto de Consumidores Electroativos, unha normativa que debe aspirar a que a industria española electrointensiva teña un prezo certo e garantías sobre o mesmo cara ao futuro —sendo clave a estabilidade dos prezos para dar certeza ao sector, que é o que demandan—. E, terceiro, realizar, no marco do Estatuto de Consumidores Electroativos, os cambios regulatorios necesarios para o establecemento dunha tarifa regulada da enerxía para uso das industrias ou actividades cualificadas como electrointensivas de acordo coa lexislación española e comunitaria; e realizar os cambios regulatorios necesarios para adecuar o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade —que, como dixen, nunca foi satisfactorio para a industria— para que responda estritamente ás necesidades derivadas da seguridade do sistema eléctrico español, reducindo o volume de potencia interrompible, limitando o valor máximo de retribución pola prestación do servizo e flexibilizando as condicións de execución da redución da demanda, de forma que sexa efectivamente un sistema de xestión de demanda ademais de cubrir situacións de emerxencia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días.

Bueno, señor Vega, ¡vaia papelón! Porque vostede veu aquí falar de oídas sen ter escoitado os representantes legais dos traballadores. Porque ¿cantas veces se reuniu vostede co comité de empresa nestes últimos meses? ¡Ningunha! Máis alá desas peregrinacións que fan ata a porta da factoría, pero para non reunirse con ningún representante legal dos traballadores, só para facerse a foto os cargos do Partido Popular na provincia de Lugo.

E digo que fala de oídas porque, ademais de non reunirse cos representantes legais dos traballadores, parece que tampouco fala co presidente da Xunta de Galicia. Porque vostede aquí acaba de dicir que o Goberno de España non vai pagar os custos do CO<sub>2</sub>. Miren, miren, a ministra trasladoulles onte, tanto aos representantes legais dos traballadores como á dirección de Alcoa, como ao propio presidente da Xunta de Galicia, que esas axudas, eses custos, ían ao Consello de Ministros o próximo venres. E o presidente da Xunta mentiu nesta Cámara ao dicir que non sabía nada. (*Aplausos.*) E tamén mentiu cando dixo que non sabían nada do estatuto de electrointensivas. Porque, por certo, a ministra onte sacou o compromiso e xa se creou unha mesa de seguimento propia de Alcoa-San Cibrao, que non se vai celebrar en Madrid, non; vai celebrarse en Lugo, vai celebrarse en San Cibrao e van estar a Xunta de Galicia, a empresa, os sindicatos e tamén o Goberno central. E nesa mesa de seguimento, que



vai ter a primeira reunión en breves datas —que se vai poñer esta semana—, díxose que na primeira reunión se vai presentar ese borrador de estatuto de electrointensivas, ¿vale? Entón, vaise presentar, pero o presidente da Xunta coñéceo, díxollo onte a ministra de Industria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, claro, aquí o presidente di que non se pode mentir na Cámara, pero el mente reiteradamente.

E, miren, este goberno, o goberno de Pedro Sánchez, foi o primeiro goberno que apostou por este estatuto de electrointensivas, foi o que... (*O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, foi o que puxo na axenda...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, señor Vega! Ten despois outro turno. ¡Silencio!

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Foi o que puxo na axenda política o estatuto de electrointensivas. ¿Fixeron vostedes algo antes nos sete anos e medio de goberno de Mariano Rajoy? Non fixeron nada. Polo tanto, vamos ver, foi o goberno socialista o que puxo este estatuto enriba da mesa.

Xa sei cal é a súa estratexia. E vostedes ben saben que este estatuto non se pode aprobar por un goberno en funcións. Van seguir mentindo, van seguir faltando á verdade, porque vostedes ben saben que nin pola lei do Goberno de 1997 nin tampouco polos informes do Consello do Estado nin pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional se pode aprobar.

Pero, miren, o real decreto que se aprobou en decembro de 2018 foi xa a primeira medida para poder aprobar este estatuto de electrointensivas. E puxéronse máis medidas encima da mesa, como que estas empresas que reciban estas axudas teñan que manter o emprego durante tres anos. Estas son medidas que está poñendo o Goberno central enriba da mesa. ¿Que fixeron vostedes —porque agora urxen a aprobar este estatuto de electrointensivas—? Si, dígolles o que fixeron vostedes, porque, mire, señor Vega, tampouco é verdade que nunca en Alcoa se viviran situacións de crise que levaran a parar cubas. Infórmese. Houbo outras situacións. E ¿que fixo o goberno do Partido Popular? Poñer parches, porque nunca puxeron unha solución definitiva enriba da mesa. (*Aplausos.*) O que están a pedir os representantes legais dos traballadores é un marco enerxético estable, e vostedes só foron poñendo parches. E estes parches lévannos agora a esta situación que está a atravesar Alcoa.

Miren, sobre os custos de CO<sub>2</sub>, increméntanse, dúplícanse, as axudas a 180 millóns de euros, que é o máximo que permite a Unión Europea. E miren tamén outra cousa —porque tamén se falou onte, e parece que non teñen esa información—, Alcoa-San Cibrao vai recibir todo o que pediu polos custos de CO<sub>2</sub>. Polo tanto, deixen de mentir. Ademais —tamén se falou aquí pero parece que o señor Vega non o coñece—, aprobáronse 200 millóns nas subastas de interrompibilidade. Polo tanto, deixen de mentir. É que, miren, o único que lle pedimos ao Goberno da Xunta de Galicia, e xa que non van facer nada, é que, polo menos, non poñan paus nas rodas a un goberno que está traballando a prol da industria electrointensiva. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

Remate, por favor.



**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Polo tanto, un pouco de rigor e de lealdade institucional. Iso trasladoullo tamén a ministra...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...ao propio presidente da Xunta nunha carta que lle enviou.

Por favor, lealdade institucional, como noutros momentos [...] (*Inintelixible.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** E, mire, nós sempre imos estar ao lado dos traballadores e loitando...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...polo mantemento do emprego en Alcoa-San Cibrao.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Polo Grupo Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal, aínda que había outro que xa quería pasar antes.

Querían deixalo sen falar, señor Casal. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

**O señor CASAL VIDAL:** Xa vin, xa vin. Non nos quere ninguén. É terrible isto. (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, imos poñernos serios, que o asunto é moi serio. A situación, efectivamente, é moi preocupante. A empresa, por primeira vez, informa que o complexo integrado de alúmina-aluminio pode entrar en perdas este ano. É a primeira vez, porque é verdade que algunhas veces tiña perdas alúmina e outras veces tiña perdas aluminio, pero sempre o resultado consolidado era positivo.

Pero o problema non é só o enerxético, de verdade. Olvidaron vostedes moitas outras cousas que si son competencia tamén deste Goberno. Evidentemente imos apoiar a proposta, porque xa a votamos a favor tres veces. Vale, non sei se era oportuno repetila, pero a vostedes párecelles ben, dentro da súa axenda, traela por terceira vez e, por suposto, votaremos a favor. Pero olvídanse do que son as responsabilidades da Xunta de Galicia.

E onte, para rematar, a ministra de Industria trouxo máis incertezas que solucións. Puxo en cuestión que se poida sacar a subasta de interrompibilidade de decembro. Parece ser que din que teñen problemas coa Unión Europea para sacala a adiante. Despois dixo tamén que o estatuto faría baixar o megavatio/hora aproximadamente aos 40 ou 45 euros. Pero non dixo



como. Non me estraña. Iso si, afirmou que deberían incrementar as compensacións por dereitos de CO<sub>2</sub> a 176 millóns e que se ía aprobar a semana que vén. A ver se é verdade e o executan de inmediato e completo, porque o ano pasado puideron executar 150 millóns que estaban nos orzamentos e só executaron 92. Entón, esperemos que esta vez si executen a totalidade do orzamento dispoñible.

E xa aproveitando que o Pisuerga pasa por Valladolid, o presidente de Alcoa aproveitou, e eu estou asombrado porque o señor Feijóo o recoñeceu aquí, e tragou que Alcoa pagaba o megavatio/hora a 35 euros no ano 2017. Iso é falso. Nunca se pagou o megavatio/hora industrial en España nos últimos anos a 35 euros. Claro, o presidente de Alcoa quere aproveitar, e que os españois lle paguemos moito máis alá do que sería necesario para que Alcoa fora rendible. Alcoa é rendible entre os 40 e os 42 euros megavatio/hora, o prezo que pagan en Francia. ¿E saben por que pagan ese prezo en Francia? Porque esa é a solución. Xa sei que o repetimos mil veces, pero esa é a única solución. A única solución é sacar a enerxía hidráulica e nuclear do *pool* diario, vendela a prezo taxado e que Alcoa poida facer unha PPA coas eléctricas a un prezo taxado.

Pero, claro, esa é a solución pero iso tocaría os beneficios ilexítimos das eléctricas —o que xa levamos soportando moitos anos—, os beneficios caídos do ceo. E cando se tocan os beneficios das eléctricas entón a defensa dos traballadores de Alcoa e da Mariña debilítase nas filas dalgúns partidos —obxectivamente do Partido Popular, que non quere nin oír falar diso, e non sei se nas filas do Partido Socialista de Galicia, que, de momento tampouco apoiou nunca que a industria nuclear e a industria hidroeléctrica, xa amortizadas, teñan que saír do *pool*—. Esperemos que reflexionen e se dean conta de que esa é a única solución.

Pero as cousas van moito máis alá. Xa hai 32 cubas paradas. Se se chegaran a parar series enteiras, a situación podía ser verdadeiramente moi problemática; sobre todo porque se incumpriría a interrompibilidade, co cal Alcoa tería que devolver os cartos e a cousa podería chegar a unha situación case previa a un posible desmantelamento. Por iso, tómeno en serio. Por suposto, tómeno en serio os señores do Goberno socialista, pero a Xunta de Galicia tamén ten cousas que facer, porque Alcoa ten moitas máis cousas que facer. Porque, claro, no balance da compañía estamos falando dos custos, pero tamén habería que falar dos ingresos. ¿Como se mellorarían os ingresos de Alcoa? Por exemplo, facendo que Alcoa meta o gas na planta de aluminio. O Goberno da Xunta de Galicia levou o gas ata a porta de Alcoa. Eles utilizárono para a alúmina pero non o utilizan para o aluminio. Iso baixaría os custos e melloraría a calidade. Están queimando fuel para quentar os fornos de fundición do aluminio. Iso é inasumible, e a Xunta de Galicia debería dicir: Gastamos a pasta para levar o gas á porta, agora tédelo que instalar.

Tamén hai que plantexarlle a Alcoa que ten que deixar de producir aluminio de baixa calidade, que ten que mellorar os procesos para poder fabricar aluminio que sexa utilizable na aeronáutica, no automóbil, o que non está a pasar neste momento. Ese é o problema. Están vendendo a prezos moi por debaixo do que poderían facer.

Despois hai que exixir a Alcoa que non faga o que xa fixo en maio, porque esta parada eles xa a tiñan previsto en maio e pediron só 335 megavattios interrompibles.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Que a Xunta de Galicia lle exixa que, se hai finalmente subasta, cheguen ao máximo que necesita a planta, a 385.

Resumindo, reclamen ao Goberno do Estado o que ten que facer —por suposto, nós tamén— pero fagan vostedes o seu traballo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...porque parece que xa renuncian a gobernar. ¿Están vostedes xa en funcións tamén?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Vega Pérez.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Poderíalles contestar de forma coral porque o discurso é bastante coral na esquerda, pero, non obstante, voume cinguir a quen ten responsabilidades.

É verdade, señora Presas, con todo o respecto que tamén lle teño, que o seu discurso é continuísta, seguen dicindo o mesmo: a tarifa eléctrica galega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, o coherente é dicir a verdade. Saben que o da tarifa eléctrica é unha mentira, saben que non existe no País Vasco. E saben perfectamente que hai que dicilo porque lles queda cómodo un discurso facilón, pero non é real.

Mire, o dos 90 millóns é unha reivindicación clara, 90 millóns de euros que teñen que pagar; e nós pedimos incrementar a 200 millóns. Polo tanto, xa está. E xa se aprobou nesta Cámara. Polo tanto, se hai un acordo unánime, ¿por que eu lle teño que poñer outra vez nun texto o que xa está aprobado —e o que sabemos perfectamente que este Goberno reivindica—? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, señores da esquerda en xeral, non lles vou contestar porque estaría perdendo o tempo. *(Murmurios.)* E estaría perdendo o tempo porque hai unha magnífica intervención da señora Otero. Dixo ela: ¡Papelón! ¡Oia, papelón o seu! ¡Papelón o seu!

Mire, vostede é da Mariña coma min. Vostede, en consecuencia, tiña que defender os veciños da Mariña. Fixo o uso da defensa do seu amado líder, do señor Sánchez e do señor Caballero. Escolleu defender o señor Caballero en vez dos veciños da Mariña. ¡É escandaloso, é escandaloso! *(Aplausos.)* Sabe perfectamente vostede o que necesita Alcoa: un novo estatuto. ¿Por que non chegou onte, no día de onte, a señora ministra e dixo: Este é o novo estatuto, aquí o teñen? Pero quérenlo ocultar. ¿Saben por que? Porque queren mentir, queren enganar, queren



tapar o que vostedes non saben solucionar. Claro, iso é o que lle pasa ao Partido Socialista. ¡Defenda os veciños da Mariña e non o seu partido, defenda a Mariña, que iso é o importante!

Mire, vostede di aquí que o Goberno Sánchez xa pagou. Pero ¿que pagou? Non, non, vostede di que eu non sei e que co presidente da Xunta non falo. ¡Si que falo! ¿Sabe o que pasa? Que o Goberno Sánchez non pagou os 90 millóns de euros. Xa os ten aprobados, non os pagou. Se non pagou 90, ¿por que lle teño que crer eu a vostede que vai pagar 200 millóns de euros —nin tan sequera aprobalos—? ¡Oia!, é que vostede vén aquí defender un papelón, un papel que lle custou defender. Eu sei que lle custou defendelo, pero, claro, as directrices do amado líder son duras e as directrices hai que seguias. Claro, eu compréndoo perfectamente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VEGA PÉREZ:** Miren —e remato— a solución está moi fácil, aprobemos un estatuto inmediatamente, un estatuto, e o problema está solucionado. Os custos enerxéticos non poden seguir así.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** Temos que abaratarlle os custos a Alcoa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** E, en consecuencia, defenderemos 2.000 postos de traballo e 6.000 indirectos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vega.

**O señor VEGA PÉREZ:** Iso é defender a Galicia. Menos discursos e máis feitos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Vega.

Antes de pasar á seguinte iniciativa, queremos saudar, en nome de todos, os alumnos do IES Alfonso X o Sabio, de Cambre, alumnos dos ciclos formativos de Xestión Administrativa e de Administración e Finanzas. Benvidos ao Parlamento.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-004101, doc. núm. 55437)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Realizar un estudo para comprobar:*

*En primeiro lugar, se os lodos almacenados nas balsas nos montes do Concello de Sobrado dos Monxes estaban tratados con arranxo á normativa vixente para ser utilizados como fertilizante.*

*En segundo lugar, se os solos que estiveron recibindo eses lodos están libres de calquera substancia perigosa para a saúde e/ou o medio ambiente.*

*En terceiro lugar, se os lodos teñen chegado ou están a chegar a zonas de captación de auga e se teñen prexudicado as augas dos ríos Mandeo e Tambre.*

*2. Tramitar o procedemento de inspección aberto polo Goberno galego coa máxima celeridade coa fin de rematalo de urxencia.*

*3. Adoptar as medidas cautelares precisas, tales como o selado preventivo das balsas e a prohibición de acceso á contorna das mesmas».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

A finais de agosto do ano en curso diferentes medios de comunicación escrita fixéronse eco por primeira vez do malestar dos veciños de Sobrado dos Monxes debido ás irregularidades no transporte, almacenamento e distribución de lodos de diferentes procedencias, así como de partidas de produtos que pasan por seren fertilizantes pero que non cumpren con ningunha normativa legal.

Pero este conto, esta situación, non é nova. Hai doce anos que soportamos esta situación anómala e non nos consta que houbo denuncias do Seprona nin de ningún outro servizo de control e protección medioambiental. Estes depósitos, moitos deles camuflados no contorno e dificilmente visibles, espallados polos montes dese concello, non cumpren coas mínimas condicións exixidas e son utilizados como almacenamento antes de ser repartido o seu contido como suposto fertilizante entre algúns labregos, queremos supoñer que ignorantes do perigo que entraña o seu uso.



Estes depósitos e estas prácticas danse a escasa distancia dos nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, sendo o perigo maior cando as choivas son copiosas, xa que as balsas sen cerrar e sen cubrir rebotan e os lodos baixan ladeiras e regatos buscando o río principal. Primeira ilegalidade ou, se queren, irregularidade, porque a señora directora xeral de Calidade Ambiental este venres pasado non lle deu importancia a este feito. Claro que tamén nos indicou que as análises do que alí había estaban dentro dos parámetros dos fertilizantes rexistrados por Agroamb Prodalt S.L., empresa que parece ser que é quen surte a granel estes —de momento chamémoslles— «fertilizantes de alto valor». O que non contou é que o mesmo día das inspeccións este que subscribe visitou dúas desas balsas, e unha delas contiña soro de leite con alto contido de sosa cáustica procedente dun polígono industrial cercano que vertía ao Furelos e que, tras moitas denuncias, optou por botalos nas terras de Sobrado, previa mestura con outros lodos descoñecidos e coa conivencia de sabe o demo quen. Esa empresa láctea ten unha boa participación da Xunta e ninguén nos vai convencer de que a Consellería de Medio Ambiente non sabe nada. Eu atreveríame a dicir que sabe dabondo do tema.

A señora directora xeral de Calidade Ambiental afirmou este venres pasado tamén que o contido desas balsas era en todas e cada unha delas un fertilizante rexistrado pola empresa Agroamb Prodalt S.L. como *Agrothame organite purine*. Trátase dun abono órgano-mineral NK líquido, de clase B, neste caso distribuído a granel. ¿A que queda chulo ese nome tan pomposo? Dan ganas de levalo para a leira dun e botárllelo ás patacas e demais hortalizas da casa. (*Aplausos.*) Pois ben, este pomposo nome é un dos quince diferentes fertilizantes que esta empresa ten rexistrados, ¡quince!

¿Que destapan as balsas clandestinas de Sobrado? Pois destapan un problema moi serio, que non é só en Sobrado; descubren a inutilidade de dúas consellerías, por un lado, a de Medio Ambiente, que non é quen de controlar os lodos de depuración, os lixiviados dos vertedoiros e os refugallo dos dixestatos no traxecto que lle corresponde desde o lugar de emisión ata que chegan á planta de tratamento. Porque estes concentrados perigosos teñen toda unha normativa que deben cumprir, un seguimento por parte da Administración galega. Pois a Consellería de Medio Ambiente non consegue en doce anos que o Seprona e outros dispositivos de control medioambiental detecten nin estas balsas de acopio nin a alegre utilización nos campos de cultivo.

Por outro lado, desde que estes lodos e refugallo chegan á porta de Agroamb, en Castro de Rei, a responsabilidade do control correspóndelle a Medio Rural. Ten que ter unha ficha de recollida coa súa analítica correspondente. Feito o produto —fertilizante, en teoría—, cando saia para as balsas de repartición, deberá levar unha ficha coa analítica correspondente, a guía para o camiión e deberá ser depositado nunhas balsas de acopio debidamente impermeabilizadas, valadas e cubertas. E se non están cubertas, deberán deixar capacidade baleira suficiente como para que a auga da chuvia non faga sobordar o contido. ¿Cantas destas condicións se cumpriron en Sobrado? Ningunha.

Pero aínda hai máis. Cando chegan ao agricultor que vai utilizar estas cousas, a empresa que os fornece ten que levar a analítica e o agricultor ten que ter feita unha análise do solo onde se van empregar, porque é necesario que os metais pesados que ten o solo e mais os do fertilizante non superen os límites permitidos; ademais as fincas deberán estar debidamente





identificadas no SIXPAC. Pero en Sobrado todo era especial. Ás balsas clandestinas camufladas chegaban lodos directamente das EDAR, cambiábase as guías no camiño e non se vendían, non, regalábanse ou pagábanse aos agricultores para que botasen ese lodo.

Pero a señora directora xeral afirmou que todas as balsas descubertas con drones —cinco di ela, nós dicimos que lle faltan dúas; nas nosas contas eran sete— contiñan o famoso *Agrothame organite purine* debidamente acopiado e que non había de que preocuparse. Pero eu podo afirmar o contrario, porque ese día, antes das inspeccións, os deuses da casualidade fixeron que este deputado que lles fala estivese de visita en dúas desas balsas e vise aburbullar unha delas profusamente con burbullas como o tamaño de puños. Se estivesen ocupadas por ese *Agrothame organite purine* non deberan de estar en fermentación, ou o tal fertilizante é falso, porque unha das condicións é que ten que estar inertizado.

Pero hai máis, si, hai máis. As dúas balsas que aparecen nas fotografías da prensa foron baleiradas esa noite e foi trasladado o seu contido para outras sen impermeabilizar, que foron allanadas e mesturado o seu contido con terra. ¿E agora quen contrasta as analíticas feitas? ¿En que se poden basear as nosas acusacións de conivencia e prevaricación? Porque se o material depositado nas balsas era un fertilizante apto para o seu emprego na actividade agrícola, ¿a que se debe que se procedera a baleirar as balsas con tanta rapidez e do xeito en que se fixo, con nocturnidade e aleivosía? Pois a un intento de borrar probas do contrario, que din esas analíticas oficiais. Porque, se non se inmovilizaron, ¿por que non se inmovilizaron, igual que vemos nas películas americanas? ¿Que queren ocultar uns e outros? Pero aquí, nisto, tamén pode haber sorpresas, tempo ao tempo.

«Unha vez máis, vén aquí o Bloque acusando a Consellería de Medio Ambiente de prevaricación». Pois si, dígolles máis, desde o BNG acusamos o Goberno de delincuencia, de irresponsabilidade, porque permite que se xogue coa saúde das persoas e do medio ambiente e sobre todo porque está poñendo en tea de xuízo coa súa permisividade o bo nome dos produtos dos agricultores e gandeiros da comarca que nos ocupa e doutras máis, desgraciadamente, de todo o país. O asunto é serio, señorías.

Continúo. Supoño que non lles escapa que o «lodo *connection*» de Sobrado traballa para Agroamb Prodalt; tampouco lles sorprende se lles digo que a tal empresa deba estar ao corrente destas prácticas e irregularidades porque o seu negocio é ese. ¿Ou o único culpable é o que está na fin da cadea dando a cara en Sobrado para que lla partan e santas pascuas?

Pois desde o BNG pensamos que é necesario que se busquen os responsables deste desaguiado, que se poña orde e que a legalidade se imponha. Non se pode dar por rematado o problema cunhas analíticas dubiosas. Vai ser preciso que as prácticas que poñen en perigo o bo nome dos nosos labregos e gandeiros, do noso leite e da nosa carne sexan liberadas do entredito e da sospeita. Aqueles que enmascaran baixo nomes pomposos fertilizantes que logo non o son e se converten en veneno para as feraces terras agrícolas e para as augas deste maltratado país deben ser desenmascarados e chamados a capítulo pola lei, ¿ou non?

Por tanto, propoñemos un acordo. As dúas primeiras partes xa non son posibles porque «proceder á busca, selado e posterior eliminación das balsas clandestinas» xa se fixo de



noite. «Transportar os lodos e materiais contidos nas mesmas a unha empresa xestora para o seu tratamento», iso está xa tapado. Os dous primeiros puntos podémolos obviar. Pero «efectuar as analíticas pertinentes dos solos que estiveron recibindo eses lodos...» si hai que facelas, e hai que saber ata que nivel de eutrofización e ata que nivel de exceso de metais pesados hai aí neses solos. «Efectuar as inspeccións debidas á empresa responsable deses lodos...», pois, claro, hai que buscar a trazabilidade de todos eses produtos e contrastar con analíticas o tratamento que se lles dá antes de levalos a Sobrado, tamén hai que facelo. E tamén hai que comprobar se os lodos almacenados estaban tratados correctamente.

Hai que cumprir a legalidade. Non é o que nos din un día tras outro, non son legalismos...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vaia rematando.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...é o espírito da legalidade, e o espírito da legalidade consiste en protexer a saúde pública dos cidadáns deste país e o bo nome da nosa maltreita agricultura, da nosa maltreita gandería. Fágano e apoien esta PNL.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Hoxe eu non veño falar de Vulcano, evidentemente, pero como aquí hai deputados e deputadas que están a falar todos os días das mesmas empresas que están en situación complicada está ben que nos acordemos de que Vulcano tamén está nunha situación moi complicada e de que a súa solución depende e dependeu sempre da Xunta de Galicia e, polo tanto, do Goberno do Partido Popular. É necesario tamén dicilo. *(Aplausos.)*

A aquilo de «Vulcano tamén existe», pois, efectivamente, Sobrado dos Monxes tamén existe, e o problema cos residuos en Galicia tamén existe. Esta é unha proba máis de que temos un problema na xestión dos residuos que non se pode fiar a unha lei de residuos que disque levaba xa a conselleira Bea Mato cando era conselleira e que dicía que ía sacar. Pois seguimos esperando esa lei de residuos, que vai ser como o maná, porque vai solucionar todos os problemas de residuos neste país.

«Galicia é verde e aínda vai ser máis verde». Pois con esta situación de residuos utilizados supostamente como fertilizantes Galicia vai ser marrón, máis marrón que verde; ou temos un marrón, probablemente, en Galicia coa xestión dos residuos. Dez anos gobernando, dez anos depositando residuos por aí e un goberno que o fía todo a unha lei futurible. Pero logo: «A nosotros no nos va a dar lecciones la izquierda sobre el medio ambiente». Iso foi o último, a última perla que temos por aí. Logo unha repasa o programa electoral para as eleccións xerais do Partido Popular, o de abril, e resulta que fala de medio ambiente media páxina e de residuos nunha serie de frases que de verdade que requirirían un exame de selectividade: «Pro-



*moveremos un marco legal que permita incrementar las inversiones necesarias para continuar mejorando los sistemas de reciclado». Sintacticamente perfecto. Desde logo, no significado pouco, ben pouco. «Promoveremos en los planes autonómicos de gestión de residuos criterios que prioricen la valorización de residuos, tanto energética como material, frente a su eliminación en vertederos». ¡Fantástico! Claro, logo chegamos a Sobrado dos Monxes e é certo que dende hai anos hai almacenamento temporal de balsas de lodos, lodos viscosos e de cheiro intenso, din as persoas que viven en Sobrado. E algunhas están valadas, outras estaban pechadas con arames e outras estaban sen pechar e supoñen un perigo para os animais e un perigo para as persoas, aínda que sexan moi difíciles —foron moi difíciles— de detectar. Os lodos, cando chove, como non están pechadas, corren monte abaixo, corrían monte abaixo, e tamén, polo tanto, é un perigo para os acuíferos, para a auga e para o medio ambiente e a saúde das persoas.*

Diciamos onte —e mantémolo— que é necesario que a actividade agrogandeira se compatibilice coa protección do medio ambiente e coa protección da saúde das persoas. Nós cremos que a Consellería de Medio Ambiente ten que facer gala da súa transparencia e indagar sobre a orixe e a composición dos residuos, sobre as condicións de almacenamento, sobre se están chegando ou non a zonas de captación —porque, entón, o problema aínda é maior— e sobre se se prexudica ou non o bo estado das augas dos ríos Mandeo e Tambre. Non temos datos. Cremos que, ademais, eses datos que a Consellería pon enriba da mesa teñen que ser compartidos co Concello de Sobrado dos Monxes, coas outras administracións e tamén coa Consellería de Agricultura.

Por iso, temos rexistrada unha emenda de substitución a esta proposición non de lei. Cremos que é necesario que fagan un estudo, en primeiro lugar, sobre se eses lodos estaban tratados de maneira correcta para ser utilizados como fertilizantes, como ben dicía o voceiro do BNG. En segundo lugar, sobre se os solos están libres de calquera substancia que provoque un perigo para o medio ambiente ou para a saúde das persoas. E, en terceiro lugar, sobre se se están a achegar a zonas de captación de auga e, sobre todo, aos ríos Mandeo e Tambre.

Pedimos tamén que se tramite o procedemento de inspección por parte do Goberno coa máxima celeridade e con carácter de urxencia e que se adopten medidas preventivas, medidas cautelares precisas, xa non o selado preventivo desas balsas en concreto, porque, como ben dicía o voceiro do BNG, xa están seladas, pero si, por exemplo, a prohibición de acceso á contorna desas balsas porque supoñen un perigo para todas as persoas que alí viven. Temos que lembrar que nos montes de Galicia hai persoas que van cazar, que teñen animais, e eles mesmos, cazadores e animais, viven fronte ao perigo de caer dentro desas balsas.

Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Pola nosa banda, nada máis.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.



**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Os lodos de depuración teñen a súa orixe en residuos humanos, en residuos industriais, que se verten na forma de augas, e o problema é que teñen organismos e substancias que poden causar un impacto na saúde humana e ambiental cando superan determinados niveis.

Trátase maioritariamente de microorganismos patóxenos, de metais pesados e de compostos orgánicos sintéticos. A falla de planificación na xestión de lodos de depuradora, de planta e de tratamento específico no noso país está a fomentar nos últimos anos as queixas tanto de comunidades veciñais, afectadas polos vertidos dos lodos nas terras de cultivo e nos montes, como da veciñanza en xeral. Veciños e veciñas das parroquias próximas ao lugar dos depósitos néganse a soportar os fortes cheiros que se desprenden dos lodos tras o seu vertido e dubidan das consecuencias que estas prácticas poidan ocasionar, en termos de contaminación, sobre os terreos e os acuíferos dos que se abastecen.

A pesar de que as empresas xestoras teñen afirmado en repetidas ocasións a inocuidade ambiental do depósito de lodos sobre as fincas e as súas vantaxes como elementos fertilizantes, ao longo do tempo creáronse colectivos e asociacións de afectados e apareceron protestas que reclaman responsabilidades ante as administracións, ante os concellos e ante a propia Xunta de Galicia. Nalgúns casos mesmo teñen mandado analizar mostras de lodos a laboratorios por iniciativa propia para coñecer cal é a posible presenza de metais pesados, bacterias ou outro tipo de substancias químicas ou perigosas para a saúde humana, para os cultivos ou para as terras de manexo agrícola, e si, teñen dado positivo.

Estamos a falar de toneladas de lodos industriais ou urbanos que son ciscados cada ano en balsas que non son permeables ou xa directamente no chan cultivable. A comida que comemos desas terras é, pois, producida en chans fertilizados con lodos dixeridos que conteñen substancias perigosas. As consecuencias noutros países foron desastrosas —estamos falando de Canadá, estamos falando de Estados Unidos...—: enfermidades, envelenamento por metais pesados, etc.

Os agricultores e cidadáns responsables están a denunciar esta práctica. Científicos oficiais do Goberno destes países, de Canadá, ao final, obtiveron unha imaxe moi clara do que supuña paralizar esta práctica e de como crecía o problema; un problema que está ben sacalo diante da opinión pública para saber o que debemos facer no futuro.

O fedor xerado polos vertidos, como falou antes a señora Vilán e «Mini», inza as sospeitas entre a veciñanza, que se queixa de que a maioría destes lodos destinados a aboar as terras non están tratados previamente con almacenamento prolongado ou con técnicas biolóxicas, químicas ou térmicas que reduzan a fermentación e os riscos sanitarios, tal e como indica a lexislación actual, que si que existe.

Por outra banda, en relación con este debate, algúns expertos alertan dos problemas de contaminación dos lodos de depuración sen tratar e de que ao botalos sobre terras agrícolas po-



derían pasar á cadea alimentaria e producir, no peor dos casos, alteracións xenéticas, alerxias ou problemas incluso de fertilidade. A carencia ou a transparencia —onte, ademais, falamos do papel dalgunhas administracións aquí, cando debatemos a Lei de abastecemento de auga— da xestión destes residuos por parte da Xunta e as dificultades que atopamos os grupos para acceder á información relativa a esta materia fan ás veciñas e aos veciños en moitos casos recorrer á experiencia e ao coñecemento de distintos colectivos e asociacións de especialistas na xestión de residuos, que conxuntamente teñen presentado xa denuncias ante as instancias administrativas.

A solución, segundo a comunidade afectada, está no cumprimento da lexislación por parte dos xestores dos refugallos e na creación, se cabe no noso país, de máis plantas de tratamento de lodos de depuración que garantan a viabilidade ambiental e agraria na súa aplicación nas terras de cultivo. Mesmo algunhas instalacións de compostaxe de fracción orgánica do lixo están deseñadas tamén para tratar lodos, mais de momento aínda non se recorreu a elas.

Polo tanto, é necesario que á veciñanza de Sobrado dos Monxes se lle arranxe este problema. Está claro que non poden estar soportando ese cheiro, que non poden permitir que se contaminen os seus acuíferos e que non poden permitir que se contaminen os seus terreos de cultivo. Polo que imos apoiar esta proposición non de lei.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

«Galicia calidade», ese foi un dos lemas rescatados polo señor Feijóo no último debate do estado da Autonomía, nesa presentación desa Arcadia feliz, desa Galicia fantástica que só está na cabeza do señor Feijóo. Sacou varios lemas do baúl dos recordos, entre eles «Galicia calidade».

Nesa posición de agochar, de botar bombas de fume para agochar a realidade, esqueceron amosar a realidade que estamos vivindo en Galicia, e a realidade é que non cumpren co seu traballo de inspección e de control; a realidade é que vivimos unha situación de auténtico colapso da xestión ambiental e da xestión de residuos; a realidade é a utilización destes lodos como fertilizantes, que non cumpren coa legalidade; e a realidade é a utilización deste lodos como fertilizantes en usos agrogandeiros.

Eu non sei se no Goberno, cando falan de Galicia calidade, cando se lle veu a ocorrencia de utilizar Galicia calidade, están pensando nestas problemáticas que ten Galicia. Non sei se é así como pretenden protexer a calidade dos nosos produtos agrícolas e dos nosos produtos gandeiros. Non sei se é así como pretenden garantir a calidade da materia prima que, final-



mente, será parte da nosa gastronomía. E, sobre todo, non sei se son conscientes do risco que ten para o medio ambiente e para a saúde das persoas.

Inevitablemente, con esta cuestión temos que falar tamén do ciclo integral da auga, como xa falamos onte, porque hai varias destas balsas que se atopan a menos dun quilómetro do nacemento do río Tambre e do río Mandeo. Non sei se son vostedes conscientes do dano que este tipo de situacións produce no noso territorio, non sei se son conscientes da incidencia que ten a contaminación nos nosos ríos, non sei se entenden a irresponsabilidade que supón contaminar os nosos ríos ou a incidencia que ten a contaminación de metais pesados nas nosas rías e en sectores produtivos tan importantes para Galicia como o marisqueo e como a pesca e non sei se saben vostedes que esta situación pode poñer en risco serio unha zona de altísimo valor ecolóxico-paisaxístico como a reserva da biosfera das Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo.

Onte debatemos nesta Cámara unha proposta do Partido Popular, da Xunta de Galicia, unha proposición de lei de situacións de emerxencia ante a seca, á que tamén lle poderían chamar «Lei de clarexo de competencias e montaxe de tubaxes», porque o ciclo integral da auga quedou totalmente fóra desta lei. Iniciativas coma esta son as que falan do ciclo integral da auga, que vostedes queren obviar. Se queren abastecer —xa llelo dixemos onte—, se queren garantir o abastecemento en períodos de seca e se queren reducir a vulnerabilidade social e ambiental derivadas do cambio climático, hai que abordar dunha vez a conservación ambiental dos nosos ríos e rematar coa contaminación sistemática dos nosos cursos de auga e dos nosos acuíferos. E non o dicimos nós, dino todos os expertos en conservación do ciclo da auga, como o profesor Arrojo, co que colaboramos. Non lle gusta nada ao Partido Popular que colaboremos cos expertos, que colaboremos co único premio Goldman en medio ambiente que houbo no Estado español. Vostedes son máis de colaborar con Agustín Hernández, co señor Aznar e co primo de Rajoy. Pero non só o din os expertos, é que o di a lei, dío o marco lexislativo estatal en materia de augas e dío a Directiva marco de augas: hai que priorizar a conservación do recurso diante das situacións de seca.

Teñen que entender que o seu modelo de xestión de residuos directamente colapsou, que o número inxente de problemáticas medioambientais relacionadas cunha ineficiente xestión de residuos require de accións inmediatas e urxentes. Non pode ser que o noso territorio se estea convertendo nun gran vertedoiro, non pode ser que sigan botando lixo por todo o longo do territorio galego. Basta de política selváticas, basta de que as empresas ditaminen as exixencias legais en materia medioambiental e basta de depredar o noso territorio. E saben vostedes que, ademais dos problemas medioambientais que isto supón e dos problemas de saúde, está levando a multitude de problemáticas de convivencia en diferentes lugares de Galicia. Son innumerables os casos —e coñécenos ben—: pasen polas comarcas de Compostela, por Ordes, por Grixoa, por Touro, vaian a Cerceda e pregúntenlles ás veciñas que tal conviven con todos eses vertedoiros que teñen espaxados polo país e en que situación están. Pregúntenlles se é posible convivir con eses cheiros e con ese nivel de contaminación. E vaian a Sobrado dos Monxes e díganlle á xente que teñen un goberno moi dilixente, que está controlando e que está vixiando que non sucedan este tipo de cousas.

E remato. Nós, evidentemente, imos apoiar esta iniciativa, e se ten algún interese pola conservación do ciclo integral da auga, polo abastecemento e pola situación de seca, o Partido Popular debería votar tamén favorablemente. Veremos o que fan. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Si, señor Cal, non vou perder máis dun segundo dicindo que eu ao señor señor Arrojo lle teño moitísimo respecto, e máis dende que lin as súas contribucións ás políticas hidráulicas, pero o problema é plaxiar o señor Arrojo e non dicilo. E xa está, non quero dicir nada máis. Se vostede está orgulloso e contento do que fixo, ¡alá vostede! Ese é o seu papel.

E papelón tamén, señorías, é o que ten hoxe a esquerda e, en particular, o Partido Socialista. Eu estaba pasmado, despois de saber o que está a ocorrer en Sobrado, da súa intervención, señora Vilán. Eu alucinei. Ou sexa, hai un concelleiro que é o propietario da empresa que fai estes depósitos, co apoio do alcalde, sen ter as licenzas municipais, e vostede vén falar aquí de que se a lexislación de residuos, de que se non sei que... Non, señoría, aquí o que houbo foi que unha persoa actuou, seguramente, cometendo unha irregularidade, ou quizais un delito, do seu partido, e vostede falou aquí das musas, do que lle apeteceu, pero non pediu ningunha exixencia, ningunha responsabilidade a este señor.

Mire, este verán coñecemos, grazas aos medios de comunicación, que a Xunta de Galicia estaba a investigar e a analizar uns depósitos de lodos nas fincas e montes de Sobrado, e grazas a esta publicación e máis tarde á información que proporcionou a directora xeral, soubemos que estamos ante unha alarma e unha preocupación que tiña a veciñanza de Sobrado por estes depósitos e que a Xunta actuou dende o primeiro momento que tivo coñecemento destes feitos.

Ademais, quero lembrarlle que a súa iniciativa é do 10 de setembro, e as publicacións en prensa son do 28, pero os primeiros indicios que tivo a Xunta de Galicia foron a primeiros de agosto, e dende o primeiro momento, a raíz dunha comunicación anónima que a Xunta tivo que indagar para saber un pouco que máis información había, actuouse de forma áxil, rápida, e recabouse toda a información necesaria para que se puidera facer unha investigación exhaustiva que permitira chegar ao fondo do problema.

Utilizáronse todos os medios ao alcance da Xunta: Inspección Ambiental, Policía Autonómica, Axencia de Emerxencias de Galicia, Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, Laboratorio Agrario Fitopatolóxico... Co cal, señorías, a Xunta actuou con todos os medios ao seu alcance, con imparcialidade e con rigor metodolóxico e técnico.

Dito isto, señor Rivas, comparto a súa preocupación ao cen por cento. E claro que lle damos a importancia que ten ao que vostede dixo, a importancia que ten ao que publicaban os medios, a importancia que ten á denuncia que se fixo ante a Xunta de Galicia, e, por suposto, a importancia que ten a que a Xunta de Galicia teña que facer toda esa mobilización de medios para facer análises, para indagar o que está a ocorrer aí e para saber quen fixo eses depósitos.

Non é de recibo que sexa un concelleiro do Partido Socialista o que estea a facer estes depósitos, claro que non; un concelleiro do Partido Socialista que ten o apoio do alcalde de So-



brado, pero que non ten ningún tipo de licenza para facer eses depósitos. Ou sexa, é que, encima, isto xa é preocupante. Por un lado, ten o apoio do alcalde, non ten ningunha licenza para facer estes depósitos e tampouco a censura do Partido Socialista, que parece que está completamente de acordo e, ademais, que quere desviar a atención.

O alcalde coñecía todo o que hoxe estamos a falar aquí, e é cómplice. O concelleiro, ademais, e o alcalde, como vostede ben sinalou, actuaron de forma escura, intentaron ocultar o que tiñan feito, ameazaron incluso aquelas persoas que ían facer as denuncias ou que estaban facendo as denuncias, os titulares das terras, os titulares dos montes, que moitas veces se enteraban despois de que fixeran os depósitos. Vostedes falaban de que lles pagaban, pero moitas veces, polo que nós sabemos e polas reunións que tivemos cos propietarios, se enteraban despois de que fixeran eses depósitos.

Así é como actúan, señora Vilán, o seu alcalde e os seus concelleiros. E vostede debía falar máis desa conduta completamente intimidatoria e completamente irregular dos seus compañeiros de partido. *(Aplausos.)*

Pero vostede é cómplice, vostede e o Partido Socialista son cómplices de manter aí estas dúas persoas, e en vez de pedir a dimisión do seu concelleiro e do seu alcalde, que están a encher a Sobrado de depósitos sen licenza, pois presentan vostedes aquí unha emenda para intoxicar, para enredar, e vén vostede aquí falar da lexislación de residuos. Señoría, hai uns responsables, con nomes e apelidos, forman parte do seu partido, e ademais son cargos, están nas institucións polo seu partido. Non veña aquí confundir. Non o xustifiquen, non o encubran, non sexan cómplices, deixen a covardía e, en vez de ser palmeros, pidan a dimisión, aínda que sexa do seu partido. *(Aplausos.)*

Señor Rivas, para acabar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...xa para finalizar, nós non temos ningún interese en encubrir a ningún concelleiro do Partido Socialista, nós queremos que se chegue ata o final, que se investigue e que o responsable deses vertidos, se hai un delito, o pague; que o pague. Nós non imos participar nesta campaña de intoxicación, neste encubrimento que está a facer o Partido Socialista, señor Rivas, por iso imos apoiar a súa iniciativa, para que se saiba quen é o responsable e que se depuren todas as responsabilidades. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

«Sorprendido estou, o meu can papou unha mosca». Realmente, grazas. Estamos agradecidos a todos os grupos que apoian a iniciativa.





Quero dicirlle á señora Vilán que o que nos propón de emenda está incluso practicamente no acordo que nós temos. Si, está completamente. Respecto de «tramitar con celeridade...», eu aí si que quereda que non se tramitase con esa celeridade á que estamos acostumados, que tapa todo, como se taparon as balsas e punto. Aquí hai que descubrir responsables.

Mire, eu tiña aquí unha cousa moi bonita, é dicir, unha nota de prensa que se sacou rapidamente. Si, unha nota de prensa do Partido Popular de Sobrado en que se fai eco da preocupación, etc., etc. E alégranos moito, pero quero dicirlle que o alcalde era do Partido Popular cando estas balsas estaban xa funcionando e se esparcían... E non só iso, senón outra serie de fertilizantes fumeantes, que teoricamente tiñan que ser inertes e que se almacenan en grandes explanadas. Así é que aquí a culpabilidade é de todos.

Claro que si, que é do Partido Socialista o concelleiro; evidentemente, é do Partido Socialista, pero actúa en nome dunha empresa, e a quen hai que perseguirle a pista é á empresa. Igual que hai que perseguirle a pista a quen transporta de Dairyac cisternas de soro, con sosa cáustica, que se depositan directamente nas balsas, en nome desa empresa á que aludía eu antes. É dicir, aquí para min e para o BNG o problema desta historia é que hai que darlle unha revisión a iso que se está vendendo e tirando polos solos agrícolas como fertilizantes e que moitas veces non o son. É dicir, hai que seguirle a pista.

Mire, non nos chegaría a mañá para ver toda a lexislación que hai para o que hai que facer con estes lodos, toda a prudencia que a lei marca e que non se fai. Non hai traza- bilidade ningunha de todos estes lodos, non se fai nada, absolutamente nada, e ese é o gran problema.

Mire, esa empresa recolle residuos da ADL Biopharma, de León —antes chamada Antibió- ticos de León—; retira augas de lavado coma se fosen lodos de depuradora, e iso pasa a ser parte dos fertilizantes. Esa empresa procesa teoricamente 200.000 toneladas por ano, e non ten instalacións nin para ese procesado nin para ese almacenamento. Hai que actuar, e a Consellería de Medio Ambiente, en vez de estar sentada, ten que andar, ten que moverse, ten que inspeccionar e ten que facer por que a legalidade se cumpra; esa legalidade que tanto nos pasan polos narices pero que non se cumpre. ¡Non se cumpre!

O medio ambiente é a gran materia pendente deste país, e mentres non se tome conta dela estamos perdidíños, ¡pero perdidíños! O de Sobrado é unha gota, só unha gota. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 55452)

*Emenda de modificación.*

*Substituír o punto terceiro polo seguinte texto:*

*«3.- Recuperar o sistema de préstamo universal de libros de texto e aumentar as axudas para a adquisición de material escolar de maneira que a súa contía se axuste ás necesidades reais das familias e do alumnado».)*

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas de adición a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:*

*«4. Recuperar a xestión directa dos comedores escolares por parte da Consellería de Educación, garantindo a gratuidade do servizo e as prazas suficientes para todo o alumnado.*

*5. Impulsar unha oferta pública directa de actividades extraescolares e de ocio nos centros públicos para garantir o igual acceso do alumnado.*

*6. Elaborar un plan que permita garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos, de xeito progresivo, antes de 2022; comezando por garantir a existencia de prazas públicas suficientes e rebaixar o limiar de renda familiar para a exención de taxas en escolas infantís até, canto menos, os 12.000 € anuais, de xeito que ditas familias queden exentas a partir do/a primeiro fillo/a.*

*7. Actualizar e publicar o estudo realizado en 2014 pola Consellería de Traballo e Benestar sobre a pobreza infantil en Galicia, incluíndo un estudo pormenorizado e integral sobre a incidencia na pobreza entre a preadolescencia e adolescencia, de cara a aplicar un plan de choque específico nesta lexislatura.*

*8. Elaborar unha estratexia galega para erradicar a discriminación por razóns de etnia que padece a poboación romaní, co obxectivo de reforzar e afondar nas áreas de emprego, vivenda e educación, marcando como obxectivo reducir, no inmediato, canto menos, á metade a taxa actual de abandono escolar temperán».)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*



*O punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte contido:*

*«3.Recuperar o programa de gratuidade de libros de texto na totalidades dos cursos das etapas obrigatorias».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Hoxe traemos a esta Cámara unha proposición non de lei que entendemos fundamental porque se dirixe ao centro da nosa proposta en materia educativa; isto é, igualdade de oportunidades e equidade educativa.

Hai unha clara relación entre a educación e a igualdade, e tamén o podemos dicir doutro xeito, hai unha relación demasiado clara entre igualdade e pobreza. Os grupos sociais máis pobres son os que menos educación recibiron e os que teñen máis dificultade para acceder a ela e aos seus beneficios. Pero non son os únicos, porque sucede o mesmo con calquera outra diferenza que xera marxinação, como a debida á raza, ao xénero, á cultura, á relixión ou ás actitudes físicas ou intelectuais.

Por uns motivos ou por outros, aínda que o dereito a recibir unha educación universal é universal, hai múltiples diferenzas e desigualdades que o dificultan ou impiden exercelo. Cando se fala de igualdade de oportunidades educativas, está a falarse de dispoñer as cousas ou tomar medidas para que isto non suceda.

Neste senso, a pregunta é clara: ¿cando podemos falar de igualdade de oportunidades no ensino? Podemos considerar que hai igualdade de oportunidades cando todas as persoas teñen as mesmas posibilidades educativas. Neste sentido, pódese falar de catro tipos de igualdade imprescindibles e que a Administración debe de controlar: de acceso, de supervivencia, de resultados e de consecuencias educativas. É dicir, hai igualdade de oportunidades cando todas as persoas teñen as mesmas probabilidades de ingresar no sistema educativo, manterse nel, aprender o mesmo e obter os mesmos beneficios do aprendido. Por exemplo, se os alumnos e alumnas dos programas de formación profesional básica proceden maioritariamente das clases menos favorecidas —sabemos que isto é así—, ou os resultados que se obteñen nas probas de avaliación externa son claramente diferentes nos colexios privados ou nos públicos, parece que as oportunidades ou non foron as mesmas ou non se puideron aproveitar da mesma maneira.

Para nós o obxectivo da igualdade no sistema educativo é irrenunciabile, é unha materia na que non cabe escatimar recursos. Igualdade e tamén equidade, un concepto que cando aplicamos ao ensino, segundo a UNESCO, implica educar de acordo coas diferenzas e necesidades individuais, sen que as condicións económicas, demográficas, xeográficas, éticas ou de xénero supoñan un impedimento á aprendizaxe.

E, miren, se hai un momento no que as desigualdades educativas son especialmente graves é no inicio de curso. Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto, tal e como



establece a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, artigo 4, o ensino básico é obrigatorio e grauíto para todas as persoas, tal e como recolle tamén a Constitución. Se isto fora verdadeiramente así, comezar o curso non debera ser un motivo de preocupación para as familias, sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos en servizos educativos como o comedor ou os libros de texto supoñen un importante desembolso económico para moitas familias. Son os libros, é o material escolar, os uniformes, as actividades extraescolares...., un sinfín de gastos que teñen que abordar as familias e que fan que as facturas se multipliquen e xeren problemas importantes.

Non o dicimos nós, o propio Informe sobre transmisión interxeracional da pobreza da Fundación Foessa explica que se observou unha clara tendencia a reducir as axudas e bolsas relacionadas cos estudos, os libros de texto e os servizos de comedor para os nenos e nenas das familias con poucos ingresos. Isto, señoras e señores deputados, é moi preocupante, é unha situación que vimos alertando dende hai moito tempo. Lembrarán que hai un ano aproximadamente, nunha moción que rexistramos sobre o inicio do curso escolar, xa explicamos a necesidade de ter datos obxectivos que nos permitan facer políticas públicas atinadas. O Grupo do Partido Popular votou en contra sen motivo ningún. Dixo non a ter información, e din non porque saben que os datos poderían deixalos en evidencia.

Así, o que vostedes non fan en canto administración supostamente responsable, ofrecer datos oficias sobre o custo que supón para as familias o inicio do curso escolar, obriga a recorrer a outras fontes, e neste caso atopamos datos de fontes secundarias que indican que o ano pasado a media do inicio do curso escolar fora de 800 euros por familia; unha factura que concordarán comigo en que, nun país que ten uns salarios moi baixos, é demasiado elevada; 800 euros que cómpre poñer en relación coas axudas que habilita o Goberno galego. DOG do 20 de maio, artigo segundo, sobre a asignación de libros e contías de axudas, apartado 3: «A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumando matriculado en educación primaria e en ESO, con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, será de 50 euros». Son 50 euros para unha familia que ten unha renda anual de 5.400 euros.

¿De verdade poden considerar que estas axudas serven para algo? Señoras e señores deputados, dar unha axuda de 50 euros a unha familia cunha renda de miseria parécenos unha esmola inaceptable, unha contía insultante que claramente non serve para garantir o dereito universal ao ensino. É unha vergoña falar de 50 euros, unha vergoña en termos absolutos e unha vergoña, dende logo tamén, en termos relativos, porque podemos compararnos co que están facendo os gobernos autonómicos no resto do Estado. Fíxense, en Andalucía, as axudas para o material escolar son de algo máis do dobre, de 105 euros. En Aragón, en primaria, os estudantes e as estudantes poden recibir 160 euros, e, en secundaria, 230. En Castela-A Mancha, as axudas varían en función da renda, dos 90 euros —as máis baixas— aos 240 euros. Ou na Rioxa, para o alumnado de primaria a bolsa vai dos 100 aos 175 euros, e para os de secundaria dos 150 aos 250 euros. E vostedes defenden axudas de 50 euros. É máis, o ex-conselleiro de Ensino —cando faláramos deste asunto— chegara a dicir no pleno que el non sabía se 50 euros eran moito ou pouco para o material escolar porque non sabía canto gastaban as familias. Calquera diría que fora conselleiro de Ensino; é máis, calquera diría que fora pai e tivera fillos en idade escolar. Sería interesante averiguar, se a conselleira



tampouco o sabe. En todo caso, fíxense, poida que ela non o saiba tampouco. Igual nin as deputadas e deputados do Partido Popular que teñen fillos en idade escolar tampouco saben se 50 euros son moitos ou son poucos. Pero resulta que a cidadanía si que o sabe, e a cidadanía sabe que 50 euros son ridículos para abordar as facturas elevadísimas de material escolar, as facturas que hai que abordar cada inicio de curso; impracticables en moitos casos. Pasen unha tarde por unha librería e comprobén que 50 euros apenas chegan para comprar nin sequera unha carteira escolar, e falta todo o resto.

Pero, miren, na nosa iniciativa nin sequera estamos defendendo unha contía específica; non estamos dicindo que sexan 100 ou que sexan 200, o que pedimos é información, datos reais para poder atender as necesidades reais, porque entendemos que é así como se fan as políticas públicas, con datos claros. O que pedimos é tanto como que as políticas educativas non descansen na arbitrariedade absoluta senón no coñecemento obxectivo da realidade que deberan transformar. Demandamos información veraz e demandamos recursos.

Porén, os datos son os que son, e se hai algo que define a política educativa do Partido Popular é o tesoirazo permanente e a privatización, a aplicación sistemática da doutrina neoliberal de ir reducindo o público. O Goberno popular leva toda unha década recortando o investimento en ensino. Lonxe queda aquel investimento do 4,62 % do PIB que tiñamos cando o señor Feijóo chegou á presidencia do Goberno. Hoxe estamos nun penoso 3,59 %, que —temos que insistir— é unha cifra que nos deixa unicamente por encima de Romanía; unha vergoña que, por suposto, ten consecuencias claras.

E non, non se fai máis con menos, con menos faise menos; con menos hai menos dereitos porque os dereitos custan diñeiro. E, polo tanto, só a protección e a garantía obedecen ante todo a unha decisión política. Son as administracións as que deciden que dereitos protexer e con que grao de intensidade protexelos. E o Goberno de Feijóo decidiu hai moito tempo que o ensino público non era a súa prioridade, fixo unha e outra vez recortes coa escusa da crise económica e deixaron o investimento en ensino moi por debaixo do que tiñamos hai unha década; iso si, o diñeiro para a privada conservouse, e non só iso, senón que aumentou. E iso foi totalmente parello ao aumento do gasto educativo das familias; é dicir, que mentres a Administración educativa reducía os fondos, as familias, por suposto, tiñan que pagar máis e máis. Tanto é así que as familias na última década, no mesmo período no que Feijóo aplicaba unha e outra vez as tesoiras, tiveron que aumentar o 35,5 % dos seus recursos a educar as súas fillas e fillos. Por iso —insistimos— esta é unha iniciativa relevante.

Esta subida dá a razón ao que viñamos denunciando e dá a razón a asociacións como a Confederación das ANPA da escola pública, que denuncian que a educación non só non é a grauíta, como establece a Constitución, senón que cada curso que pasa é máis cara para todas as familias, ata o punto de que por cada 4 euros que pon a Administración as familias teñen que poñer 1 porque, se non, este sistema é totalmente insostible. Cómpre darlle a volta.

Falar de excelencia e non de igualdade de oportunidades cada vez que teñen que defender un modelo educativo é unha decisión puramente ideolóxica que ten consecuencias claras. O que está no fondo é o xiro neoliberal das políticas educativas, transformando as bolsas educativas, unha ferramenta fundamental contra a inxustiza social nunha especie de premio á



excelencia. ¡É un escándalo! Así o fixera xa o seu insigne ministro, que acabou descansando en París, e así o fan cada vez que vostedes teñen que sacar adiante unha convocatoria.

Por eses motivos presentamos a nosa proposición non de lei na que instamos a Xunta de Galicia a:

Primeiro, presentar un informe antes do remate do curso deste ano sobre o custo que asumen as familias galegas cada inicio de curso escolar —saber, básico—.

Segundo, avanzar en novos materiais educativos, de xeito que vaian máis aló dos libros tradicionais. Novos materias que non poden recaer sobre as familias. Non vale que suban aquí e digan: xa estamos co E-Dixgal. Non, non serve, primeiro, porque o E-Dixgal está tendo importantes negocios con certas editoriais. Pero non só por iso, senón porque o E-Dixgal lles supón facturas de 400 euros ás familias cando se rompen os equipos. Isto é un escándalo. Trouxemos aquí a factura, a Consellería decidiu deixar de pagar os arranxos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...e pasar a factura ás familias. É un escándalo que haxa que sufragar que os equipos rompan, e, obviamente, rompen.

E, terceiro, coñecido o custo real do inicio de curso, aumentar as bolsas educativas e axudas de material escolar, de xeito que a súa contía non descansa na arbitrariedade, senón que se adecúe ás necesidades reais do alumnado.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Pois si, efectivamente, 50 euros son ridículos para material, libros, roupa..., e ano a ano o único que vén evidenciar ese inicio do curso escolar é a situación de precariedade na que se atopa gran parte do noso país. A volta ao cole do ano pasado, a do 2018, sinalábase nos medios que era a máis gravosa en tres anos —comentábase—. Sucede que a chamada «costa de setembro» se viu encarecida pola alza dos prezos de bens básicos, superiores á suba dos salarios e das rendas declaradas polas familias galegas. Estas cuestións continúan vixentes en 2019: continúa o aumento dos custos da enerxía e das subministracións básicas e continúa a presión sobre as familias. Efectivamente, non pode haber equidade sen igualdade social. A clase continúa sendo un condicionante no acceso a un ensino en igualdade de condicións precisamente por algunhas cuestións coma estas do custo, do impacto económico do inicio do curso escolar.

Non hai datos fiables elaborados por fontes institucionais, por iso concordamos en que é esencial ter un informe realizado pola propia Xunta sobre os custos do inicio do curso escolar e así graduar as axudas; é unha proposta totalmente racional. Hai unha *web* de aforro que



fixo un estudo que sinalaba que neste curso cada familia galega verá como o regreso ás aulas dos seus fillos e fillas se eleva a 758 euros de media por cada un; isto é o 2,8 % do gasto anual do fogar. E sinalaba tamén que había unha cuestión que incide na falta de equidade, porque se elevou a factura, foise elevando —xa o comentou a propoñente—, no gasto que asumen as familias que acoden a centros públicos, pero nos centros privados reduciuse. Isto tamén o podemos poñer no marco que comentabamos onte de como o profesorado da pública no noso país sufriu unha redución, mentres o da concertada non. Así pois, do que estamos a falar é dun elemento que dramaticamente o que fai é traducir esa precariedade na que está o noso país. Pese ao triunfalismo dos datos, estamos nunha situación na que —xa o comentabamos— o PIB medrou por riba do que o fixo a renda dos fogares galegos, hai unha desigualdade nesta etapa de poscrise. E engadimos unha cuestión, e é que a infancia e a adolescencia foron dos segmentos sociais máis afectados pola crise no noso país. A exclusión na infancia chegou a niveis inéditos na nosa democracia. Segundo o Informe da Rede Europea contra a Pobreza do ano 2016, o grupo demográfico da mocidade acadaba un 37,8 % de risco de pobreza e exclusión, e o da infancia, un 27,6 %; aumentou, polo tanto, 7,3 puntos. Isto foise paulatinamente reducindo nos últimos anos, pero, segundo a taxa AROPE, estaríamos nun 28,8 % de risco de pobreza infantil; é máis, houbo un estudo da pobreza infantil no noso país en 2014 que pedimos insistentemente que fora publicado na súa totalidade e que fora actualizado e aínda non se fixo.

Sucedo, pois, que as familias —e estes son datos que están aí, tanto no IGE como noutras fontes— con menores ou mocidade a cargo teñen un maior nivel de pobreza que as que non están nesta situación. É dicir, estamos constantemente constatando que esa precariedade aumenta nas familias que teñen menores a cargo e nas que teñen que iniciar, precisamente, ese curso escolar. Ademais —como xa foi dito— houbo un estancamento dos salarios, pero os gastos que as familias galegas tiveron que ocupar a servizos básicos aumentaron un 30 %, segundo a Enquisa de presupostos familiares do 2018. E este aumento deuse tamén no desembolso que as familias teñen que facer para acceder ao ensino —e acceder xa sei que non é exactamente correcto, as familias acceden igual ao ensino, pero refírome a acceder ao ensino en igualdade de condicións—.

As emendas que propoñemos redundan na necesidade de reforzar o servizo público, de recuperar por completo a xestión directa dos comedores escolares. É un servizo esencial e que empeorou naqueles comedores xestionados por empresas. É un servizo educativo, de educación para a saúde, que ten unha compoñente nutritiva esencial, e un servizo que redundo nesa equidade.

Tamén nunha oferta pública de actividades extraescolares, porque moitas veces se converten en actividades inaccesibles por cuestións económicas.

A gratuidade total do ensino de 0 a 3 é un elemento esencial para a equidade na sociedade; non só porque permite o acceso global de toda a cidadanía que precise este servizo, senón tamén porque mellora, logo, as condicións de evitar o fracaso escolar. É unha medida que garante a igualdade de condicións entre as persoas de distinta clase social.

Logo tamén pedimos actualizar ese estudo sobre a pobreza infantil. É inaceptable que levemos tres anos pedindo que se publique e actualice o dito informe, que só podemos coñecer parcialmente.



E tamén pedimos unha estratexia específica para reducir aínda máis a taxa de abandono escolar temperán no caso da poboación cigana.

En resumo, apoiamos a iniciativa, que é moi acaída.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Nós concordamos desde o BNG co fondo da iniciativa, coa cuestión que se expuña xa aquí con anterioridade sobre o custo, o enorme esforzo económico que se exige ás familias traballadoras do noso país cada vez que se inicia un curso escolar. Falábase do custo xeral, desa media que distintas fontes establecen para os gastos que se exixen ás familias traballadoras á hora de afrontar ese inicio de curso. E non son fontes oficiais da Xunta de Galiza, dependen, evidentemente, da cidade ou localidade ou de moitos centros de ensino dos que esteamos a falar, pero podemos cuantificar —por dicilo así— nun promedio/custo duns 200 euros só en libros para aquelas familias traballadoras deste país que teñan, por exemplo, fillas ou fillos estudantes en primaria, e que pode chegar a 300 euros —só en libros, insisto— o custo para aquel alumnado que cursa o ensino secundario obrigatorio. Efectivamente, nós compartimos que ese esforzo —enorme esforzo económico para moitísimas familias— supón ter que privarse de moitas outras cousas. Pero tamén é bo —eu creo— lembrar nesta Cámara que isto non sempre foi así, que neste país non sempre as familias tiveron que pagar estas auténticas barbaridades para que as súas fillas e os seus fillos puidesen ir ao ensino público do noso país.

E aí é onde centramos nós —e creo que tamén hai outra emenda neste sentido— a emenda que presentamos desde o BNG, e é en volver a ese ensino público que verdadeiramente garante a equidade e a xustiza social no seu acceso para o conxunto da poboación do noso país, porque o que distribúe a riqueza son os impostos. Aí ten que pagar máis quen máis ten, e non o que se está a dar agora mesmo no sistema educativo público deste país, que hai moitas familias traballadoras que teñen uns ingresos que lles fan cubrir o mes con moitas dificultades e que non teñen ningún tipo de axuda para afrontar —insisto— uns gastos enormes como o de iniciar o curso cada ano. E iso pasa por recuperar o que existiu aquí até o ano 2010, que era un sistema universal de préstamo dos libros escolares para o conxunto do estudantado do noso país. Unha medida —insisto— que lle permitía o acceso ao conxunto do alumnado do noso país en condicións de equidade e que o Partido Popular decidiu suprimir por puro sectarismo político, (*Aplausos.*) ¡por puro sectarismo político!, como tantas outras cousas. (*Aplausos.*) E o sectarismo político do Partido Popular a este país sáelle moi caro, pero máis caro sáelles aínda ás familias traballadoras deste país, que tiveron que ver como se suprimía ese sistema de préstamo universal no peor momento, ademais, para elas, como era ás portas —se non estabamos xa dentro— desa crise económica terríbel da que aínda moitísimas familias traballadoras deste país non saíron.





Ese sistema de préstamo universal non é só máis xusto, senón que é máis eficiente que ese invento que trouxo o Partido Popular a partir de 2010 e que xa no ano 2012 superaba con creces o gasto —ou o investimento, por dicilo dunha maneira máis acaída— que tiña ese préstamo universal. No ano 2012 aquela axuda solidaria da que falaba o Partido Popular superaba nun 22 % o investimento que se facía no préstamo universal de libros de texto. Máis gasto para atender a menos alumnado, porque había moitísimas familias do noso país que non tiñan acceso a esas axudas. Insisto en que o sectarismo do Partido Popular lles sae moi caro a este país e a estas familias.

Por iso nós o que defendemos na emenda é que se recupere ese préstamo universal de libros de texto, efectivamente, aumentando tamén a contía das axudas para material escolar que non sexan libros, é dicir, todo o que ten a ver coas necesidades de calquera estudante do noso país para afrontar un curso académico.

Hai que lembrar que neste país non sempre as cousas foron igual que o son agora e que o que temos é que volver a recuperar os dereitos que nos quitou desde o ano 2009 esta xente. *(A señora Rodil Fernández sinala co dedo unha parte do hemiciclo.)*

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Creo que esta iniciativa que presenta o Grupo Común da Esquerda vai recibir por parte da oposición unha resposta coral, que é a frase preferida do señor Vega, e creo, francamente, que, tendo en conta que actuamos de forma coral, ao mellor podíamos instar a unha modificación do Regulamento da Cámara —sei que non nos vai dar tempo— para cantar todos xuntos en vez de presentar iniciativas e explicalas. Xa así completamos o coro dunha forma redonda.

Señora Chao, creo que a súa iniciativa é pertinente e nós ímola apoiar. Evidentemente, que se informe do custo que asumen as familias galegas en todos os niveis educativos para a adquisición de libros de texto e material escolar é francamente necesario e francamente pertinente. Pero dáme a impresión de que tendo en conta a pouca cultura avaliativa que ten o Partido Popular, pouco éxito vai ter esta petición razoable.

Que se avance en novos materiais educativos tamén parece pertinente, como vostede dixo perfectamente. Non é só E-Dixgal, aínda que supoño que se nos venderán as bonanzas dese sistema híbrido entre o libro de texto e o ordenador, pero que parece que está a ter algún que outro problemíña dentro da súa implementación nos centros escolares desta comunidade autónoma.



Con respecto ao terceiro punto da súa proposición non de lei —punto que nós emendamos na mesma liña basicamente que o Bloque Nacionalista Galego—, cremos que o pertinente é a recuperación do programa universal de gratuidade de libros de texto, programa que alí onde o PP non goberna en maioría absoluta ou ben xa está implementado ou ben está en implantación progresiva, porque —xa dicía onte— non vai de seu no caso do Partido Popular consolidar un dereito necesario para acadar unha maior equidade no sistema educativo —que parece ser que temos o sistema educativo máis equitativo de todo o Estado e de todo o universo—.

Creo que é importante que sustentemos as nosas afirmacións, como xa fixo parcialmente a señora Rodil, en —xa que o señor Bará citou onte a Aute, hoxe vouno dicir eu— «*datos, datos, datos; más datos, por favor*». E os datos son contundentes, os datos son indiscutibles porque, ademais, cando un emprega fontes de toda solvencia, como poden ser as ordes anuais de axudas á adquisición de libros de texto ou, no seu momento, de gratuidade escolar, atopa cousas tan pintorescas como a seguinte:

No curso 2008-2009, último curso no que había un programa de gratuidade universal de libros de texto nesta comunidade autónoma, tanto para a educación primaria como para educación secundaria o custo do programa completo era de 23.600.000 euros. No curso 2012-2013, tres cursos pos-Feijóo, atopámonos con que o programa de axudas á adquisición de material escolar custaba 20.600.000 euros; é dicir, 3 millóns de euros menos, e dábbale cobertura a un 19 % do alumnado. ¡Alucinante! No curso 2013-2014 custou 21.200.000 euros e deulle atención ao 17 % dos alumnos. E, claro, como dixo algún relevante deputado do Partido Popular do pasado nesta Cámara: «Tontos son, pero dos coches apártanse». Entón, déronse conta de que estaban investindo practicamente a mesma cantidade de cartos e de que estaban a darlle servizo á quinta parte do alumnado, no mellor dos casos. Esa é a realidade das cifras.

Polo tanto, inventan esa figura socialmente consensuada da gratuidade solidaria dos libros de texto, gratuidade solidaria que soamente o curso pasado e o anterior custou 15 millóns de euros; unha orde de axudas de 7.500.000 euros e outra de 6.700.000 euros; redondeando, 15 millóns de euros. ¿E a cantos alumnos lles están a dar servizo? Se acudimos á publicación, á que xa fixen referencia onte, da Consellería de Educación de datos e cifras deste curso escolar, atopámonos co pasmo de que están dándolle parcialmente axudas a pouco máis do 60 %. Pero, jollo!, como vostede, señora Chao, dixo perfectamente, estas axudas nin tan sequera son completas porque o son para 6 libros ou para 4. Se son para 6, no caso de primaria, van cubrir o 66 % dos textos que teñen que comprar os alumnos, e van cubrir o 44 % se son para 4 libros. E cobren o 60 % en secundaria, no mellor dos casos, e o 40 %, no peor.

Esta é a triste realidade da política que en cuestión de libros de texto vén facendo sistematicamente o Partido Popular e, iso si, hai que recoñecerlle que é inasequible ao desalento porque por moitas iniciativas que presentemos e por moitos datos que poñamos encima da mesa non lles vin o máis mínimo atisbo de iniciar polo menos unha análise seria de se é pertinente ou non é pertinente modificar esta política.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Bo día.

Señora Chao, vostede trae hoxe aquí unha proposición baseada nun concepto que repite sistematicamente cada vez que sobe a esta tribuna, como son os recortes: recortes, recortes e máis recortes, seguindo coa canción.

Fala vostede de recortes, pero realmente non achega ningún dato, e os datos que achega ou non son exactos ou están incompletos, un pouco parecido ao que fai a señora Verao, que le o que di un artigo dun periódico dunha *web* chamada *ahorrokelisto.es.*, e, claro, mesturan a volta ao cole co gasto anual en educación.

Entón, claro, basean a súa proposta en datos xornalísticos e di que só ten que recorrer a fontes secundarias porque non hai outra cousa. Pois, mire, si que hai, hai os datos do INE. Simplemente vai vostede á páxina do INE e comproba: Enquisa de presupostos familiares, 2018 —parece mentira que o señor Álvarez pique e siga tamén con ese mesmo discurso que teñen vostedes, porque eu estou segura de que o señor Álvarez coñece perfectamente esta páxina do INE—. Se imos ao INE, atopamos que o 30 de xullo de 2019 publicou o resultado da Enquisa de presupostos familiares do 2018, unha enquisa que reflicte o gasto medio por fogar nunha cesta de quince conceptos —o señor Lago seguramente que llo pode explicar perfectamente—. E entre eses conceptos está a educación. En educación, segundo a enquisa, cada fogar tivo un gasto medio de 461 euros, o que supuxo unha taxa de variación anual do 11,2 %. Foi o concepto que máis subiu do 2017 ao 2018. Non negamos os datos, pero tamén hai que analizalos. ¿A que si, señor Lago? E xustamente a pesar desa subida é o concepto que menos aporta á cesta do gasto dos fogares, só un 1,5 % do total de gasto dos fogares, a porcentaxe máis baixa, moitísimo máis baixa que restaurantes e hoteis, que están nun 9,9 %. Ao mellor, somos unha sociedade na que temos que mirar algunhas das cuestións onde gastamos o diñeiro.

O gasto medio en Galicia por fogar é de 317,65 euros. A enquisa tamén nos dá o gasto medio por persoa. En España este gasto é de 185,35 euros e en Galicia de 129,58 euros, o que nos sitúa en décimo lugar.

O INE tamén ten unha enquisa máis específica sobre o gasto dos fogares en educación. A última é do curso 2011–2012, que non me vou estender porque sería moi longo de contar, pero recoméndolla porque dá unha análise e uns datos moi interesantes, porque diferencia todos os niveis e tamén entre a pública, a concertada e a privada.

Por certo, Galicia é a cuarta comunidade que menos inviste en concertos e subvencións no ensino concertado, por moitas veces que vostedes repitan aquí todo o contrario.



Vou facer unha referencia ás compoñentes de gasto e vouno ler en castelán, porque é como está no IGE: «*Los principales bienes y servicios relacionados con los estudios reglados son las clases lectivas, las clases docentes, las enseñanzas complementarias de carácter voluntario, las actividades extraescolares, los servicios complementarios de comedor, transporte, residencia, servicios de cuidados de niños fuera del horario, las actividades complementarias, excursiones, así como el equipamiento escolar...*», e bla, bla, bla... Efectivamente, son moitos os conceptos que se suman á hora de computar os gastos en educación, e eu supoño que vostede non estará suxerindo que Educación —a Consellería— abra liñas de axuda para os uniformes escolares, para as clases de inglés, piano ou fútbol. A señora Vázquez Verao si que propón que a Xunta de Galicia subvencione as clases de inglés extraescolares. Claro, subvencionamos as clases de inglés, pero pedimos derrogar o Decreto de plurilingüismo. ¡Pura coherencia! (*Aplausos.*)

Señora Chao, eu sei perfectamente o que dan de si 50 euros en material escolar. Seino perfectamente porque teño dous fillos, un universitario e outro en idade escolar. E grazas a que este ano entrou en E-Dixgal, o gasto escolar na miña casa de inicio de curso —non de gasto medio anual, senón de inicio de curso— foron 50 euros, efectivamente, porque me nego a sistematicamente comprar unha mochila cada curso escolar, porque me nego a sistematicamente mudar todas as cores, porque me nego a sistematicamente estar comprando cousas e cousas nesa sociedade consumista que vostedes critican. (*Murmurios.*)

Ese dato é así. Efectivamente, Galicia é o sistema con máis equidade de España, e máis equidade quere dicir que a situación socioeconómica do alumnado inflúe menos nos seus resultados. Ese dato avala as políticas públicas de educación do Partido Popular, porque teño que lembrarllas, efectivamente, a gratuidade do transporte escolar, que beneficia 88.000 nenos, e os comedores escolares, onde o 74,5 % dos estudantes non pagan nada ou só pagan 1 euro ao día un 7,2 %. É dicir, a meirande parte dos estudantes que van aos comedores escolares case van de balde.

Eu non vou volver insistir no que vostedes repiten aquí unha e outra vez: a gratuidade solidaria dos libros de texto do Bipartito foi un fiasco, foi un fiasco, efectivamente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non... O sistema do Bipartito para a gratuidade universal foi un fiasco, e vostedes sábeno. E ademais non era tampouco gratuito, porque as familias tiñan que pagar, á parte da xestión que supoñía ese servizo. Non insistan por aí porque non van ter moita máis razón.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Efectivamente, hai moitísimo máis que libros no sistema galego, señora Chao, porque hai un modelo educativo innovador e fornecedor, poñendo ao servizo da comunidade educativa non só o tema dos ordenadores, senón outras ferramentas como os contratos programa, o Plan Proxecta, o Plan LÍA de bibliotecas escolares e moitísimas máis cousas. Hai iniciativas dentro da Estratexia dixital, como os Espazos Maker, os clubs da ciencia..., que cumpren esa función de pretender introducir no alumnado a inque-danza polas chamadas disciplinas STEM desde unha perspectiva de xénero para tentar rachar coa fenda de xénero que se produce nestas materias.



Señores da oposición, se vostedes algunha vez queren falar en serio da educación e do ensino deste país, eu pediríalles que deixaran a un lado ese discurso demagóxico que teñen cada vez que soben aquí a esta tribuna, porque, efectivamente, señora Rodil, non houbo tempos mellores.

Nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos da oposición á nosa iniciativa.

Respecto das emendas, quero dicir que imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, pois entendemos que completa a nosa proposta, ademais de coincidir plenamente con iniciativas que temos defendido en numerosas ocasións. O sistema de préstamo universal non só é máis garantista e máis xusto, senón tamén, como aquí se dixo, máis eficiente. E isto ata o dixo a valedora: o Partido Popular gasta máis e garante menos dereitos.

No que respecta ás outras dúas emendas, a do Grupo Socialista non a imos aceptar porque entendemos que o que se refire ao sistema de préstamo queda cuberto na emenda do grupo nacionalista, e reduce o alcance da nosa petición ao eliminar a referencia ao equilibrio das axudas cos gastos reais.

Respecto da emenda do Grupo Mixto, non a imos aceptar porque entendemos que mestura un montón de asuntos que poderían ser interesantes, que apoiariamos noutro tipo de iniciativa, pero que difuminan totalmente o obxectivo da nosa proposta.

E do Grupo Popular quero lamentar o de sempre, a falta de respecto e a soberbia miope de quen nunca ten ningunha opción de rectificar. Vostedes din non ao dereito a un ensino verdadeiramente gratuito, din non a reverter as políticas de recortes equivocadas, din non a coñecer o custo real que ten o inicio de curso para as familias galegas, din non a ver o que pasa pretendendo que o que non se ve non exista; mais existe, señoras deputadas e señores deputados, existe. Existen familias que non poden asumir o inicio de curso, que teñen que acudir a asociacións non gobernamentais para poder pagar as libretas, para poder pagar os libros, para poder comprar as carteiras. Isto acontece, e, se non o ven, saian un pouco máis da casa, porque verán que pasa.

Datos —si— deille. As familias gastan un 35,5 % máis que antes de que vostedes gobernanan. Segundo dato: vostedes recortaron en 484 millóns de euros o orzamento de ensino. Son datos bastante potentes, pero vén vostede aquí falando dunha enquisa que se fixo hai oito anos. Pero, señora Antón, ¿non sabe vostede canto aumentou o custo de vida en oito anos? Por favor, sexa un pouco rigorosa.



Sobre todo temos que lamentar a constatación de que o Partido Popular vai seguir consolidando no noso sistema educativo unha política de becas e axudas ao estudo que compromete a igualdade de oportunidades, desvirtuando por completo o fin e o obxecto das axudas, que non é outro que eliminar os obstáculos sociais ou económicos que poidan excluír a cidadanía da ensinanza e para impedir, polo tanto, o dereito de todas e todos á educación.

Urxe e pode e debe facerse. Alegrámonos moito de que a vostede lle cheguen 50 euros para afrontar o inicio do curso escolar. Debería comentalo coas ANPA antes de volver aquí e dicir unha barbaridade deste tipo, a ver que lle contestan, ou a suxerir que as familias obreiras traballadoras deste país non poden ir de hoteis.

Mire, señora Antón, sorprenderaa moito: nós imos seguir defendendo todos os dereitos para todas as persoas, todos os dereitos para todas as persoas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei, á que non se presentaron emendas, ten a palabra a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Hai só dúas semanas, o pasado 25 de setembro —poderán recordar todas e todos—, no debate do estado da nación, o señor Feijóo gabábase de que o sector naval galego pasaba por un momento marabilloso, que recuperou —dixo literalmente— o seu liderado e que ten hoxe a segunda maior carteira de pedidos de toda Europa, e atribuíu este enorme éxito á implicación decisiva da Xunta. Pero no seu discurso pasou de puntiñas totalmente pola situación actual do sector. Non mencionou nin Vulcano, nin Barreras nin a industria auxiliar de Navantia, nin a industria auxiliar en Vigo, que se está indo ao traste polos problemas con Barreras, e limitouse unicamente a cargar contra o Goberno do Estado pola falla de carga de traballo en Navantia para os vindeiros dous anos.

É o de sempre: se pecha Endesa, é culpa do Goberno central; se non hai carga de traballo en Navantia, é culpa do Goberno central. A resposta do Goberno galego é sempre a mesma: a deixación de funcións e a ausencia absoluta de responsabilidades; non vai con eles o asunto. Para o Goberno de Feijóo só a publicidade e a propaganda. Tivo o atrevemento, de feito, de presumir dun momento doce sen destinar un só momento aos traballadores do naval, que están defendendo os seus postos de traballo.



A realidade, como acostuma a acontecer, vai por outro lado e o que parecía ser un momento doce para o sector naval en Galicia semella que se está tornando do día para a mañá nun intre amargo, e ben amargo para os centos de familias que dependen dos postos de traballo que están en xogo nalgúns dos estaleiros máis senlleiros deste país.

Primeiro foi Vulcano, que pretende agora a extinción dos últimos 69 contratos que quedaban, os últimos 69 postos de traballo directos que quedaban na factoría, pero que a pleno rendemento daba emprego a máis de mil persoas; 69 persoas que o Goberno galego deixou á súa sorte logo de incumprir unha e outra vez a promesa de buscar un investidor que se fixera cargo do estaleiro.

Hai anos que Vulcano pasa por dificultades importantes, sen que o Goberno galego fora quen de poñer solucións reais sobre a mesa; todo o contrario. Finalmente Vulcano presentou a solicitude de liquidación, un anuncio feito tras a entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente, que implicaron tamén meses para os traballadores sen cobrar.

A situación de debilidade e incerteza, polo tanto, non era nova. De feito, o cadro de persoal levaba xa case cinco anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, debido á escasísima carga de traballo, e houbo meses nos que, como dicía, estiveron sen cobrar.

Deste xeito, o Goberno galego coñecía perfectamente cal era a situación en Vulcano. Tanto foi así que o director do Igape, Juan Cividanes, díxolles hai máis ou menos dez meses que non asinaran un ERE, senón que se encamiñaran a unha liquidación controlada da empresa, que permitiría que un novo investidor se fixera cargo da industria, investidor que o propio Goberno galego se comprometía a buscar. Porén, dez meses despois, nada, absolutamente nada. O investidor non apareceu, díxose que nada, que o investidor no que se pensaba non pasaba por un bo momento —tal vez é que era Barreras—, desaparece e abandona os 69 traballadores que estaban actualmente na empresa á súa sorte. O Goberno retírase e decide deixar caer o estaleiro sen facer absolutamente nada.

Cómpre sinalar que o definitivo peche de Vulcano, que ata hai ben pouco era o segundo estaleiro máis grande do país, supón un durísimo golpe ao sector naval galego, un sector estratéxico da nosa economía, que perdería unha importante capacidade produtiva, sen que aquí pase nada. Sobre isto, ademais, sospeitas de posibles intereses especulativos nos terreos que hoxe ocupa o estaleiro.

Primeiro —dicía— Vulcano; logo, empresas auxiliares que traballan para Barreras; hoxe vemos que xa supuxeron oitocentos, oitocentos postos de traballo perdidos, que van a quebrar por ser incapaces de afrontar os impagos, e agora outro capítulo máis para Barreras, o maior estaleiro privado do Estado, un dos que tiña maior carga de traballo e que se atopa nunha situación crítica —e agardamos que non empeore aínda máis a situación—.

Barreras, parte daquel grande anuncio propagandístico que o señor Feijóo protagonizara da man de Pemex e que acabou exactamente niso, nun anuncio. Falsas promesas e aínda encima



sombras de corrupción. Estabamos en campaña e xa sabemos, claro, que o sector naval é moi importante para Feijóo cando se trata de arrepañar uns poucos votos. Se para iso hai que mentir en *prime time* na Televisión pública, pois faise e aquí non pasou absolutamente nada. Pero, claro, é o que pasa coas mentiras: que teñen as patas moi curtas, e aqueles anuncios esfareláronse. Dos barcos prometidos atrás chegaron soamente dous. Tampouco chegou o porto exterior da Coruña. Todo era fume e propaganda.

É dicir, que en poucos meses dous dos principais estaleiros de Galicia están ao borde do precipicio, e iso que aparentemente estamos pasando por un momento doce na construción do naval.

¿Que é o que está pasando no sector naval galego? Porque non pode ser que a caída de dous dos principais estaleiros do país descanse unicamente en decisións de xestión equivocadas, como pretendía dicir hoxe o señor Feijóo. Aquí, nin decisións equivocadas nin Goberno de Sánchez. Aquí hai algo máis, hai responsabilidade no Goberno de Feijóo, hai responsabilidade na Consellería de Industria, hai responsabilidade no señor Conde e, sobre todo, hai incompetencia, incompetencia absoluta, porque a caída de empresas no naval hai que encadrarla nun proceso global de crise industrial que está lastrando o emprego e o futuro deste país; 22.500 empregos industriais destruídos nunha década, señoras e señores deputados, 22.500 empregos destruídos na industria galega, que son un de cada tres dos que se destruíron no conxunto do Estado. Os casos e os nomes propios do deserto industrial no que está convertendo este país o Goberno Feijóo multiplícanse; falamos de Vulcano, falamos de Barreras.

Pero temos que falar tamén de toda a industria dependente, temos que falar de Alcoa, de Ferroatlántica, de Isobar, de Poligal, nomes propios do drama que supón o peche da industria e a perda de postos de traballo irrecuperables neste país; nomes propios que evidencian a ausencia total de temón na industria galega. Aquí non hai ninguén ao volante, déixase facer ás empresas, pase o que pase. O Goberno galego está deixando caer un estaleiro centenario, como deixa caer absolutamente todo, pois non hai un só conflito industrial aberto neste país que a Consellería sexa quen de resolver. Animo, se non, a quen vai tomar a palabra do Grupo Popular a buscar un só caso, só un, no que a Consellería de Industria fora quen de resolver un dos problemas que ten o tecido industrial neste momento.

Nomes propios —dicíamos— da caída industrial rexistrada en Galicia, que vimos denunciando, que corrobora o índice xeral de produción industrial, que acumula outro mes máis de caídas, que fai que no último ano teñamos un 6,2 % de caída. Pola contra, a media no conxunto do Estado —non pode ser logo culpa todo do Goberno do Estado— aumentou un 0,4 % no período. ¿Que responsabilidade ten a Consellería da Xunta de Galicia? Os datos son crus e o Goberno galego deixa á súa sorte todos os traballadores do sector naval, un sector que —como dicía— é estratéxico para a economía galega, xera máis de dez mil empregos industriais directos, outros vinte e cinco mil indirectos, preto de dous mil millóns de euros anuais de facturación, que supoñen aproximadamente o 3,3 % do PIB galego.

Un sector de grande importancia estratéxica para Galicia. Así o di tamén esa Axenda 4.0 da que se gaba o Goberno, pero, claro, a pregunta fánnola os propios traballadores do sector naval: ¿que implica para o Goberno da Xunta de Galicia formar parte dun sector estratéxico?,





¿en que se traduce? ¿Que quere dicir que sexa parte dun sector estratéxico se vostedes ignoran os seus problemas? ¿Como é posible que nese documento supostamente fantástico de Industria 4.0 só apareza unha vez o concepto naval para dicir: é un sector estratéxico? Moi ben, unha gráfica na que pon: sector estratéxico, un deles o naval; estamos de acordo, pero absolutamente nada máis. Cen páxinas nas que non se fai unha soa referencia máis ao sector naval, nin un dato, nin unha proposta, absolutamente ningunha resposta. ¿Isto é o que se entende por un sector estratéxico: ignoralo totalmente?

Miren, é certo que, se comparamos a situación deste momento cos peores momentos da crise, o sector naval conta con máis carga de traballo que hai uns anos, pero non podemos esquecer que nun momento de demanda mundial crecente as entregas dos estaleiros galegos en 2018 apenas foron unha cuarta parte das que houbera en 2007. E hai máis: os informes sectoriais dinnos que as perspectivas internacionais da demanda internacional son positivas; é dicir, se as condicións obxectivas son favorables, non se entende —e aínda é máis reprochable— que a Xunta de Galicia non estea facendo absolutamente nada para evitar a perda de emprego e da capacidade produtiva da construción naval en Galicia, perdas que, como digo, logo son irreparables.

O sector hai moito tempo que está reclamando políticas decididas en apoio a un sector estratéxico que debe ser considerado e tratado como tal, non simplemente dicir que o é, non facer absolutamente nada. E iso non é nin máis nin menos que o que demandamos na nosa iniciativa. Porque os problemas do sector non se arranxan só cargando contra o Goberno do conxunto do Estado, asúmense e responsabilízanse.

Por iso, propoñemos, en primeiro lugar, buscar activamente un investidor que garanta a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro. Van tarde, moi tarde. Oxalá o Partido Popular sexa quen, no seu turno de palabra, de explicar que fixo durante este tempo e como é posible, malia derivar importantes recursos á consultora KPMG para este fin, que nunca, nunca, nunca sexan capaces de atopar eses supostos investidores. E, segundo, asumir a súa responsabilidade, constituíndo, de maneira urxente, a mesa sectorial do naval —cos estaleiros, a industria auxiliar e os sindicatos— para abordar unha política conxunta no sector.

É o que demandan; simplemente, escoiten e dean pasos adiante.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas.

A situación é a que é e desde En Marea consideramos que a solución para Vulcano a estas alturas non pode vir por actuacións particulares neste estaleiro. Tería que vir por unha actuación estratéxica en todo o sector, na liña de non perder capacidade produtiva no naval, que non podería ser recuperada se os terreos de Vulcano se dedican a outra actividade.



Polo tanto, falemos de cousas concretas e factibles. O primeiro, facer todas as actuacións necesarias pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado para que non se poidan cambiar os usos dos terreos. Eu vou falar moi pouco, pero concretemos. Primeira medida, que non se poidan cambiar o uso dos terreos, iso é fundamental.

Todos os indicadores sinalan que a industria naval, como xa indicou Luca Chao, en Galicia non pode perder capacidade produtiva, porque todas as expectativas son moi importantes. Están crescendo todos os estaleiros, sobre todo os europeos, en construcións especializadas, cruceiros, *off shore* e outro tipo de buques de alto valor engadido, buques especializados, porque, ben, na gran construción —digamos— de buques *bulk carriers* ou petroleiros aí si que non habería moito que facer e mellor desbotar esa alternativa.

Pero Galicia non pode perder esa capacidade produtiva por falta de control e planificación, tamén pola incompetencia de xerencias que contan co apoio da Xunta de Galicia, sen os controis necesarios. ¿De verdade non ten a Xunta de Galicia, na Consellería de Industria, ningún departamento que faga seguimento das actividades dos sectores industriais de Galicia? ¿Que cada día teñamos que ver nas portadas dos periódicos sorpresa tras sorpresa? —e parece que o Partido Popular e o Goberno van de sorpresa en sorpresa—.

Onte díxoo o señor Tellado: é que o das Pontes é un problema para o 2045, ¿como iamos poñernos a pensar agora niso? Pois pouca información teñen na súa Consellería. De verdade, ¿a Consellería de Industria non detectou a tempo a oferta temeraria polos contratos dos cruceiros de Ritz-Carlton —pois era moi temeraria, era un 40 % por debaixo do custo—?

Eu onte, mirando na web, vin que Fincantieri, outros dos ofertantes, xa hai dous anos que o advertira. ¿É que a Consellería de Industria non ten departamentos que poidan prever ese tipo de situacións que despois levan ao que levan? Pois non, a Xunta de Galicia fiábase totalmente do seu home en Barreras, co que tantas fotos e abrazos se facía o señor Feijóo.

Como diría aquí imaxino que o señor Feijóo cando lle falemos disto, diranos o mesmo que a señora Esperanza Aguirre: isto só é un problema de negligencia *in vigilando*; ou sexa, teñen un problema de negligencia *in vigilando*; pois hai que vixiar un pouco máis.

¿E, agora, esa irresponsabilidade a vai pagar quen? Pois, coma sempre, os traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares, os que de verdade constrúen os barcos, porque os barcos, estes barcos de estaleiros de terceira xeración que chaman, os que verdadeiramente os constrúen son as empresas auxiliares, e hai que protexelas de maneira prioritaria. Ese é outro elemento fundamental. Porque, se non se protexe a industria auxiliar e se lle pega outro pau de trinta millóns de euros, como o que xa levaron no anterior concurso de Barreras, a industria galega podería desaparecer.

Por iso, hai que alertar de que en todas as actuacións da Xunta de Galicia hai que poñer como prioridade as garantías de cobro das auxiliares. Iso é defender a maioría dos traballadores do naval.

E ¿por onde poden vir as solucións? —e xa estamos nós outra vez plantexando solucións; xa sei que o señor Tellado dirá que son máis ocorrencias—. Ben, pois instamos a Xunta de Ga-



licia a poñer en marcha un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques, como plantexan todas as auxiliares, que podería instalarse en Vulcano e en Metalships. É a gran materia pendente do sector naval privado galego, é unha das súas maiores frustracións, polo volume de negocio perdido nesta década, que o seguen reclamando. Podería ser un proxecto de enorme éxito. Hai un negocio enorme de reparacións en todo o mundo, agora é o momento de volver cargar a carga e impulsar dunha vez por todas a creación deste centro de reparación naval, un colchón imprescindible e necesario para este sufrido sector que permita seguir traballando cando a actividade construtiva afrouxe.

Xa viron, tres propostas concretas: non desafectar os terreos, apoiar decididamente as garantías de cobro das auxiliares e poñer en marcha a creación dun centro de reparación naval. A ver se o Partido Popular ten outras que non sexan ocorrencias, como falaban destas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non ofende a ninguén iso, todo o contrario. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non...

**O señor BARÁ TORRES:** (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) ...puxo o Partido Popular, PPO, é o partido obreiro o Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Non imos entrar, non imos entrar...

**O señor BARÁ TORRES:** ...é o partido obreiro agora. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, queroo deixar claro hoxe. Creo que onte xa dei unha explicación sobre as normas.

**O señor BARÁ TORRES:** Teñen que cambiar de nome: é o Partido Obreiro Galego. Doulle unha idea. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Ben, tranquilos todos. Vamos ao tema de Vulcano, que é importante, vamos alá.

**O señor BARÁ TORRES:** Decía Castelao: «Non riades, que o conto é triste». Efectivamente, é triste, porque estamos no ano do centenario de Vulcano, que se creou en 1919, e cando deberíamos estar facendo unha festa, resulta que estamos oficiando un funeral, sobre todo o Goberno da Xunta.



A Xunta do PP di que non ten nada que ver, que isto non é cousa da Xunta. A Xunta do PP di que ten que ver cando se trata de presumir da recuperación do naval, que estiveron presumindo estes anos cando se trata de facer fotos. Ben, de fotos mellor non falar, porque teñen un álbum de fotos que é máis ben un álbum de pesadelos, con todas as fotos que fixeron estes anos cos señores delincuentes de Pemex, (*Murmurios*.) cos señores delincuentes de Pemex, señora Prado del Río, Prado del Río, porque hai outra Prado alí que non é del Río, que non lle digo... Ben, en fin.

Claro, vostedes esquécese de que son o Goberno galego, non son a axencia, a xestoría de todos estes delincuentes para buscar apaños e contratos, son o Goberno galego, teñen que actuar como Goberno galego, teñen que ter unha política industrial para este país, e vostedes resulta que están desaparecidos, están *missing*; cando hai problemas, cando hai crise, non ten que ver con vostedes.

E isto, desde logo, non pode ser, porque están en xogo centos de postos de traballo en Barreras, en Vulcano, nas empresas auxiliares, e iso xa por non contar todos os postos de traballo que quedaron polo camiño e as empresas auxiliares que quedaron polo camiño, con auténticos dramas humanos, como vimos aquí xa. E por non falar dos centos de traballadores do naval que tiveron que emigrar, que están traballando en Asturias, que están traballando en Euskadi, en Noruega, en Holanda, porque aquí non tiñan traballo. E vostedes o que fixeron foi substituílos por postos de traballo precarios que están ocupando agora traballadores lituanos, polacos e portugueses.

Precariedade e temporalidade, isto é a Industria 4.0 do Partido Popular. Pois non, isto chámase industria *low cost*, que é tamén a que están aplicando, por certo, na automoción. Non leron as declaracións do director desa fábrica da que presumen tanto. Hai que axustar aínda máis os custos, é dicir, que pague a clase traballadora eses axustes de contas. E ¿sabe o que din os sindicatos? Que teñen mellores condicións laborais na industria auxiliar de Citroën que na propia Citroën. E vostedes aínda presumen dos contratos de Pemex, do fiasco de Pemex, da corrupción de Pemex.

¿En que mundo viven, señoras e señores do Partido Popular? Vostedes presumen dunha política empresarial suicida e aventureira, de buscar contratos baixando os prezos e deixando as auxiliares na estacada. Vostedes actúan como avalistas con diñeiro público de proxectos empresariais desastrosos. E o mesmo que fixeron en Barreras tamén vale para Vulcano, onde a Xunta é corresponsábel. Desde logo, o responsábel principal é o empresario, pero vostedes son corresponsábeis, porque vostedes enganaron o comité de empresa vilmente, vostedes dixéronlles que traballasen sen cobrar durante cinco meses e que despois irían buscar un investidor. E ¿saben cal era o investidor que buscaban vostedes? Era Barreras. ¡Menudo investidor buscaban vostedes para Vulcano!

¿Sabe cal é o problema, señora Egerique –supoño que falará vostede aquí despois–? O problema é que vostedes non teñen política industrial para Vigo, para o sur de Galicia, para toda Galicia. O problema son os datos do CES da porcentaxe de emprego industrial que hai no norte de Portugal e en Galiza. ¿Sabe cal é a diferenza? Dez puntos a favor do norte de Portugal, 28,2 fronte ao 17 % de emprego industrial en Galiza. Ese é o problema, e vostedes ac-



túan poñendo parches, poñendo parches de préstamos e de avais que xa sabemos onde van parar: a eses empresarios irresponsábeis, eses negocios corruptos que vostedes apoian.

Desde logo, o BNG vai apoiar esta iniciativa, pero parécenos unha iniciativa de mínimos e queremos ir máis alá. Propoñemos máis e fixemos iniciativas precisamente para iso. Pensamos que ten que haber unha intervención pública da Xunta de Galiza para crear un gran grupo empresarial do sector naval en Galiza, no sur de Galiza, na comarca de Vigo, capitaneado por Barreras e por Vulcano. Temos que capitalizar con diñeiro público todo ese diñeiro que vai en préstamos e en avais, poñelo ao servizo dun proxecto empresarial deste país na ría de Vigo.

Desde logo, temos que impulsar ese centro de reparacións do naval, que foi presentado no ano 2008 polo Goberno galego, que estaba apoiado por todo o sector e que vostedes meteron nun caixón. Esa si que era unha garantía de traballo estábel e garantía de estabilidade e de emprego e de futuro...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...para a ría de Vigo e para o sector naval. Vostedes teñen que decidir se son os salvadores ou os enterradores de Vulcano no ano do seu centenario. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Trae a súa ou vai polas dúas. ¿Vai polas dúas?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben, non pasa nada. Despois leva vostede as dúas, xa llas entrega ao compañeiro.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** De acordo. Grazas.

Grazas, señor presidente.

Ben, en primeiro lugar, quero manifestar o noso voto favorable a esta PNL traída polo Grupo Común da Esquerda, que, ademais, vai no mesmo sentido doutras iniciativas presentadas polo noso grupo parlamentario.

Folga recordar que o naval é un sector estratéxico para a nosa economía, fundamentalmente neste caso para o desenvolvemento de Vigo e da súa comarca, tanto a nivel de construción naval como da industria auxiliar.



O 17 de setembro deste ano —hai uns días—, na Comisión 6ª, os socialistas preguntamos ao Goberno galego que pensaba o Goberno galego en relación coa situación actual de Vulcano, que tiña feito ata o de agora e que pensaba facer a partir deste momento, e se tiña algunha noticia sobre a existencia dun futuro investidor.

Para responder a esta pregunta, acudiu o director xeral do Igape, o señor Cividanes, e informounos de que os estaleiros galegos se atopan nun momento doce, no que existe unha importante carga de traballo, e que na construción de buques Galicia conta coa segunda carteira máis importante de Europa, representando o 50 % do total de carga de pedidos; unha afirmación que tamén foi feita polo propio presidente da Xunta de Galicia no debate do estado da Autonomía.

Son uns datos que —a verdade—, cando menos, resultan un pouco contraditorios co futuro que se albisca para este estaleiro, pois semella que precisamente cando cumpre cen anos de existencia todo parece indicar que, debido precisamente á falta de carga de traballo, vai ter que pechar.

A Xunta de Galicia, unha vez máis, ante a súa falta de planificación industrial e as súas actuacións en función de como vaian indo os acontecementos, pois un día di unhas cousas e outros días manifesta outras. Así, en xullo deste ano, o conselleiro de Industria manifestaba: se non se logra rematar este barco, Vulcano está abocado á liquidación. O director do Igape neses momentos pedíalle ao persoal da empresa que colaborase para rematar e entregar o ferri e que a Xunta traballaría ao mesmo tempo para buscar un investidor para a empresa. O persoal cumpriu coa súa parte do acordo, remataron o barco, entregaron o barco e aínda estiveron varios meses sen cobrar, pero, unha vez rematado o barco e entregado o barco, a Xunta de Galicia infórmalles que non hai ningún investidor; é dicir, unha vez máis, a Xunta intercede para favorecer a empresa, pero a Xunta non intercede para poder favorecer os traballadores.

No mes de xullo, en Vigo, o conselleiro de Presidencia anuncia: «O Goberno autonómico fixo a súa parte para salvar Vulcano, xa non intervirá máis en Vulcano, fixemos a nosa parte». Di: «Sempre fixemos todo o posible e estámolo facendo para respaldar a industria naval galega. A Administración galega está á espera de ver que pasa a partir de agora co estaleiro e coa súa plantilla».

O presidente da autoridade portuaria, Enrique López Veiga, do seu partido político, do Partido Popular, tamén manifestaba: «O porto sempre apoiará o que decida a Xunta, xa que entende que debe ser a Xunta a que marque a pauta sobre o que se pode ou non se pode facer».

Ben, e chegamos a setembro deste ano, e a delegada de Vigo, a señora Corina Porro, di que manifesta o seu compromiso para acompañar os traballadores e avoga pola continuidade da empresa. E o 10 de setembro o conselleiro de Industria di que hai que buscar solucións viables, pero chama a non buscar falsas expectativas —por certo, algo que contrasta de xeito bastante rechamante coas afirmacións feitas neste pleno, onte mesmo, aquí, por este conselleiro de Industria, referidas á continuidade da empresa Endesa—.



Ben, pois aos socialistas gustaríanos saber cal é a posición da Xunta. ¿Fixeron todo o que tiñan que facer, avogan pola continuidade ou dálles igual e esperan cos brazos cruzados a ver que sucede? Queremos saber que é o que fai a Xunta e que pensa sobre este tema.

Mire, o señor Cividanes, nesa mesma comisión, comunicábanos dun xeito imperativo: «O compromiso da Xunta de Galicia co tecido industrial está fóra de toda dúbida. Temos plans a medida nos casos nos que as empresas teñen dificultades, compromisos máis que demostrados, busca de solucións viables económica e legalmente, e avogamos pola continuidade do estaleiro». Iso si, non aseguran que, aínda que consigan un investidor, poidan volver recolocar eses 69 traballadores que van quedar na rúa e que están xa nestes momentos despedidos.

Miren, os socialistas entendemos que, máis alá das boas palabras ou das manifestacións verbais, máis ou menos contundentes, a obriga dun goberno é demostrar ese compromiso con feitos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Gustaríanos saber en que se ten materializado ese compromiso, polo que, dende o noso grupo, seguiremos incidindo, día si e día tamén, para que a Xunta de Galicia cumpra coa súa obriga e exerza a competencia exclusiva que lle outorga o artigo 30 do Estatuto de autonomía, onde se di que teñen a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Bos días.

Señora Rodríguez Rumbo, por ser a última en falar, ¿quere un feito e un nome? Joaquín Almunia, *tax lease*; ese é un feito. Porque vostede empezou o seu relatorio en setembro deste ano, pero podería empezar o relatorio moito antes. Porque cando as gradas estaban baleiras, todas as gradas baleiras, foi por culpa dun comisario socialista, que é Joaquín Almunia, que puxo o *tax lease* en beneficio de Holanda e en contra de Galicia e en contra de España. (*Aplausos.*) ¡Por favor, non me sexan cínicos neste debate, non sexan cínicos neste debate!

Eu vou falar de Vulcano, do estaleiro Vulcano, porque aquí falamos de industria, do sector industrial, propostas para manter o sector. Todos sabemos que estamos nunha situación complicada, pero eu vou falar de Vulcano. E púxome vostede, señora Chao, retos dicindo: dígame algunha cousa que fixera a Xunta positiva en favor da industria.



Mire, os méritos nunca son da Xunta, pero os problemas sempre son culpa da Xunta. Entón, cando estaban baleiras todas as gradas e esta Xunta de Galicia estivo buscando investidores, que é o que queren vostedes agora para Vulcano —piden un investidor para Vulcano—, o mérito non foi da Xunta de Galicia; iso vai só. Cando hai problemas, a culpa soamente é da Xunta de Galicia. Ese é o cinismo e a hipocrisía política que vostedes teñen sempre falando do sector industrial e do sector do naval, que está clarísimo, e, ademais, creo que en Vulcano tamén o teñen clarísimo.

Si é verdade, si é verdade que na sesión vespertina de onte quedou claro por parte do conselleiro de Industria, e por parte do presidente da Xunta hoxe tamén na sesión de control, que o compromiso co sector naval é indiscutible e está fóra de toda dúbida, e no caso concreto de Vulcano, ademais, a Administración galega ten demostrado con feitos, señora Rodríguez Rumbo, a prioridade, que é velar polo sector industrial, pero sobre todo polo emprego.

Mire, no ano 2012 a Xunta de Galicia colaborou para contribuír á continuidade do estaleiro, unha oportunidade máis para que o estaleiro continuase; os postos de traballo estaban garantidos e seguiron traballando. En 2017 a Xunta garantiu tamén a construción do ferri; eu mesma debatín na Comisión 6ª co señor Losada, que sabe moi ben como vai este tema, e apoiámos todos a iniciativa.

O que non fai a Xunta —e non vai facer este grupo— é dar falsas expectativas e dar falsos discursos e crer que ten a varita máxica. (*Murmurios.*) Claro que si, claro que si, pode rir vostede todo o que queira. Sempre imos dar a cara. Pode rir vostede todo o que queira, porque se ri na cara dos traballadores permanentemente todos os días.

Mire, nós trasladámoslles, tanto o voceiro de industria do Grupo Parlamentario Popular como o propio conselleiro, aos traballadores cal é a realidade, e a situación real é que a débeda xerada polo estaleiro condiciona a chegada do novo investidor. Iso é moi certo.

Hoxe unha reportaxe nun medio de comunicación galego, nun xornal galego, fala e entrevista varios traballadores, varias xeracións de vigueses do barrio de Teis que traballaron no estaleiro Vulcano, e falan de diferentes directores, diferentes maneiras de xestionar ese estaleiro. Falan moi ben, ademais, de cal foi a realidade e como foi punteiro —si, é verdade, centenario, señor Bará— e ademais como construíu todo ao redor un barrio como unha realidade. É máis que soamente un estaleiro do sector naval. Ten un arraigo importante en Vigo e por suposto que é un problema importante.

Pero os traballadores sempre falan dende a realidade e sabendo cal foi o papel do Goberno nun momento determinado, o papel da Xunta nun momento determinado e que papel xogan eles neste momento. A posición da Xunta e deste grupo é coñecida, porque nunca mudou; incluso antes de que eu estivera neste Parlamento, xa se debatían estes temas e nunca variou dende o primeiro momento, e así se lle trasladou ademais ao comité de empresa e á propia Autoridade Portuaria o pasado venres, cando os traballadores viñeron ao Parlamento.

Dígolle unha cousa: que os galegos saben, ademais, que o Partido Popular sempre dá a cara e sempre vai ser realista, e vostedes cren que todos os males, como dixen antes, son culpa





do Partido Popular e cando as cousas van ben isto vai só, aquí a Xunta de Galicia non ten absolutamente nada que ver.

Polo tanto, por iso a oposición é sempre tan oportunista; están vostedes buscando calquera rama á que poidan vostedes aferrarse para botarlle a culpa de todo ao señor Feijóo e ao Partido Popular.

Mire, convén lembrar datos importantes. Froito dun repunte do Goberno Feijóo, como dixen antes, cando Almunia puxo o *tax lease* aos estaleiros e non tiñan ningún encargo. Aí foi un dos logros e ademais un dos traballos, que a Xunta se empeñou en manter o sector naval con moita calidade. A día de hoxe Galicia lidera a construción naval en España; iso é certo, iso é certo, porque 30 dos 57 pedidos que hai no país son en Galicia.

En 2018 en Galicia acadamos o mellor dato de novos contratos asinados nos últimos dez anos —son datos que vostedes saben— e a Xunta de Galicia destina 50 millóns de euros a consolidar ese crecemento.

Aquí si que construímos buques, señor Casal, de calidade, e quimiqueiros, e de última xeración, e, ademais, non se cuestiona nin a calidade do emprego dos traballadores do sector naval, que falou vostede doutros países nos que a calidade do emprego non é tal, e non se cuestiona a calidade dos barcos. Agora temos que intentar que haxa un investidor en Vulcano, para que isto poida saír adiante.

Dígolle, ademais, que estes datos son nos últimos anos con gobernos do Partido Popular, tanto no Estado como en Galicia, e insisto en que a posición da Xunta de Galicia en ningún momento variou.

Vostedes, señorías do Grupo Común da Esquerda, presentan unha proposición de lei que a Xunta coñece ben, porque leva tempo facendo; é dicir, pide que se busque un investidor. Nós estaríamos dispostos a votar a favor ese primeiro punto se vostedes aceptan a votación por puntos, se pode ser un matiz cunha emenda *in voce* que sexa «continuar a buscar» e non «buscar». Votaríamos en todo caso a favor dese primeiro punto.

Eu vexo a señora Rodríguez Rumbo que non fai máis que rir, rir e rir, o Partido Socialista permanentemente rindo do sector naval, permanentemente rindo, (*Aplausos.*) tanto na cidade como aquí, sempre rindo do sector naval, ¡sempre!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Xa remato agora, señor presidente.

Os argumentos deben ser de peso, e non unhas declaracións do director do Igape, que poden ser máis afortunadas ou menos. (*Murmurios.*) Eles, os traballadores, teñen todo o noso apoio, e fronte ao posturo de dos panos e das camisetas e a transición ecolóxica de Sánchez, fronte ao posturo de Sánchez, está o compromiso de Feijóo; claramente o digo desde esta tribuna.



Polo tanto, con prudencia e con rigor, polo interese do sector, polo interese dos traballadores, polo interese de Teis, de Vigo e de Galicia, este grupo parlamentario estará apoiando Vulcano, por suposto.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

**A señora CHAO PEÑEZ:** Primeiro de nada, agradecer o apoio dos grupos da oposición nesta materia. E, señora Egerique, de verdade que non entendemos nada. A favor de buscar un investidor que non buscaron; agora que se acabou o tempo, a favor diso. En contra de convocar a mesa do naval. Oxalá nos tivera explicado semellante despropósito de proposta de voto. En contra de convocar a mesa do naval e a favor de facer algo que non fixeron.

Mire, é que non é serio. Xa o dixen antes cando falamos de Alcoa. Vostedes levan dez anos gobernando este país, máis todo o tempo que gobernaron antes, gobernaban ata hai catro días o Goberno do Estado, e os datos da crise industrial, da crise do naval, pesan sobre o seu Goberno. E sobre iso non dixo absolutamente nada. Son os resultados de non facer nada, de non interlocutar co sector. Acaba de dicilo: non queren convocar a mesa do naval, porque non lles interesa. O que teñen que dicir as empresas do sector ao Partido Popular non lle interesa absolutamente nada. O que teñen que dicir os traballadores do sector ao Partido Popular non lle interesa absolutamente nada. Menos mal que están eles para sacar adiante os conflitos industriais.

Na miña intervención puxen sobre a mesa dous asuntos fundamentais, que se tomara minimamente en serio o debate e trataría de responder. Primeiro, que buscara un caso no que a actuación da Consellería de Industria resolvera algún conflito recente. Non, non me fale daquel anuncio de Pemex. Algún asunto recente. Non o hai, non fixeron absolutamente nada en ningún dos casos recentes. Nada para Vulcano, nada para a industria auxiliar de Ferrol, nada para Poligal, nada para Isobar, nada para a industria auxiliar de Barreras. Nada. O resultado: peches e despedimentos na industria.

Porque vostedes a única política económica que defenden é o desarrollismo turístico dos anos setenta, que iso, señoría, está esgotado, aderezado con que vén o ano xacobeo, e a ver se así nos vai mellor a todos.

E, segundo, que explicaran que implica que un sector sexa recoñecido como estratéxico para a Consellería do Partido Popular, que significa para o Goberno, que medidas concretas implica. Non respondeu, porque obviamente a resposta é a mesma: absolutamente nada.

O que estamos pedindo na nosa iniciativa é básico: é comprometerse co sector naval, que sexamos coherentes coa súa consideración como sector estratéxico, toda vez que ten capacidade para xerar emprego e riqueza, emprego de calidade, e non ese emprego barato que tanto lles gusta.



Un sector que non pode seguir esperando. A xente está perdendo o seu traballo, os traballadores de Vulcano xa están na rúa e vostedes están deixando caer un estaleiro centenario, con todo o que iso implica para o sector naval deste país, especialmente para a comarca de Vigo, que vai perder unha importantísima unidade produtiva.

E mire, señora Egerique, vostede defende que era mérito de Feijóo encher as gradas. Pois entón, se quere que fora mérito del, será este o seu fracaso. Sexan coherentes. O que non se pode pretender é que os méritos son dun e os fracasos non teñen absolutamente nada que ver con eles, como se aquí non gobernaran este país.

O que fai falla é vontade política para manter a súa actividade, e non é o que está demostrando o conselleiro, que anunciou primeiro á prensa que os propios traballadores os ía recibir o venres, nin do presidente da Xunta, que nin sequera tivo cinco minutos para escoitar as súas demandas.

Remato xa coas palabras dun dos propios traballadores: unha vez feito todo o esforzo que a Xunta nos pediu, chegados ao final, ao día seguinte de presentar a liquidación, vemos que o conselleiro nin nos dá resposta nin nos chama, nin quere saber nada de nós; entón, decidimos dar os pasos adiante que a Xunta de Galicia non dá.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, núm. 55584 (10/PNP-4113).*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:*

*<<3) Elaborar un plan específico de recuperación de profesionais que se atopen traballando na emigración e no ámbito da Sanidade privada>>.)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, nte esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei (55584) (10/PNP-004113).*



*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, no ámbito da mellora dos servizos de sanidade, a convocar no ano 2020 o volume total de prazas de MIR acreditadas polo Ministerio de Sanidad e que contén con titor, nas especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria, Pediatría e Enfermería Familiar e Comunitaria; e a ofertar o contrato de continuidade por unha duración de ata 3 anos, a todos os residentes que finalicen a súa formación nas especialidades mencionadas, durante os anos que exista déficit destes profesionais no sistema público de saúde».)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 55584 [10/PNP-004113].*

*Emenda de adición.*

*Engadir os seguintes puntos:*

*«3.- Esixir a inmediata derogación da taxa de reposición e convocar unha oferta pública de emprego (OPE) coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías.*

*4.- Comprometer nos orzamentos da Xunta para 2020 as partidas suficientes para a incorporación ao Sergas destes profesionais».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas.

Hoxe, falando de sanidade, en realidade tamén imos falar de emprego, de emprego en sanidade, que é unha cuestión que é probablemente o problema esencial do noso sistema. Temos un problema na sanidade pública, e fundamentalmente é un problema de persoal; un problema que se explica polo déficit de profesionais sanitarios e tamén pola precariedade e explotación á que están sometidos os profesionais que están hoxe no noso sistema, e diso derivan dificultades para manter a calidade asistencial, porque probablemente non chegan a todo o que quixeran, e non temos un sistema ben dotado por culpa dunhas políticas en temas laborais bastante precarias, como, polo que estamos vendo, ocorre en todos os eidos da política laboral deste goberno. A pesar diso, tamén neste eido imos comprobar como a esencia é que a culpa —¡como non!— sempre é doutro.

Temos un problema no que as solucións non son fáciles, pero puideran ter algunhas cousas avanzadas. Melloras condicións laborais mellorarían a posibilidade de ter máis profesionais, indubidablemente. Moitos dos profesionais que se forman en Galicia e que son galegos aca-



ban fóra, porque aquí son maltratados laboralmente. Temos das peores condicións de todo o Estado e temos uns profesionais que advirten de que con esta situación seguirán marchando novos talentos en medicina, novos talentos en enfermería, novos profesionais nas distintas áreas sanitarias.

Hai un desleixo intencionado da Xunta con respecto a esta área, e un dos espazos que non resolve por completo, pero contribúe bastante, é formar novos especialistas. Calquera goberno sensato que admita que ten un problema de persoal —e, aparentemente, aínda que só sexa como escusa, este goberno dío— debería de plantexarse que formar máis persoal ten bastante sentido. Ata o de aquí podería ser algo que asinemos todos.

¿Que pasa coa formación en medicina? A formación en medicina, que neste noso país está considerada das mellores do mundo —o sistema MIR que temos é envexado por practicamente todos os sistemas sanitarios do mundo—, ten algunhas cuestións, e é que os gobernos deben de apostar por el. E este goberno da Xunta no aposta polo sistema MIR, basicamente porque non confía en que o seu problema de persoal se resolva formando máis profesionais.

A verdade é que resulta sorprendente: se temos un déficit de profesionais e podemos formar máis, formemos máis. Parecería tamén unha lóxica inapelable. Non é así.

Feijóo e Rajoy convertéronse aquí en cómplices necesarios para dismantelar pouco a pouco o sistema, tamén a través da convocatoria MIR.

Vexamos algúns datos. A verdade é que vimos ultimamente ofrecendo moitos datos, e algunhas veces parece que non se queren escoitar, e creo que é importante ofrecer algúns para contrapoñer tamén eses modelos que ás veces é importante ver como afrontamos cada un, cada partido, ou cada modelo o sistema sanitario.

Estamos este ano ante a convocatoria MIR máis grande da historia —é un dato obxectivo e, ademais, é sinxelo de entender—, a convocatoria MIR máis grande da historia, o que quere dicir que temos a posibilidade de formar máis médicos que nunca, máis médicos que nunca. Debera ser unha boa noticia.

Vaiamos facer un pouco de historia —non moita—, imos facer unha historia destes últimos anos deste goberno da Xunta, do Goberno Feijóo, para ver que pasou, para ver eses aparentes militantes de Galicia que son militantes do Partido Popular, porque son militantes do Partido.

Permítanme unha apreciación: a diferenza entre os militantes do Partido Socialista e os do Partido Popular é que nós non nos avergoñamos de ser militantes do noso partido; esa é unha pequena diferenza. Entendemos que vostedes si; por iso esconden o partido, pero tranquilos, non pasa nada sobre iso. Nós non nos avergonzamos.

Último ano do Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, malvado Zapatero, convocatoria MIR en Galicia: 363 prazas que puideron ser convocadas —363—. ¿Que pasou coa chegada de Rajoy ao Goberno? *Mandó el comandante*: 308. Xa naquel momento se falaba da necesidade de máis médicos. ¿Que fixo un goberno de dereitas? Baixar a convocatoria de profesionais.



Se necesitamos máis médicos, formamos menos profesionais; intelixencia sublime. 308, á chegada de Rajoy. ¿Sabe cantos convocamos este ano? 457; subimos un 150 % esa convocatoria. Hoxe hai un 150 % de convocatoria máis grande que a que tiña o Goberno Rajoy.

Claro, parece que é unha aposta clara polo modelo. Se nós cremos que hai que formar máis médicos na pública, convocamos máis prazas; parece razoable. Alguén poderame explicar entón dúas cousas. Primeiro, ¿por que Rajoy baixou a convocatoria? E, segundo, ¿onde estaba o presidente Feijóo, que tanto reclama? ¿Dixo algo? ¿Fixo manifestacións gloriosas? ¿Encabezou unha marcha a Madrid a protestar? ¿Abandonaron as reunións do Consello Interterritorial, como fixo ultimamente neste último ano o conselleiro? ¿Protestaban enerxicamente? ¿Como era isto que facían? Feijóo, chitón —¿non?, dixeron—. ¡Pois aí está! (Aplausos.)

É máis, voulle contar: nestes últimos dez anos ¿sabe cal foi o presidente que convocou o menor número de prazas MIR para Galicia? Rajoy; e Feijóo, chitón. ¿Sabe cal foi o presidente que máis prazas MIR convocou para Galicia? Pedro Sánchez; e, curiosamente —aí é coherente—, Feijóo, chitón, porque non son quen nin de celebrar ou polo menos de recoñecer —que tamén non llo imos pedir, non se preocupe—.

Temos un problema especial en medicina de familia, médicos de familia comunitarios. ¿Sabe cal foi o mínimo histórico que se convocou para Galicia nestes últimos dez anos? 88. ¿Que presidente as convocou? Rajoy. ¿Que fixo Feijóo? ¿Mobilizouse enormemente? ¿Protestou enerxicamente? ¡Chitón! (Murmurios.) Pois debe ser que ten unha vocación de protesta e de militancia de Galicia. Agora, é militancia de Galicia, pero depende, depende de que Galicia.

Temos un problema cos pediatras. Calquera podía pensar que, aínda que existe un número deficitario en xeral en toda España, poderíamos intentar convocar máis número de prazas para formar pediatras. ¿Sabe o que pasou nos últimos anos? Que non se pediron máis, Galicia non pediu máis pediatras. E isto é importante, ¡non pediu máis pediatras! Como non pediu máis prazas de médicos ata que chegou o Goberno de Pedro Sánchez, que entón xa era un problema. ¿Sabe cantas vai haber para este ano? 27. ¿Sabe cantas había antes? 20. ¿Sabe que porcentaxe é ese aumento? Pois practicamente un 33 %, que non é pouca cousa. ¿Sabe que deberían de facer? Agradecelo, celebralo ou polo menos actuar con responsabilidade.

Mire, o mínimo histórico de médicos de familia nun ano —que o deu Rajoy— foron 88 para formar en Galicia. ¿Sabe cal é a diferenza? 40 ao ano con respecto a este último ano, ¡40 ao ano! 40 médicos ao ano durante os últimos cinco anos —porque aqueles xa estarían formados hoxe— son 200 médicos máis. ¿Resolven todo o problema do sistema? Non, probablemente, pero resolven unha boa parte. Vostedes deixaron sen pedir eses 200.

Pero é que é máis: é que dos que si tiñan concedidos non pedían todos, e agora voulles explicar isto, que é moi curioso. Porque mentres o PP gobernaba, aquí o PP de Feijóo dicía: non podemos, non podemos convocar máis, non hai, nós facemos o máximo. Cambiou o Goberno: a culpa é do Goberno de Madrid, queremos convocatoria extraordinaria —ilegal, por certo, pedían unha ilegalidade; por certo, ilegal grazas a unha lei de Aznar, pedían unha ilegalidade—, queremos máis, queremos unha nova convocatoria. Se, ao final —permítanme—,



eu estou convencido de que os deputados do Partido Popular de Galicia votaron a Pedro Sánchez, porque así poden botarlle a culpa a alguén; vostedes votaron a Pedro Sánchez, acabáronselles os inimigos internos, entón non eran capaces de botarlle a culpa nin a un empresario nin ao goberno de non sei onde. Votaron a Pedro Sánchez para poder botarlle a culpa a alguén, porque estaban avergoñados, probablemente, do Goberno Rajoy, pero non eran capaces, porque vostedes co Goberno Rajoy calaron sistematicamente. ¿Que pasou? Que chegou Pedro Sánchez e xa teñen a quen botarlle a culpa. Pero os feitos son os feitos: a convocatoria MIR máis grande da historia.

Chegamos a este punto e temos a posibilidade de formar máis médicos que nunca. ¿Que vai facer a Xunta de Galicia? Pois o que nós traemos é unha proposta para dicir que, xa que temos a posibilidade de convocar o maior número de prazas que nunca puidemos e temos un déficit de médicos, convoquémosla. Parecería normal. Agardamos, por tanto, que o Partido Popular vote a favor. Sería o lóxico. Se temos un déficit de médicos, se podemos formar agora o maior número de médicos posibles, formémolos. Sería unha acción bastante sinxela, todos somos capaces de facela. Están as posibilidades agora, utilícenas. Porque queremos convocar prazas de médicos para o sistema público, ¿non? Queremos formar médicos, ¿non? Supoño que agora, se estabamos pedindo incluso convocatorias extraordinarias —que eran ilegais—, pero se estamos pedindo convocatorias extraordinarias, é porque queremos formalos; non sería unicamente unha escusa. Por tanto, xa que temos esa oportunidade, aquí está a nosa proposta.

Se agora nos presentan algunha dificultade, será entón que estaban facendo o paripé, pero agardamos que non, porque o normal sería convocar todas as prazas posibles; e, se non, agardamos que o Partido Popular explique por que non quere convocar todas as prazas que pode de médicos de familia.

Hai un antecedente, e é que durante todos os anos de Feijóo se deixaron de convocar 150 prazas de médicos; hoxe teríamos 150 médicos de primaria máis se non fora por unha decisión de Feijóo que non quixo. Por tanto, agardamos que a partir de agora o corrixan, que cando corrixen ás veces acertan...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...e poidan convocar todas as posibles, porque temos un Goberno do Estado que convocou o MIR máis grande da historia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Fagan uso del e convoquen todas as prazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á intervención dos grupos emendantes.

Por parte do Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Vázquez Verao.



**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, é evidente que a nosa sanidade ten un problema de persoal en todas as categorías, na especializada e na primaria, e que isto pasa, por un lado, por ese déficit de persoal —de aí a importancia da convocatoria axeitada de prazas MIR—, pero tamén pola estabilidade laboral, que é onde ten que actuar a Xunta. Nós cremos que non se debería poder obviar o evidente durante anos. Non obstante, a Xunta pechou os ollos, sen facer valer —como aquí xa expuxo o propoñente— esa solicitude de prazas MIR, que si fixo valer cando houbo un cambio de goberno no Estado.

No caso da medicina de familia, en atención primaria estamos continuamente vendo que é dramática a falta de profesionais. Vimos este verán unha situación tremenda, especialmente na comarca do Salnés, da que precisamente temos un debate mañá na Comisión. E facíase evidente a necesidade dende hai tempo de planificar esta solicitude de prazas MIR e planificar poder formalos no país, e logo planificar —outra vez planificar— que haxa postos de traballo axeitados.

Pola contra, durante os anos do Goberno do PP no Estado reducíronse as prazas e non houbo unha reivindicación axeitada e unha planificación, e isto é especialmente grave na cuestión da pediatría. É esencial mellorar as condicións laborais. A saturación laboral é exaxerada en atención primaria. Cupos saturados. En pediatría, temos lugares onde non se pode dar cobertura a este servizo de proximidade: na montaña luguesa, Chantada mesmo acaba de quedar outra vez con pediatría dous días á semana, nas terras de Trives... En fin, hai un cúmulo de situacións que fan que non haxa estabilidade laboral e que non haxa unhas condicións laborais dignas. Mesmo os colexios médicos van reivindicar ante a Xunta ese plus de gardas para as médicas embarazadas, que xa fora unha reivindicación hai tempo.

Así pois, ¿que temos? Ben, unha convocatoria MIR que permite ese aumento de prazas, que aínda así non son suficientes; e é tarefa, evidentemente, da Xunta permitir convocar todas esas prazas habilitadas, o que conleva, efectivamente, aumentar o orzamento sanitario, posibilitar a contratación estable logo de que os MIR rematen a formación e ter medios para a formación.

A nosa emenda que presentamos vai simplemente na necesidade de ter tamén un plan específico para recuperar todas esas profesionais que están na emigración e que volverían ter postos de traballo axeitados e boas condicións laborais, incluído tamén profesionais que se atopan na privada. Esta é unha das nosas medidas que propoñemos de mellora de atención primaria e considerábamola acaída. Pero, obviamente, votaremos a favor da súa proposición non de lei, independentemente da aceptación ou non da emenda. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Para ter uns servizos sanitarios de calidade, para ter unha asistencia sanitaria pública de calidade, é preciso ter profesionais formados, cualificados e en número suficiente. Isto pa-





rece que é así de perogrullo dicilo, mais a realidade é que isto non é o que temos no sistema sanitario público de Galiza, senón que temos un sistema sanitario infradotado de persoal, cunha importante parte do que temos en situación de precariedade laboral. E isto é así porque se actuou para que fora así, é así porque se tomaron as decisións para que esteamos nesta situación.

O DOG do 18 de maio do ano 2012 publicaba o Plan de ordenación de recursos humanos do Sergas. E este plan, concibido como un instrumento de planificación, concluía que había un importante envellecemento do persoal. Decía textualmente que neste instrumento de planificación, logo de analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previa da estrutura poboacional e da actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese que hai un significativo envellecemento en termos globais do persoal dos organismos, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario.

Isto dicíao o propio Plan de ordenación dos recursos humanos do Sergas, feito polo Partido Popular na Xunta de Galiza, no Sergas, e publicado no DOG no ano 2012. ¿E que pasou a continuación? Pois que a Consellería e o Sergas pasaron olímpicamente do seu propio Plan de ordenación de recursos humanos. A consecuencia era obvia, era que en pouco tempo o Sergas non ía dispoñer de persoal para cubrir as vacantes que se ían producindo por xubilación, nin ausencias nin baixas.

O BNG trouxo esta cuestión aquí xa na anterior lexislatura, xa faciamos referencia e alertabamos sobre esta situación, mais o Partido Popular votou en contra porque era alarmismo innecesario o que facía o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, o Partido Popular non actuou na formación para levar a cabo estas políticas laborais de fomentar a presenza e a necesidade de profesionais e tampouco lles ofreceu condicións laborais dignas para que quedaran en Galiza ao terminar o seu proceso de formación. Son precisas fórmulas para dar estabilidade, non fórmulas para perpetuar a precariedade. Os profesionais da sanidade pública de Galiza están ao límite, están fartos de contratos de días e contratos de horas e fartos de encadear contratos dun, dous, tres meses durante anos, e están fartos de ter que facer o traballo deles, o traballo do do lado e o traballo do do lado do lado; é dicir, están nunha situación límite.

Entón, por tanto, imos concordar co que expoñía aquí o deputado do Partido Socialista, que formemos un maior número de médicos posíbeis —estamos de acordo—; mais no que tamén estamos de acordo é en que, logo desa formación, os integremos no sistema.

E hai unha cuestión que imposibilita a integración no sistema do número necesario de profesionais, do número de profesionais eliminados do sistema desde a aplicación da taxa de reposición desde o ano 2010 que puxo en marcha o Partido Socialista e que non derrogou o Partido Popular. Entón, formémolos, estamos de acordo; pero tamén logo estamos de acordo en que hai que integralos no sistema, e para poder integralos no sistema é necesario derrogar esa taxa de reposición.

Como aquí se ten manifestado por activa e por pasiva polo Partido Popular e polo Partido Socialista, que están de acordo en derrogar esa taxa de reposición, que supuxo a eliminación de centos de profesionais do sistema, é polo que o BNG tamén volve traer aquí unha emenda



na que dicimos: «exixir a inmediata derogación da taxa de reposición» —que estou convencida de que uns e outros van derogar, non o fixeron pero quero crer que o van facer, estean uns ou outros formando parte dun goberno—, e convocar a oferta pública de emprego da OPE coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías. Tampouco nos vale ao BNG facernos trampas de acumular todas as prazas soamente en médicos e eliminar outras prazas tamén necesarias. É preciso incorporar todas as prazas.

E logo é precisa unha cuestión obvia: comprometer nos orzamentos da Xunta do ano 2020 —en poucos días van presentar neste Parlamento, segundo dixeron, os orzamentos— as partidas suficientes para incorporar ao Sergas estes profesionais. É preciso formar máis...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...é preciso incorporalos á rede, e para iso é preciso cartos contantes e soantes, branco sobre negro ou negro sobre branco, nos orzamentos da Xunta, para ver se todo o que se di se quere que se converta en realidade.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O señor Torrado falou aquí das 363 prazas MIR que convocou o señor Zapatero, pero esqueceu que o señor Zapatero puxo unha taxa de reposición do 10 %, co cal sería formar especialistas para deixalos no paro; iso non importa. Tamén esqueceu, señorías, a situación económica na que España quedou despois de pasar o señor Zapatero. Hai un responsable da crise e hai un responsable da situación a día de hoxe, que non é casualmente o Partido Socialista, e Mariano Rajoy e o Partido Popular son os culpables, efectivamente, de que esteamos como estamos agora e que se poidan incrementar as prazas MIR. Pero comparar situacións do ano 2010 ao ano 2019 parece francamente inxusto.

E o señor Torrado comeza a exposición de motivos da súa iniciativa cunha afirmación lapidaria, que estamos acostumados a escoitar pola súa parte: o gran problema do sistema público de saúde de Galicia —de Galicia— está na política de recursos humanos. Estamos de acordo co déficit de profesionais, nomeadamente médicos de familia e dalgunha outra especialidade; é un problema. Pero xa falamos en distintas ocasións e xa demostramos en distintas ocasións neste estrado que o problema non é exclusivo de Galicia, que afecta todas as comunidades autónomas.

Eu teño tres perlas destes últimos días. *Los médicos navarros aplazan la huelga para dar más tiempo a Salud. Viernes negros de la sanidad aragonesa, los sanitarios vuelven a salir a la calle. CESM*



denuncia que los MIR se marchan de la Comunidad Valenciana por la precariedad laboral. Parece que os médicos galegos non van poder emigrar a ningunha destas tres comunidades.

Pero é que, ademais, hai un novo artigo publicado no *Diario Médico* estes días, que é un informe do Ministerio de Sanidade sobre o estado da sanidade na Unión Europea do ano 2018. E o título é: *La falta de especialistas no es solo un problema español. El déficit de especialistas médicos, el envejecimiento de las plantillas y el desarrollo de la atención primaria son retos que sobrepasan las fronteras españolas*. Este é un informe do Ministerio de Sanidade. E destaca ese mesmo informe que o número de médicos e persoal de enfermería tense incrementado en case todos os países, pero que é común o déficit de médicos, nomeadamente en zonas rurais en toda Europa e remotas e, fundamentalmente, de médicos xeralistas. E fálase moito aquí sempre da planificación. Ese mesmo informe di que a planificación deste asunto é moi complicada, polos posibles cambios nas necesidades profesionais, polas correntes migratorias e polo envellecemento do cadro de persoal.

Eu creo que estas referencias abundan para desmontar o discurso catastrofista sobre a sanidade galega que ten o señor Torrado, que vén deostar esta sanidade galega nun recente foro de parlamentarios de sanidade que se celebrou en Segovia, e onde o señor Torrado afirmou: «O modelo ten rebentado en Galicia».

Este que lles fala xa foi testemuña noutra ocasión nun foro similar, nese mesmo foro, doutra actuación doutra persoa do Partido Socialista de Galicia que actuou alí e que dixo unhas cousas similares ou, inclusive, peores que estas, cunha cara de perplexidade de todas as persoas asistentes, incluídas as persoas do propio Partido Socialista.

Tamén dixo vostede, señor Torrado, nese foro cousas que aquí non escoitamos neste Parlamento. Por exemplo: «Os pacientes van á primaria aínda que ás veces non faga falla». Ben. Outra: «A cuestión non son os recursos, é a organización». E: «O paciente ademais non é o eixo do sistema, é o médico e todo xira ao redor deles». E ofrece como solución incrementar psicólogos, fisioterapeutas ou inclusive administrativos.

A valoración das necesidades e dos problemas de atención sanitaria da sanidade galega que fai o señor Torrado nese foro ten pouco que ver co que manifesta habitualmente neste Parlamento.

Mire, señor Torrado, no Interterritorial, no último Interterritorial de sanidade do Goberno de Rajoy, aprobáronse unha serie de medidas para mellorar a formación de especialistas: acreditación de prazas MIR, homologación de médicos extracomunitarios, especialidades de enfermería e cambios lexislativos para incentivar a permanencia en difícil cobertura ou rexistro profesional.

Non houbo avances nos quince ou dezaseis meses últimos en ningún destes campos, pero hai un Interterritorial a semana que vén —por suposto, preelectoral—. Nese Interterritorial nos dezasete puntos non se fala para nada nin da atención primaria nin de formación, que son realmente os problemas que ten a sanidade galega. Por suposto, tampouco se fala da taxa de reposición nin dos problemas de primaria nin da sanidade a nivel do Estado nas trinta e cinco medidas sociais do Partido Socialista.



Nós presentamos unha emenda, e a emenda refírese fundamentalmente á atención primaria, porque é a que ten os problemas neste momento máis graves da sanidade pública galega e española.

A emenda, diante do compromiso xa expresado polo conselleiro e pola Consellería de convocar todas as prazas, é: ofertar todas as prazas MIR de medicina e enfermería familiar e comunitaria e tamén de pediatría, convocando na convocatoria do ano 2020 todas as prazas MIR acreditadas que contén con titor, que teñan titor; porque un problema das prazas de familias é que hai titores que se desprazaron... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si—, e hai prazas que están acreditadas que non teñen titor, e ofertar un contrato de continuidade a todos os residentes que rematen a especialidade de familia e as que teñen que ver coa atención primaria. Porque vostede pide na súa proposición contratos estables para todos os profesionais que rematen o MIR. Eu creo que para ter un contrato estable, e máxime como interpretan vostedes...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...non incluíndo as interinidades, hai que pasar por un exame de OPE, non se poden dar as prazas directamente.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Suspenso. Esa é a nota que merecen todos os conselleiros e conselleiras de Sanidade dos últimos dez anos e incluso os ministros e ministras. Porque isto non se pode converter nun debate de «e ti máis». Temos problemas coa cobertura das especialidades que se coñecían hai dez anos e a planificación foi un desastre. Non se pode chegar a unha situación agora na que faltan os profesionais en atención primaria e en pediatría. E esta situación tiña que terse planificado, evidentemente; agora veñen as présas e os problemas á hora da cobertura. Claro que non acontece só en Galicia, porque a planificación, o problema da planificación é que non se atendeu durante todos estes anos. É unha parte parcial, evidentemente —tamén conta—, a contratación.

Pero, dende logo, deberían de recibir unha amoestación pública, porque agora temos un problema a nivel de saúde que é bastante importante no que ten que ver cos pediatras e, evidentemente, tamén no que ten que ver coa atención primaria, e son os problemas máis relevantes. Hai outras especialidades que historicamente teñen problemas, como poden ser anestesia —hai outras—, pero, evidentemente, non son tan abundantes nin teñen unha cantidade determinante á hora da atención directa á saúde; son moi importantes, pero hai menos profesionais dentro do sistema de saúde. E ese é un problema.

Entón, este debate non se pode converter nun pim, pam, pum. E durante esta lexislatura e na anterior nós fixemos propostas nese sentido. Hoxe imos apoiar esta proposición non de



lei que trae o Partido Socialista. Entendemos que hai que planificar o número de residentes e claro que tamén é importante o número de prazas que se sacan a convocatoria pública.

Nós, dez anos despois da crise, negámonos a asumir que non había máis remedio que recortar. Non é certo. Defendémolo aquí moitas veces. Houbo cartos para rescatar as caixas de aforros; non obstante, tomouse unha decisión polos diferentes gobernos no Goberno central e aquí tamén. E agora temos un problema, porque se nos suman as amortizacións de prazas coa falta de previsión na necesidade de formar novos profesionais. Evidentemente, formar un médico, unha médica, é un proceso de cinco anos como mínimo —estou falando da residencia, non da carreira—, como mínimo. E, polo tanto, se non hai previsión, hai unha dificultade.

Nós imos apoiala —e ademais no debate do estado da nación falamos desta cuestión—. Temos un problema, deberíamos formar todos os que puideramos e, evidentemente, hai que garantirilles a continuidade. Pero esa continuidade deberíamos debatela en serio, porque nós non defendemos o contrato de continuidade da Xunta, si defendemos que se dea un contrato, pero hai que concretalo. ¿A xente non o acepta por que? Porque a mobilidade interna é moi grande; polo tanto, a tendencia debería de ser, primeiro, fixar todo o emprego posible, é dicir, as ofertas públicas que cubran de maneira estable todas esas prazas e, no caso dos residentes que rematen e que necesitamos para cubrir as ausencias dentro do sistema, darlles a maior estabilidade posible, é dicir, reducir todo o posible a mobilidade xeográfica. Ese é un elemento importante e eu creo que debería estudarse premiar aqueles que traballen nos sitios menos atractivos —entre comiñas—.

Temos un problema tamén cos hospitais comarcais e coas zonas alonxadas. E ese é un traballo que hai que facer, e hai que sentarse e falalo en serio e non trasladándoo a un debate de campaña; é dicir, é un problema moi serio e en realidade debería estarse a traballar nun formato que permitise formar todos os posibles, sacar todas as OPE posibles evidentemente. O aumento da taxa de reposición é importante, pero tamén hai que traballar nos orzamentos que veñen do próximo ano. E, por suposto, que os contratos que se dean para as coberturas se fagan coa maior estabilidade posible, negociados. Porque o problema é que agora —e por iso nós estamos en contra— un contrato dun ano no que se van movendo os profesionais por diversas áreas tampouco é aceptado en moitas ocasións, porque, evidentemente, non garante unha estabilidade para eses profesionais, dificulta moito a conciliación da vida familiar e laboral. Se queremos que volvan os poucos que están fóra —os poucos ou moitos, os que poidamos atraer— temos que plantexar unha proposta que sexa minimamente seria, e ten que haber un consenso nese elemento.

Estes meses o que se estivo traballando dentro desas comisións técnicas non tivo ningunha aplicación práctica. E nós insistimos: foi un elemento para desmobilizar os profesionais, para sacalos da rúa, para destensionar antes dos procesos electorais. E imos atopar que, como as conclusións non están, non van aparecer nos orzamentos as partidas necesarias para poñer en marcha esas medidas que se propoñen. E por suposto que fan falta outros profesionais como a fisioterapia e a psicoloxía, o traballo social, pero fan falta recursos e planificar, e para iso é necesario que as diferentes administracións se poñan de acordo e que obviemos. Non se pode reparar xa o que se fixo mal, imos sentarnos a ver que podemos facer a partir de agora.



Nós nese sentido apoiamos esta e calquera proposta que veña por parte dos grupos encamiñada a esta situación, porque en realidade —remato xa— temos un problema que vai custar bastante tempo resolver, polo que vai custar incorporar todos os profesionais que se vaian formando.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Ben, ao final a cuestión é coma sempre: algúns defendemos a incorporación de persoal ao sistema público e outros sempre atopan escusas.

Imos incorporar as emendas que se propoñen por parte do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego. É certo que non tratan exactamente da cuestión, pero está todo entrelazado, e, polo tanto, asumimos que sexa así. Aínda que particularmente a voceira do BNG falou explicitamente unicamente da súa emenda e non da nosa iniciativa, pero incorporámola, non temos problema, e, particularmente non temos problema en votar a favor da taxa de reposición. Supoñemos que o Partido Popular votará a favor tamén, porque sempre di que a defende, aínda que só a defende cando gobernan outros en Madrid. En todo caso, non pasa nada. *(Aplausos.)*

Permítame que lle expliquemos. Sobre a emenda do Partido Popular e a posición do Partido Popular, voume permitir unha paréntese. Voume permitir unha paréntese, señor Núñez Centeno. Fixo vostede algunhas apelacións que é necesario responder.

En primeiro lugar, agradezo que siga as miñas intervencións nos distintos foros aos que nos convidan, estou encantado. O que lle pido é que non faga trampas. Permítame, porque había xente do seu grupo parlamentario que estaba alí e vostede non e, polo tanto, pódennlle dicir o que eu afirmei bastante. Por certo, nunha mesa cunha directora xeral do sistema andaluz ou co seu portavoz en Madrid, que, por certo, me daban a razón, tamén cando dixen que o sistema en atención primaria en Galicia tiña rebentado por culpa da mala xestión dos profesionais. E é certo: rebentou, porque, se non, igual é que vostede non se enterou de que hai folgas constantemente e vai haber outra máis. *(Aplausos.)*

Pero tamén lle vou dicir outra cousa, tamén lle vou argumentar outra cousa. Cando vostede sostén que eu dixen —e dixen efectivamente— que moitas veces os pacientes van aos centros de saúde, van ás urxencias dos centros de saúde, aos PAC e moitas veces non saben que non deben de ir, cortou unha parte importante, a que engadín, porque engadín: iso é por dúas cuestións: unha, porque confían plenamente no seu médico, e, dúas, porque o paciente non é responsable de saber cando ten que ir e cando non. E por iso necesitamos ter máis profesionais no centro de saúde, que é o que vostedes non fan. Vostedes o que lles piden aos profesionais é: fagan todo o que poidan, que non lles poñemos máis, e aos



pacientes dinlles: vostedes non saben de medicina; pois claro que non saben, para iso teñen profesionais. Así que, a próxima vez, veña aos foros e, polo tanto, poderá opinar do que opinamos nós.

Como última cuestión, sobre a emenda que propón o Partido Popular, que así pode exculpar a maneira de non votar, o que estaba dicindo vostede agora, se eu me defendera en nome de todo o seu grupo, basicamente é: levamos pedindo máis prazas MIR moito tempo, chegamos a pedir unha convocatoria extraordinaria, ilegal, pero, agora que nos dan máis prazas, ¡ai que pena, que non ten titor e non podemos convocalas! Entón, ¿para que pedían unha convocatoria extraordinaria? Unicamente para escabullir o vulto. ¿Sabe por que? Porque a vostede, digno representante do seu goberno, como lle pasa ao presidente Feijóo, e vostedes unicamente están mirando a quen botarlle a culpa. A vostedes o sistema sanitario impórtalles un bledo e do único do que están preocupados é de buscar a quen botarlle a culpa. A vostedes non lle importa a sanidade pública, están sempre na súa contra. E ¿sabe o que lle pasa? Que, como lles importa un bledo, do único que están preocupados neste sistema, neste momento, é de buscar gañar o puñetero relato. (Aplausos.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación. Se lles parece a todos os deputados e deputadas, se collen o guión, eu evito ter que ler todo o que imos votar e así imos soamente co número e abreviamos algo.

Entón, comezamos votando a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi defendida pola señora Rodil, na que manifestou que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e acepta un punto da emenda do Grupo Parlamentario Socialista, ou que pedía a votación por puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aceptaba a votación por puntos. Son dous puntos. Votamos o primeiro punto.

Votamos.

*Votación do punto primeiro do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o segundo punto desta proposición.



*Votación do punto segundo do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Mixto por iniciativa de D. David Rodríguez, na que está pendente unha transacción e incluso unha votación por puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non hai transacción, e votación por puntos, tampouco.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva que se está a levar a cabo na comarca da Limia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20 ; votos en contra, 40; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado, na que estaba pendente unha transacción. Se nola le.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, presidente.

A transacción que imos votar é a nosa proposición, os puntos 1 e 2, e de engádega un punto 3, que diría: «Presentar na Cámara, logo dos informes preceptivos, o Proxecto de lei do xogo, para iniciar o proceso de tramitación parlamentaria da mesma». É unha transacción co Bloque Nacionalista Galego.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se establece a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións ela-*





*borar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 23.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D. Xoaquín Fernández Leiceaga. Non hai emendas.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e D<sup>a</sup> María Teresa Porritt Lueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía de acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE:** *A seguinte é do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do señor Vega Pérez, que non aceptou as emendas.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Vega Pérez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por 73 votos a favor esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Rivas Cruz, na que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*



Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora... —(Murmurios.) Silencio, por favor— a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda por iniciativa da señora Chao, na que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto nin do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda por iniciativa tamén da señor Luca Chao, na que non se presentaron emendas. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? ¿Votación por puntos pide vostede? ¿Acepta vostede a votación por puntos? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Acepta. ¿Cantos puntos son? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Dous. Votamos o punto primeiro.*

Votamos.

*Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*



*En consecuencia, queda aprobado por 73 votos a favor este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto segundo desta proposición non de lei.

Votamos.

*Votación do punto segundo da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D. Julio Torrado, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Paso agora a lerlles, porque mo trasladan así os grupos, un manifesto con motivo do Día Mundial da Arquitectura, que di: «Arquitectura, vivenda para todos e para todas». E di:

«Este ano, no Día Mundial da Arquitectura, o luns 7 de outubro, a Unión Internacional de Arquitectos, o Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, poñen o foco sobre o desafío decisivo que representa a vivenda para todas e todos. En todo o planeta máis de mil millóns de persoas viven de xeito precario e sen servizos urbanos e millóns de homes e mulleres refuxiados e desprazados por conflitos e catástrofes carecen dun teito de maneira permanente.



En España a progresiva concentración ao redor das grandes cidades e a falla dun parque residencial accesible están encarecendo o prezo da vivenda. Isto dificulta que a xuventude e as familias poidan acceder a unha vivenda que responda ás súas necesidades de forma digna e axeitada mentres que o mundo rural, tan presente en Galicia, sofre o fenómeno de despoboamento.

Os cambios acelerados que vivimos, a urxencia de afrontar a emerxencia climática, reducindo o consumo enerxético dos fogares, e a necesidade de os adecuar aos modos de vida e de traballo actuais e aos requirimentos dunha poboación cada vez máis envellecida, amosan un parque de vivendas que require unha transformación xeneralizada e urxente.

Os profesionais da arquitectura dirixen os esforzos a contribuír na resposta colectiva que existen estes retos, fronte ao prezo inalcanzable da vivenda, achegando solucións arquitectónicas eficientes, innovadoras e transversais e estratexias urbanas e territoriais que reequilibren a oferta e a demanda a medio e longo prazo, contra o despoboamento proporcionando planeamento urbano e estratéxico de diferentes escalas e accións de consolidación e renovación urbana en cada concello, e impulsando e contribuíndo á renovación e adecuación do parque de vivendas edificado para garantir a súa calidade e para que atenda unhas necesidades habitacionais actuais e futuras moi diferentes das que existían cando se construíu.

Por todo isto, os arquitectos de Galicia cren necesario dar un salto adiante, un paso que implique a todos os axentes involucrados (colexios profesionais, institucións locais, provinciais e autonómicas e, por suposto, toda a sociedade galega), para que, entre todos, poidamos poñer freo ás situacións coas que moitas veces nos atopamos, traballando xuntos para garantir o dereito a un acceso a unha vivenda digna para todas as persoas, uns alertando e informando e outros facilitando axudas e asistencia. Porque son moitas as vivendas que seguen a carecer de auga quente, moitas delas propiedade de persoas maiores e con baixos recursos, outras que carecen de sistema de calefacción ou illamento mínimo e onde residen familias con varios menores a cargo, centos de casuísticas que nos alarman, preocupan e obrigan a comprometernos. Porque non cremos que na sociedade na que vivimos poidamos tolerar que existan tantas vivendas ou construcións que carezan das condicións mínimas de habitabilidade, de seguridade e incluso de estabilidade, infravivendas que no noso territorios son miles.

Reduzamos o seu número e garantamos así vivendas dignas e axeitadas, integradas en contornos construídos e medioambientais de calidade, para todas e todos, pero especialmente para as familias e as persoas máis vulnerables de Galicia. Construamos canles coa sociedade, construamos dignidade e dereitos, construamos vivendas para todas e para todos».

Moitas grazas. *(Apróbase por asentimento.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Agora continuamos. Abran as portas, por favor.

**Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira**

**O señor PRESIDENTE:** Informo que o Consello da Xunta de Galicia, con data 3 de outubro de 2019, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comuni-



dade Autónoma de Galicia para o ano 2020, que se fixa en 10.160 millóns de euros, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, remitido a esta Cámara para a súa aprobación xunto co informe da estratexia financeiro-fiscal á que se refire o artigo 12.1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación e a seguir concederáse unha rolda de dez minutos para os grupos parlamentarios.

Comezamos, polo tanto, coa presentación do conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o 2020, aprobado a semana pasada no Consello da Xunta, en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. O Goberno galego foi pioneiro na aprobación por lei deste instrumento e este é xa o noveno ano que o presenta a esta Cámara.

Co fin de achegar a máxima transparencia, quero lembrar que decidimos non só que o Executivo tiña que aprobar o teito de gasto, senón que o tiña que someter á consideración do Parlamento autonómico para pedirlle autorización a este límite de gasto non financeiro.

Señorías, aínda que hai case unha década traer o teito de gasto á Cámara forma parte xa do ciclo orzamentario e constitúe un acto de normalidade, levamos dous exercicios que non puidemos aprobalo nos prazos habituais e cómpre explicarlle ao Parlamento por que. Este atraso produciuse en ambos os dous casos por circunstancias alleas ao Goberno galego. ¿Por que dicimos isto? Porque, ao igual que sucedera en 2018, como tiveron a ocasión de expoñer ante este mesmo pleno hai agora doce meses, este ano o Goberno central tampouco comunicou en xullo ás comunidades autónomas unhas entregas a conta certas. O ano pasado faltaba un mes de IVE. Este ano nin sequera se nos trasladou cifra ningunha.

Por tanto, o Goberno central incumpriu, por segundo ano consecutivo, a Lei de estabilidade; isto é algo sen precedentes, non tiña ocorrido nunca. Ademais, lamentablemente, aínda seguimos sen recibir os cartos aos que temos dereito para este ano 2019. Son 700 millóns de euros dos galegos que non nos cansaremos de reclamar, porque son dos galegos e das galegas e porque así tamén nolo demandou esta Cámara. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, ademais de reivindicativos, tamén somos responsables, e pese a esta conxuntura, estas circunstancias extraordinarias, inéditas, desde o Goberno galego adoptamos a determinación política de preparar o marco orzamentario para aprobar, como facemos sempre, as contas autonómicas en tempo e forma para o vindeiro exercicio, porque os galegos déronnos a estabilidade para liberar Galicia da inestabilidade que ten o Estado e non contaxiarnos da parálise da política estatal.



A nosa decisión política —elaborar orzamentos— non significa que non entendamos que outros gobernos renuncien a facer as súas contas porque consideren que non son capaces de facelos, pero nós en Galicia, coa experiencia e o aval de dez anos de xestión, cos coñecementos adquiridos e coa traxectoria de rigor, entendemos que podemos elaborar os nosos orzamentos porque sabemos facelo, e debemos elaborar os orzamentos porque a normalidade do ciclo orzamentario é o maior factor de estabilidade, e a estabilidade é o mellor que lles podemos ofrecer nestes momentos aos cidadáns, ás familias e ás empresas.

Os cidadáns demandan gobernos solventes, serios, responsables e cumpridores. Por iso consideramos que é unha boa decisión elaborar os orzamentos. Nun momento de incertezas en España, queremos darlles certezas aos galegos; nun momento de inseguridade en España, queremos darlles seguridade aos galgos; nun momento de incumprimentos en España, queremos cumprir cos galegos. Por estas razóns, Galicia aprobará en tempo e forma o orzamento para 2020.

E, como primeiro paso para ter contas o ano que vén, traemos hoxe á Cámara este teito de gasto, que ten como características principais que é prudente e rigoroso. Obviamente, nestas circunstancias excepcionais traballamos co maior realismo e coa maior das prudencias nas estimacións de cada un dos compoñentes de ingresos.

Antes de explicar eses compoñentes de ingresos, quixera enmarcar o escenario económico no que se elabora. Aínda que este ano Galicia moderará o seu crecemento, este segue a ser superior á media do noso contorno e da zona euro, e, coas estimacións que temos, en 2020 Galicia encadeará sete anos de crecemento.

O escenario que prevé o teito de gasto prolonga a dinámica expansiva da economía galega para os vindeiros anos, aínda que cunha ralentización no crecemento do PIB, xa neste 2019, e cun crecemento sostido para os anos seguintes.

Para o período 2019-2020, e desde a óptica da demanda, o crecemento baséase na demanda interna, polo peor comportamento do sector exterior neste ano, que se recuperará no ano seguinte.

Desde a óptica da oferta, son de todos coñecidos os problemas que está a ter o sector industrial este ano, con determinadas decisións do Goberno central, tamén por todos coñecidas, que non están precisamente a axudar, máis ben todo o contrario, mentres que os servizos e a construción moderarán o seu crecemento.

Ante este escenario cobra máis relevancia económica se cabe a vindeira celebración do Ano Xacobeo 2021, que consideramos que será un factor clave para o sostemento do dinamismo da economía galega nos vindeiros anos. Desta maneira, o cadro macroeconómico para os vindeiros dous anos caracterízase por un gasto en consumo final dos fogares e institucións sen ánimo de lucro que manterá un sólido crecemento. O gasto en consumo final de administracións públicas medrará, pasando do 1,1 % deste ano ata un 2 % no 2020. A formación bruta de capital continuará cun elevado ritmo de actividade, se ben as taxas de avance serán menores, posto que serán un 4,8 % neste 2018 e un 3 % para o ano 2020.



Pola súa parte, a achega da demanda externa neta será negativa, debido a que as exportacións galegas están afectadas por tensións comerciais nos mercados internacionais e pola debilidade, clara debilidade, da demanda interna en España. O crecemento das exportacións recuperárase no 2020.

Con estas estimacións, formulamos un cadro macroeconómico que, como sempre facemos, eu tildo de prudente e realista. Dadas as incertezas que existen na economía tanto a nivel global como as derivadas da inestabilidade política en España, consideramos que o máis prudente é situar o crecemento do PIB en Galicia, este ano 2019, no 2 %. É certo que ata o primeiro semestre de 2018 o crecemento da economía de España superaba taxas do 3 %, pero a inestabilidade política que se instaurou en España desde entón, cun goberno sen capacidade de aprobar novos orzamentos, está tendo efectos negativos sobre a economía. A pesar disto, neste momento, pensamos que Galicia pode crecer este ano un 2 %, na liña do que realmente crecerá o conxunto de España, cando confirme a previsible revisión á baixa do seu cadro macroeconómico.

Ademais, en termos de emprego, aceleramos a baixada da taxa de paro. Pasamos do 12,7 %, que previamos hai un ano, para pechar 2019 e rebaixala ata o 11,4 %, cunha caída de 1,3 puntos. Isto é consecuencia de que o 2018 foi un moi bo ano para o emprego e que, como adoitamos, fomos prudentes nas previsións.

En canto ás previsións para o 2020, tamén somos moi prudentes, debido a estas incertezas das que lles estou falando, e por iso estimamos que o crecemento será do 1,9 % no PIB.

En taxa de paro para o 2020 a media do paro anual será do 10,6 %, coa previsión de que ao longo do próximo exercicio estará no último trimestre por debaixo do 10 %.

Con estas previsións, estamos en condicións de cumprir co crecemento medio do 2,5 % anual que nos deramos no Plan estratéxico de Galicia 2015–2020, pois o avance medio entre 2015 e 2019 situárase moi preto do 3 %, e tamén estamos en condicións de cumprir a estimación de rematar o 2020 cunha taxa de paro do 10 %. Desta forma, en Galicia encadaremos sete anos de crecemento e de creación de emprego.

Unha vez explicado o escenario macroeconómico, explicarei como realizamos as estimacións de cada compoñente dos ingresos do teito de gasto non financeiro para o 2020. Así, para calcular os ingresos do sistema de financiamento autonómico —que, como moi ben saben, representa preto do 80 % dos nosos ingresos—, fomos moi escrupulosos e prevemos un incremento na liña do crecemento nominal da economía previsto para o ano que vén e que estimamos que medrarán un 3,6 %.

As entregas a conta, tanto do IRPF como do IVE, incrementáronse nun 3,5 %, en liña con esa previsión que lles sinalaba do PIB nominal, mentres que o dos impostos especiais fixémoslo a un 2,9 %, xa que os consumos que gravan os ditos impostos son menos dinámicos e están menos relacionados co ciclo económico.

Consideramos estas variables prudentes, posto que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, ao analizar a actualización vixente do Programa de estabilidade 2019–2022,



presentado polo Goberno central en abril deste ano, estimaba para o IRPF un crecemento do 5 % e para o IVE e os impostos especiais dun 4,9 %. Desta forma, as previsións realizadas polo Goberno galego en relación coas formuladas pola Airef recollen un diferencial representativo da tendencia á baixa que temos a día de hoxe.

Pola súa banda, a liquidación definitiva dos recursos do sistema de financiamento a incluír nos orzamentos do 2020 que corresponden aos recursos xerados durante o ano 2018 calcúlase a partir dos datos da Axencia Tributaria Estatal para 2018, de forma que a liquidación do dito ano experimenta un incremento de 268 millóns de euros en relación coa do ano 2017, e, unha vez axustada coas liquidacións negativas dos anos 2008-2009, o saldo total da liquidación 2018 ascenderá no exercicio do ano que vén ata os 316 millóns de euros, sete veces máis que a que o fixo a do ano 2017.

Polo que respecta ás transferencias finalistas doutras administracións, soben un 5,2 %, tanto polos avances da distribución territorial de partidas —que xa coñecemos— de conferencias sectoriais como polo que atinxe aos fondos europeos, porque se orza a anualidade correspondente ao momento final do período de execución dos fondos.

Respecto dos outros recursos non financeiros da Comunidade Autónoma, nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais, estimamos un avance do 2 % como media deste grupo heteroxéneo.

Con estas previsións, traemos ao Parlamento un teito de gasto para o 2020 prudente e rigoroso, un teito de gasto non financeiro que se achegará aos 10.160 millóns de euros, que supón un incremento de 311 millóns de euros sobre o actual orzamento, é dicir, un 3,1 % máis. É a primeira vez que presentamos un teito de gasto que supera claramente os 10.000 millóns de euros.

Ademais, hai que ter en conta que, un ano máis, a capacidade de gasto real medrará, e isto é posible porque en 2020 reduciremos de novo os xuros da débeda. Grazas á xestión responsable que fixo este Goberno galego, o endebedamento presenta un menor incremento desde 2009 en comparación con calquera outra comunidade autónoma e presenta tamén unha correcta reestruturación. E, en concreto, os gastos financeiros baixarán 19 millóns de euros para o ano 2020.

Destes 10.160 millóns de euros de teito de gasto, 10.112 son ingresos non financeiros, 68 proceden do obxectivo de déficit público e 20 millóns de apuntamentos negativos de contabilidade nacional.

A conclusión principal é que seguimos aumentando os nosos recursos nun escenario de práctica estabilidade orzamentaria. De feito, ao igual que este ano, tan só prevemos un déficit do 0,1 %, cifra comunicada para as comunidades autónomas polo Goberno de España a Bruxelas no seu programa de estabilidade. Estamos, pois, nun escenario en que reforzamos o noso obxectivo de teito de gasto xa, como resultado de que Galicia, como lles dicía, foi a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento desde 2009. E desde 2016 estamos baixando esa ratio de débeda PIB e esta xestión xa permitiu que a día de hoxe teñamos 3.970 millóns de euros menos en débeda.





Con este teito de gasto non financeiro para o 2020, nos últimos cinco anos a nosa capacidade de gasto medrou en algo máis de 1.700 millóns de euros, con 334 millóns de euros menos en endebedamento. Por tanto, chegamos ao 2020 co Plan estratéxico —que é a nosa folla de ruta, deseñada hai xa catro anos— cumprido e cos deberes feitos.

Señorías, o reto agora é preparar a próxima década, que arranca co primeiro Xacobeo tras once anos sen celebrar o dito Ano Santo.

Queremos unha Galicia cada vez máis moza, cada vez máis familiar, cada vez máis innovadora e cada vez máis verde. Por iso, pídolles o apoio ao teito de gasto para o 2020. Estamos a cumprir totalmente as previsións de crecemento, estimadas no Plan estratéxico nese contorno do 3 %, que nos sitúa a día de hoxe en que estamos conseguindo baixar ano a ano a taxa de paro e crear xa oitenta mil postos de traballo nos catro primeiros anos, e porque en 2020 contamos cunha ferramenta de teito de gasto que superará eses 10.000 millóns de euros, para seguir crecendo e seguir creando emprego.

En Galicia temos un modelo consolidado, o do crecemento san. Galicia ten estabilidade, Galicia xera confianza e transmite seguridade aos seus cidadáns, ás familias e ás empresas. En Galicia temos un goberno que aproveita esta estabilidade que lle deron os galegos para poñela ao servizo dos cidadáns, neste caso cun teito de gasto que garanta ter novos orzamentos para 2020 en tempo e forma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señorías.

O teito de gasto é un dos tantos dogmas neoliberais fracasados. Onte mesmo, Kristalina Georgieva, directora xerente do Fondo Monetario Internacional, abroncaba receitas de austeridade de países como Alemaña, aos que reclamaba máis investimento público en I+D ou en infraestruturas. A forma en que as diferentes versións do neoliberalismo encararon a crise determinaron crecementos económicos diversos. As políticas neokynesianas da Administración Obama na década pasada impulsaron a economía norteamericana moito máis axilmente que unha Unión Europea encallada nos dogmas máis amargos da austeridade dunha escola de Chicago que nin sequera os americanos seguiron. E dentro dese dogma de austeridade, tamén en Europa, as economías que o aplicaron con máis rigor foron os que máis recortes de dereitos e máis redución de benestar ocasionaron á poboación. Pero é que, ademais, foron aqueles que na fase expansiva do ciclo medraron máis cativamente.

A austeridade, en consecuencia, ocasionou máis sufrimento e menos crecemento económico; produciu máis destrución de emprego, primeiro, e logo menos creación de emprego, despois, e con máis precariedade.



Señorías, hai marxe. Pódese ser economicamente liberal e non abrazar todos os dogmas do neoliberalismo. Galicia non ten por que adherirse ideoloxicamente a uns dogmas que prexudican a súa cidadanía, reducindo servizos aos seus maiores e estrangulando as esperanzas da futura xente moza.

O Partido Popular podería ben acatar por imperativo legal a regulación do teito de gasto na planificación orzamentaria pero non adherirse ideoloxicamente ás súas políticas, unhas políticas que nos condenan á implosión económica e demográfica. Lonxe disto, o Partido Popular, de forma acrítica, asume como un alumno avantaxado unhas políticas que nos situaron nunha situación de emerxencia.

En efecto, entendemos desde En Marea que Galicia se atopa nunha situación de emerxencia industrial, ambiental, nunha emerxencia feminista, nunha emerxencia social, e a Xunta non só non fixo nada por atender estas emerxencias, senón que é culpable, a través dunha xestión económica delirante e autodestrutiva —e non hai máis que ver o mapa da desindustrialización de Galicia neste propio pleno do Parlamento—, de como afondaron estas emerxencias e como as afrontaron.

E si, a xestión económica é delirante, aniquiladora do territorio e ten como consecuencia final a implosión demográfica de Galicia. Falar e discutir, señorías, de teito de gasto dez anos despois da crise, dun fracaso absoluto das políticas de recorte e cando a corrente internacional económica dentro do propio liberalismo declara xa expresamente o seu rexeitamento a unha política de recortes, completamente ineficiente, resulta absurdo.

Pero é que, ademais, vendo o percorrido dos últimos catro anos, sen ir máis lonxe, esta medida non é soamente absurda polo feito de ser anacrónica, senón polo feito de que acaba sendo empregada de forma conveniente ou —digámolo claro— partidista. Cando convén, o teito de gasto reborda o incremento do PIB e, cando non, non. No ao 2016, que era ano de eleccións, o teito de gasto subiu por riba do PIB previsto para ese ano; nos seguintes anos, 2017, 2018 e 2019, fíxoo por baixo e este ano, que volve ser ano electoral, vólvese facer unha previsión por riba.

Claro, ¿que nos di isto, señor conselleiro? Dinos que, no fondo, o Partido Popular nos dá a razón. (*Murmurios.*) Si, si, só que a súa política en relación co teito de gasto faise non en relación co ciclo económico senón en relación co ciclo electoral. As contas deberían de facerse tendo en conta o medio prazo, o ciclo económico, e non o ano natural, e tampouco o ciclo electoral.

Pero, obviamente, señorías, esta visión está correlacionada co modelo e o proxecto que ten o Partido Popular para Galicia. O Partido Popular ten un mantra económico que obedece fielmente, e este mantra, esta matraca, di, en primeiro lugar, que hai que reducir o peso do público e baixar impostos, o que implica necesariamente —e levámolo sufrido durante a última década— menos servizos públicos e máis privatizacións. Aí está algunha das últimas que estamos a vivir neste propio pleno tamén, coa venda de Povisa, etc.

Ten o mantra da ineficiencia económica ou da eficiencia económica. Para eles, isto é, todo o gasto ten que ser eficiente, esquecendo que hai gasto público que non o é, pode non ser efi-



ciente, pero que hai que facer, para prestar servizos en zonas deprimidas economicamente ou incluso sociodemograficamente.

Hai un mantra que é o da non intervención na economía nin no mercado, pero resulta evidente que, se queremos empresas galegas importantes, un tecido produtivo galego forte, é necesario intervenir na economía, e así se fai no noso contorno.

Vou poñer dous exemplos. En Euskadi activouse recentemente un fondo de 175 millóns de euros que ten por obxectivo blindar determinadas empresas estratéxicas para o país, ou en Francia, onde este Estado investiu 100 millóns de euros en BlaBlaCar, nada máis e nada menos, e nacionalizou un estaleiro co obxectivo de garantir o emprego e defender os intereses franceses. Descoñecemos se para o señor conselleiro estas políticas de Macron son políticas *comunistas* ou se alonxan desa disciplina neoliberal que vostede sostén.

Hai un mantra do que ten que ser o medio rural para o Partido Popular. O rural para a Xunta representa unha pedra no zapato que hai que sacar de diante e o seu mantemento é caro e é difícil de manter e, ademais, xera ineficiencias. A estratexia, pois, é clara: baleiralalo e cedérllelo ás grandes empresas en extracción de materias primas. Pois nós non estamos de acordo con isto.

Claro, para todas estas ideas o Partido Popular ten unha política fiscal e de ingresos e gastos perfectamente definida, que se plasma nunha política orzamentaria cuxo núcleo é o teito de gasto.

Centrándonos en cifras, darlle unhas que son evidencia do fracaso da doutrina do teito de gasto como adelgazador do público na economía e como síntoma de debilitamento do poder transformador das institucións, neste caso do Estado ou da Comunidade Autónoma, na economía.

En primeiro lugar, con relación ao procedemento do produto interior bruto, sen parar en moitas cifras, o crecemento económico de Galicia durante estes anos foi realmente moi débil na fase expansiva do ciclo. A economía galega creceu menos que a media española. Como media, a economía española creceu o 1 % anual mentres que Galicia o fixo nun 0,9 %. Polo tanto, unhas receitas neoliberais aprobadas e sustentadas por este goberno nos últimos dez anos que nos fixeron diverxer con relación á media estatal.

En segundo lugar, o recorte do gasto público. O crecemento do produto interior bruto foi menor que a media española, pero é que, ademais, o máis grave foi que o recorte do gasto público foi moito maior que a media española. Acabamos de coñecer recentemente un informe neste sentido, onde se evidencia como no ano 2009 o gasto en servizos públicos fundamentais —é dicir, sanidade, educación e servizos sociais— acadaba un total de 7.100 millóns de euros, mentres que en 2018 o gasto nestas funcións estaba aínda un 3,75 % por debaixo desta cantidade, con 266 millóns menos.

Se se fai unha análise, como se fai neste informe, en gasto por habitante, en Galicia pasamos de representar o 66,4 % do total a simplemente un 63,2 %, recortes, claro, que evidencian despois unha situación social en Galicia con números que son dramáticos. Pero é que, ademais, temos un diferencial, un saldo de etapa, unha conclusión na que vimos como vai aumentando o produto interior bruto e vai reducíndose o gasto público, é dicir, nunha



proporción que resulta cada vez máis cativa. Hai como consecuencia disto máis riqueza e menos distribución pública, menos redistribución pública.

Estes factores, ademais, influíron definitivamente tanto no emprego como na industria. Galicia é —e están os datos aí para velo— a comunidade autónoma con peor evolución do emprego. Hoxe hai 55.000 empregados menos que no 2009, mentres en España o número de ocupados aumentou en 650.000. Os datos do Consello Económico e Social, presentados o venres pasado, evidencian sen dúbida esta situación. Dise no informe que nos remitiron esta semana: alarmante redución da taxa de actividade nos últimos dez anos, producíndose un descenso de máis de setenta mil persoas no noso país; a precariedade laboral e o desemprego entre os máis xoves, cento cincuenta mil ocupados menos entre 19 e 34 anos dos que había antes da crise; ou persoas ocupadas a tempo parcial, onde en Galicia hai un índice de temporalidade seis veces maior que en España, seis veces.

Por outra banda, o emprego industrial segue o seu declive. Somos, de novo, unha das comunidades autónomas que máis emprego en industria perdeu; perdemos cinco veces máis emprego industrial que no conxunto de España e hoxe en día temos 21.600 traballadores menos que os que tiñamos no ano 2009, algo que non preocupa en exceso a Xunta de Galicia, porque entre os anos 2011 e 2018 deixouse de gastar nos orzamentos xa planificados —nestes dos que debateremos tamén nos próximos meses— case mil millóns de euros nas funcións correspondentes ao emprego. Todo isto mentres, como é coñecido —xa falamos abondo disto neste pleno do Parlamento—, segue caendo o índice de produción industrial.

Todo isto, claro, evidencia unha circunstancia, e é que de ningunha maneira imos conseguir que o 20 % do produto interior bruto teña unha orixe industrial, como recomenda a Unión Europea. Isto vai ser unha quimera. Está estancado no 16 % e a crise industrial actual vainos levar a unha senda que nos vai facer empeorar.

¿E o Goberno de Feijóo está facendo algo? Non está facendo nada, estes orzamentos non fan nada. Vai ser un simple cómplice necesario, por omisión, sen exercer as súas competencias en materia industrial. Vímolos aquí durante esta mesma mañá, en Barreras, en Vulcano, en Ferroatlántica, en R, por suposto tamén en Alcoa e en Endesa, á hora de planificar unha transición industrial de Galicia, na descarbonización e na robotización.

Pola contra, nós, na nosa posición política, temos outro proxecto para Galicia, que resulta en moitos ámbitos, desde logo, aquí antagónico ao do Partido Popular, e cremos que as emerxencias feminista, ecolóxica e social son as que deben de rexer os nosos orzamentos, sen negar o equilibrio económico, o equilibrio orzamentario, pero, jollo!, dentro do ciclo económico e non dentro de cada ano. Son os orzamentos públicos os que se teñen que amoldar ás necesidades e ás emerxencias de Galicia mediante o principio de suficiencia financeira e non ao revés.

Vou rematando, señor presidente.

Mentres na Unión Europea a media do gasto en sanidade e en educación se sitúa no 7 % e no 4,5 % respectivamente, o gasto galego nestas funcións é do 6 % e do 3,6 %. A proposta



de En Marea ten como obxectivo aproximarnos ao gasto medio que representan os países da Unión Europea. Como consecuencia, na vindeira lexislatura nós queremos asimilarnos a aquilo que representa o mellor da Unión Europea, o que identifica a Europa como un territorio único a nivel mundial e parámetros de benestar, que é o que xera as maiores condicións de oportunidade para a felicidade das persoas.

Esta reflexión —remato xa— lévanos a indicar que na vindeira lexislatura o incremento do gasto público, tendo en conta a estimación de crecemento do PIB, debería acadar como media os 450 millóns de euros anuais para aproximarnos á media europea, para finalizar a próxima lexislatura tendo un gasto público incrementado en 1.700 millóns.

En definitiva, señor conselleiro, por emerxencia feminista, climática e social que está sufrindo Galicia e por supoñer unha ferramenta anacrónica, non apoiamos a súa proposta de teito de gasto para o ano 2020.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi boa tarde a todos e a todas.

A posición do Bloque Nacionalista Galego sobre o que significa o teito de gasto é unha posición coñecida —témola expresado aquí en múltiples ocasións—: é evidente que isto foi unha ferramenta que se utilizou durante os anos da crise para darlle unha volta de torca ao proceso recentralizador, limitando, polo tanto, a capacidade, a autonomía limitada que tiñamos no ámbito financeiro e residenciando no Estado decisións importantes que acaban incidindo nas posibilidades de actuación desde Galiza, e que tamén o teito de gasto foi o instrumento que se utilizou para aplicar os recortes máis duros durante a crise e, polo tanto, limitar a capacidade de actuación desde o público.

E hoxe preséntasenos isto aquí como a primeira fase, que o é, tal e como está hoxe a lexislación do debate dos orzamentos, e, evidentemente, este tamén é un debate que ten a súa importancia. Hoxe non podemos debater sobre cal vai ser o contido concreto dos orzamentos, senón única e exclusivamente sobre unha estimación que fai o Goberno do que vai destinar a eses orzamentos no ano 2020 e sobre a análise que realiza a Xunta de Galiza sobre o contexto económico no que nos imos mover.

E eu no único —non é o único pero case o único— no que vou coincidir é en que, efectivamente, vivimos este debate nun momento en que hai grandes incertezas e grandes preocupacións. Pero as incertezas teñen a súa orixe no que está pasando neste país. E hoxe temos unha Galiza en crise, cunha crise que ten cinco caras —a crise demográfica, a crise industrial, unha crise do Estado do benestar, unha crise ambiental e unha crise do autogoberno—, e esas crises o Goberno nin as quere recoñecer nin asume que ten unha parte importante de responsabilidade.



Porque ten responsabilidade un goberno que leva dez anos e que situou Galiza ante a peor situación desde o punto de vista demográfico, incapaz de reverter as tendencias; que non foi capaz nin tan sequera de recuperar o emprego que había antes da crise; e que nos deixa un país con máis desigualdades, porque se deterioraron os servizos públicos, e con máis desigualdades porque hoxe vemos como medrou o produto interior bruto pero, non obstante, non se recuperaron nesa medida os salarios.

Temos un problema gravísimo de precariedade e un problema gravísimo de emigración nunha Galiza que —como dicía— ten a peor situación demográfica da nosa historia. E todo iso fíxoo ademais triplicando a débeda pública, porque está moi ben aquí que nos dea datos para intentar salvar a cara a respecto do que fixo este goberno, pero fíxoo triplicando a débeda pública. E detrás dese dato hai aspectos aos que logo me referirei que explican por que o fixeron.

Pero a nós o que máis nos preocupa no BNG é que seguen aquí co relato da ciencia ficción e da Arcadia feliz á que nos conducen os gobernos do Partido Popular, e que non asumen os problemas de fondo que ten Galiza nin a responsabilidade que ten a Xunta, que é o Goberno que temos, que debería estar defendendo os intereses deste país á hora de poder encarar esta situación. E este é o problema, porque, se se falla na análise da realidade, do marco concreto e de cal é a situación que hoxe vive económica e socialmente Galiza, é imposible que o Goberno acerte nas medidas que vai recoller nos orzamentos do ano 2020.

Eu creo que a mellor mostra do esgotamento que ten este goberno da falta de ideas e iniciativas é que nos volveu aquí repetir esa cuestión de que, grazas ao Xacobeo, Galiza non vai ter ningún tipo de problema económico. (*Aplausos.*) E eu non vou entrar nas crenzas; pode haber quen crea nos milagres; eu, desde logo, son atea, non creo nos milagres. Pero non deixa de ser curioso que, entrando na segunda metade do século XXI, a grande aportación que ten que facer o Goberno galego ante un país que ten unha crise demográfica, económica e social é ir ao baúl dos recordos e rescatar as ideas de Fraga. É que estamos en pleno século XXI e vostedes seguen coas políticas de finais do século XX, como se non pasaran trinta anos, (*Aplausos.*) e, sobre todo, como se en Galiza non puidera haber nada máis.

E a min tampouco me gusta que se malinterpreten as nosas palabras cando dicimos isto. Galiza ten potencial turístico. Temos que facer un turismo que sexa sostible, responsable, que non estea única e exclusivamente vinculado co Xacobeo. Pero, claro, é que temos outras potencialidades: no sector agrario, no sector pesqueiro, no sector industrial, no sector enerxético..., en diferentes ámbitos da economía galega, e o grave é que hoxe temos unha crise industrial e ningún dos problemas que ten a economía galega nolos vai solucionar o Xacobeo 2021, nin no naval, nin na automoción, nin no sector agrario, nin desde logo na deslocalización de empresas, nin no espolio enerxético que se está producindo neste país. E, desde logo, o que necesita Galiza son alternativas reais e unhas previsións que sexan realistas. Porque dicir que este teito de gasto e que este informe económico é rigoroso e que responde a unha visión acertada do que vai pasar eu desde logo creo que é moito dicir.

Polo tanto, nós, por responsabilidade con Galiza, por responsabilidade cos cidadáns deste país, non podemos apoiar un teito de gasto que vai supoñer que non se recuperen todos os



recortes que se fixeron no ámbito social, que non debuxa unha nova estratexia desde o punto de vista económico para Galiza e que non vai servir para enfrontar os retos que neste momento temos como país: retos sociais, retos ambientais e retos económicos.

Chegamos a unha posición na que vemos que este teito de gasto supón un incremento moi modesto dos recursos que ten Galiza; de feito, só se incrementan o 3,1 %, que é o menor incremento desde o ano 2017. E isto o que demostra é que o impacto da desaceleración económica é maior do que queren recoñecer e que tamén temos un problema co modelo de financiamento, que tampouco están actuando para que Galiza mellore a súa posición. E vemos tamén como, ante unha crise industrial, ante un momento de desaceleración económica e grandes desigualdades sociais, a Xunta tampouco utiliza toda a capacidade que podería ter para obter recursos.

Temos falado moitas veces —e o BNG teno dito ata quedar exhaustos— que hai unha repartición moi inxusta do déficit entre as diferentes administracións, que non é xusto que o Estado quede para el —tendo a menor porcentaxe de gasto público e sobre todo de gasto e da importancia desde o punto de vista social das súas competencias— co 0,3 % da capacidade de déficit e que ás comunidades autónomas só lles dea o 0,1 %. Pero é que vostedes sempre avalaron este marco. Imaxino que agora, como non goberna o Partido Popular, pois dirán que lles parece mal. Pero o certo é que, mentres estivo gobernando o Partido Popular, aceptaron unha situación na que se lle eliminaban recursos a Galiza e que foron a escusa para que se aplicaran os recortes sociais.

Vemos tamén como, dentro do que é a capacidade que ten Galiza para mellorar o financiamento naquilo que depende de nós, son vostedes moi pouco ambiciosos. Basicamente —se non lembro mal— creo que prevén incrementar a recadación un 0,2 % dos recursos propios, cando en realidade o que está a Xunta de Galiza é obviando que se poderían obter moitos recursos facendo outra política fiscal, unha política fiscal na que realmente se aposte por recadar máis nas rendas máis altas ou que se creen novos tributos.

Nós temos proposto unha nova política fiscal para Galiza na que aparezan novos impostos para grandes superficies comerciais, impostos ás vivendas baleiras que teñen os fondos de investimento, impostos ás liñas de alta tensión, impostos por bebidas azucradas... É dicir, que se pode facer unha nova política fiscal en Galiza que nos permitiría ter máis recursos propios. Houbo outras nacións sen Estado que o fixeron, pero vemos que aquí sempre se optou pola política de non facer nada diso, porque aquí empezariamos a gravar as rendas altas e as rendas do capital, e, claro, xa se sabe a quen queren vostedes servir.

Tamén lles temos que dicir que nos parecen irrealas as previsións de crecemento que aparecen neste teito de gasto. No ano 2009 vostedes dicían que o crecemento en Galiza este ano ía ser do 2,5 %; as súas propias previsións xa situan que ese crecemento non se vai dar e que nos situaremos máis ben no 2 %. As previsións que teñen para o 2019 é que se sitúe no 1,9 %, é dicir, practicamente igual que o que tivemos este ano. E hai moitos informes e estudos sobre que con este nivel de crecemento non se vai xerar emprego neto.

E, desde logo, non acabamos de entender nin nos explicou hoxe como van vostedes facer para reverter —ben, é maxia, ¿non?, o que fai o Goberno nestas previsións— as previsións e as tendencias que hai na economía. Desde logo, sorprende moitísimo que, despois de estar rexistrando este ano...



**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...—e vou rematando— un fortísimo descenso nas exportacións, vostedes nos digan que o ano que vén van subir por arte de maxia, e que obvien ademais que todo isto..., (*Murmurios.*) —si, pode rir todo o que queira; eu xa entendo que ese é o respecto que vostede lle ten ao Parlamento— señor conselleiro, vai facerse nun contexto... (*Murmurios.*) —si, si, si, vostede ría, porque é o respecto que lles teñen aos galegos e galegas; a min, desde logo, dáme igual como vostede actúa—. Pero terá que explicarnos como nun escenario dun *Brexit* sen acordo, de novos acordos co Mercosur —que van afectar tamén a produción e as exportacións galegas—, nun escenario ademais con novos aranceis nos Estados Unidos —que tamén afectan os sectores exportadores de Galiza— e coa situación que temos neste momento, de repente todo iso desaparece e medran as exportacións por arte de maxia. Ou o mesmo vendo como está funcionando...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...o desemprego no noso país.

Desde logo, nós imos votar en contra deste teito de gasto por responsabilidade por Galiza, porque demostra que estamos ante un Goberno esgotado que non ten nada que ofrecerlle a este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señora Pontón.

Por parte do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Lago Peñas, por un tempo de dez minutos.

**O señor LAGO PEÑAS:** Moitas grazas, vicepresidenta segunda.

Conselleiro, déixeme que lle faga unha pregunta: ¿vostede le os xornais? Isto dicíao *La Voz de Galicia* o luns 7 de outubro: «*Paro, precariedad laboral y economía, el trío que les quita el sueño a los gallegos*». E onte a primeira do *Faro de Vigo*: «*Galicia agrava su brecha competitiva con las regiones europeas por su debilidad en empleo e innovación. Pierde todavía más puestos y se hunde en el 197 de los 268 territorios estudiados en la UE*».

Conselleiro, ¿en que mundo vive? Cando fala aquí, ¿de que país fala? ¿Como pode gabarse da xestión económica do seu Goberno se nos dez anos que levan na Xunta foi unha década perdida para a economía, para o emprego e para o benestar?, unha década perdida na que Feijóo ten batido récords negativos. Están pasando cousas, como se di, que nunca pasaron. O crecemento económico de Galicia foi o máis baixo dende que recuperamos a Autonomía. Por primeira vez un presidente vai deixar o Goberno con menos emprego do que había cando empezou a gobernar, por primeira vez o gasto público dun goberno vai estar por debaixo do que había cando empezou a gobernar logo de doce anos de goberno e por primeira vez a débeda pública multiplicouse por tres veces.





Foi unha década perdida en xeración de emprego, porque nos dez anos de goberno de Feijóo a economía galega medrou a unha taxa media, conselleiro, do 0,5 %, a décima parte do que medrou a economía galega entre 1995 e 2008. Para que se entenda ben, para que o entenda ben incluso o presidente Feijóo, na súa década ao mando da Xunta de Galicia o PIB medrou dez veces menos que nas dúas décadas anteriores. Fáganos un favor a todos, conselleiro: non lle faga dicir ao presidente Feijóo barbaridades publicamente. Hoxe dixo que a taxa media de crecemento da economía galega era do 3,5 % no tempo que levan gobernando. Non lle faga dicir esas barbaridades, porque queda mal o presidente.

Menor crecemento e destrución de emprego. Porque si, conselleiro, hai 54.000 empregos menos hoxe que cando Feijóo empezou a gobernar. É un balance desolador, porque Galicia —vou volver dicir— é a comunidade autónoma de todo o Estado español con peor evolución de emprego entre o segundo trimestre do ano 2009 —cando empezaron a gobernar— e o segundo trimestre do ano 2019, a peor de todas as comunidades autónomas.

Menos crecemento, menos emprego e máis desigualdade. Cando empezaron a gobernar, o 48 % da riqueza do país, do PIB, destinábase a salarios; hoxe, o 42 %, 6 puntos menos de PIB. ¿Sabe vostede canto é iso? 3.800 millóns de euros para os traballadores e as traballadoras. Feijóo pasará á historia porque na súa presidencia a participación dos asalariados na riqueza acadou o seu valor máis baixo dende que existen estatísticas.

Este é o balance de dez anos de goberno: menos crecemento, menos emprego, menos benestar e máis débeda. É unha herdanza que é consecuencia en boa medida dos recortes do gasto público impostos pola austeridade compulsiva, en que o teito de gasto, este teito de gasto, xogou un papel central. O resultado desta disciplina orzamentaria foi un estrepitoso fracaso, conselleiro, tamén nos obxectivos formais das normas legais.

A lei di que ten como obxectivo garantir a estabilidade financeira das finanzas públicas. ¿Foi iso o que pasou? En absoluto, todo o contrario. No período de aplicación do teito de gasto a débeda pública aumentou en 5.500 millóns de euros. A metade de todo o que debe o noso país xerouse dende que existe esa norma de teito de gasto, que tiña como función estabilizar as contas públicas; un enorme éxito, conselleiro.

Máis débeda, que non é incompatible con que exista menos gasto público, porque entre o ano 2009 e o ano 2017 —utilizo datos de execución orzamentaria do Ministerio de Facenda—, o Goberno Feijóo recortou o gasto non financeiro en 2.500 millóns de euros en termos reais, porque vostede —espero— sabe distinguir entre os valores nominais e os valores reais. Recórtase o gasto sanitario ao 9 %, recortouse o gasto educativo no 18 %; un balance demoledor. Sumados en cifras absolutas os recortes en sanidade e en educación, son case 900 millóns de euros menos en servizos públicos básicos, nos que ao mesmo tempo aumenta a presenza dos negocios privados.

Señor conselleiro, a regra de gasto e o teito de gasto non buscaban o equilibrio das contas públicas. O seu obxectivo real era a redución do gasto público. E aí si que tivo un enorme éxito, porque no ano 2008 e no ano 2009 o gasto xestionado pola Xunta era superior ao 18 % do PIB. Coa cifra de teito de gasto para o 2020 e a estimación de PIB nominal para o 2020,



esa cifra queda por debaixo do 15 %. Polo tanto, 3 puntos menos de PIB de redución do peso do público, que son 2.500 millóns de euros. Esa é a redución do peso do público na década de Goberno Feijóo.

Porén, a Xunta reincide no erro de empezar o debate orzamentario fixando a cifra de teito de gasto. É a demostración de que seguimos baixo a ditadura da austeridade, un grave erro, en especial cando hai un cambio de ciclo na economía galega, que está entrando nunha fase de preocupante desaceleración. Déixeme que faga un chiste, conselleiro: sete anos crescendo a economía galega igual que a de Burgos ou a da Rioxa. (*Murmurios.*)

Esta desaceleración está provocada pola desaparición dos factores externos que impulsaron a economía entre o 2015 e o 2018. Por dicilo claramente, o sector exterior non vai aportar nada ao crecemento da economía galega. Fundaméntase —e iso recoñeceuno vostede na súa intervención— o crecemento na demanda interna, isto é, no gasto dos fogares, no investimento e no gasto público; dito noutras palabras, dos salarios, das pensións e do orzamento da Xunta de Galicia. E por iso necesitamos un orzamento con máis recursos, un orzamento expansivo, que sirva para impulsar a economía, que sirva para combater a desaceleración económica, para impedir unha improbable —vou dicilo ben—, unha improbable pero posible volta á recesión.

Porén, o seu Goberno segue insistindo na vía equivocada, porque a cifra de teito de gasto que presenta é decepcionante e insuficiente. E é insuficiente porque, aínda que se esgote o teito de gasto e se execute o cen por cento do orzamento, aínda estaremos 2.200 millóns de euros por debaixo do que se gastou, efectivamente, no ano 2008.

Decepcionante porque o teito de gasto vai aumentar o mesmo que o PIB nominal e, polo tanto, supón renunciar a unha política fiscal expansiva para combater a desaceleración económica. Especialmente decepcionante porque, por primeira vez, conselleiro, vostede fai un orzamento sen ter os límites marcados polo Estado. Díxoo ben: non hai límite de gasto, non hai estimación de ingresos a conta, non hai sequera liquidación do ano 2018. Por iso a restrición orzamentaria que vostede trae aquí co teito de gasto é responsabilidade exclusiva súa. Cifras que —vostede díxoo aquí e recóllese no informe— sabe que están equivocadas.

Vostedes vén de dicir que os ingresos realmente obtidos no ano 2018 foron 400 millóns de euros superiores aos estimados no orzamento inicial (os 316 máis os 84 das liquidacións negativas que descontamos). Para que se entenda mellor, no orzamento do ano 2018 o erro de estimación foi de 400 millóns de euros. ¿É un erro, conselleiro, ou é unha política premeditada para recortar o teito de gasto?

E hai un elemento moi negativo —xa foi dito aquí—, que é preocupante. Porque os ingresos propios permanecen estancados, mentres que os ingresos do sistema de financiamento aumentan o 4 % e as transferencias finalistas o 5 %. ¿Cal é a razón de que estean estancados? Pois que hai rebaixas fiscais sobre o imposto de sucesións e, sobre todo, sobre o imposto de patrimonio.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Remate, por favor.



**O señor LAGO PEÑAS:** Dise no documento que a recadación do imposto de patrimonio, o imposto que grava as rendas dos máis ricos, vai reducir a súa recadación no 13 %, como consecuencia da decisión do Goberno de reducir a tarifa nese imposto. É xusto o contrario do que necesitamos. Necesitamos aumentar o gasto de forma sensible por riba do crecemento do PIB e facelo da forma máis rápida posible, con tres obxectivos: recuperar os recortes da etapa máis dura da austeridade compulsiva, mellorar o benestar e combater a desaceleración económica.

Remato. Votaremos en contra deste teito de gasto. Aínda máis, o que queremos é derrogar a regra de gasto...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...e o teito de gasto, liberarnos da camisa de forza da austeridade, de forma que o crecemento económico sirva, de verdade, para mellorar o benestar da cidadanía. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga por un tempo de dez minutos.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día, a estas horas intempestivas.

Permítame, señor conselleiro, facer unha entrada con algo de humor e resumir o que é o núcleo da súa intervención, como outras que houbo estes días neste Parlamento.

Artigo primeiro: España vai mal. Artigo segundo: Galicia vai moi ben, pero, se algo vai mal en Galicia, aplíquese o artigo primeiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Non, pero falta un, falta un. Artigo terceiro —e é importante, porque iso díxoo exactamente vostede—: Galicia, en todo caso, vai igual que o resto de España. E iso é o máis desconcertante de todo o que están dicindo.

Claro, o problema é que o discurso que teñen montado non se corresponde para nada co que reflicten as estatísticas. Decía o señor Feijóo esta mañá que todos os males da política industrial procedían da chegada de Pedro Sánchez á Moncloa.

Eu fun ver os datos da EPA e os datos da EPA indican que entre o segundo trimestre do ano 2009, entrado o señor Feijóo, e o segundo trimestre do ano 2018, cando abandona o señor Rajoy a Presidencia do Goberno, en Galicia no sector industrial se perderon 30.000 empregos, que é, como dixo alguén, aproximadamente un de cada tres empregos industriais que se perderon en España nesa mesma época. E desde o segundo trimestre do 2018 ata os últimos datos pois Galicia gañou nove-dez mil empregos.

Entón, claro, todo isto, con este discurso tan catastrofista que fai o señor Feijóo, compadécese dificilmente. E temos ese problema cos datos que vostedes manexan. Se nin sequera



somos capaces de poñernos de acordo no básico, é difícil discutir, sobre todo cando, como sucede co documento que nos envían á Cámara, é un documento moito menos transparente que o de anos anteriores, o cal dificulta moito a discusión.

Vostede fai algo de economía vudú. Tráenos a colación o Xacobeo... Eu non son contrario ao Xacobeo, todo o contrario, ¡eh! Paréceme que é un acontecemento moi relevante para o conxunto de Galicia e, fundamentalmente, para sectores da nosa xeografía máis rurais, onde isto vivifica a súa economía, a súa sociedade, permite xerar emprego, empresas, tamén para a cidade de Santiago e para o conxunto de Galicia. O que me resulta máis de economía vudú é pensar que un acontecemento do ano 2021 vai xerar eses efectos máxicos sobre o ano 2020. É aí onde me resulta difícil poder argumentar sobre esa base. Si, xa sei que as previsións son importantes en economía, pero tanto, tanto como para mobilizalo como un elemento fundamental pois non vexo por que.

Vaiamos en todo caso á cuestión de fondo. Nós somos partidarios —xa o teño dito aquí moitas veces— de que exista o teito de gasto. Eu non comparto a idea de que o teito de gasto é un corsé. O teito de gasto pode ser moito máis folgado, podes ter unha talla grande ou ter unha talla pequena, iso depende da opción dos gobernos. O único que obriga é que se un quere unha talla grande ten que actuar sobre aqueles elementos de que dispón, basicamente elementos tributarios, para conseguir que haxa unhas finanzas estables e saneadas. E diso é do que se trata. E ao mesmo tempo pois ten algunhas folguras que permite utilizar o endebedamento en función da posición no ciclo para chegar alí onde cos ingresos propios nun momento determinado non é posible ou non é desexable facelo.

Eu xa saben aquí nestes anos que defendín unha xestión máis flexible do teito de gasto, como, por certo, fai a Unión Europea a partir do ano 2015 e a propia presidenta da Comisión Europea, do partido de Merkel, se compromete a revisar no seu mandato, o cal a min me parece que é moi razoable; ou defendín aquí tamén que era necesario retirar do cómputo da regra de gasto determinados investimentos para xustamente permitir mobilizar máis recursos e modernizar a economía.

Non sei se a posición da Xunta de Galicia é estar hoxe aí ou non. É máis, non sei se a Xunta de Galicia realmente hoxe defende a Lei de estabilidade do ano 2011, non o sei, porque, cando tivemos o debate sobre o superávit, dixó que o artigo desa lei que regulaba o uso do superávit non debería aplicarse e agora resulta que os artigos que falan de como se establecen as magnitudes sobre as que discutir pois tampouco se aplican.

Entón, ¿temos en suspenso a normativa de estabilidade ou segue aplicándose? Sería bo sabelo, porque iso nos indicaría... É dicir, eu son partidario de facer unha revisión profunda tanto da europea, da española e da galega, unha revisión que permita, entre outras cousas, axustar ao noso modelo, que é substancialmente federal, todas estas previsións sobre entregas a conta e outras para facelas moito máis automáticas. Creo que teríamos unha oportunidade na próxima lexislatura. Fagámolo se é posible.

Eu onde discrepo da Xunta de Galicia é en relación coa determinación concreta do teito de gasto, que é unha cuestión diferente. Outras comunidades autónomas están facendo o



mesmo ca vostedes; non se poña tantas medallas. Porque Navarra, onde hai un cambio de goberno, está facendo exactamente o mesmo. Resulta que Castela-La Mancha está facendo algo parecido. Baleares estao facendo tamén. Hai outras comunidades que están actuando con normalidade, e a min paréceme ben, paréceme ben. Eu non esperaba que a Xunta de Galicia fixera outra cousa. ¿O ano electoral, o ano 2020, vai renunciar a un instrumento potente de acción electoral como é o orzamento? Por suposto que non. O orzamento vai ter, entre outras cousas, unha función electoral. Por iso eu, desde o principio, dixen que ía haber teito de gasto e que ía haber orzamento, porque vostedes non van renunciar a iso. Vale. (*Aplausos.*) Eu no que discrepo —creo que o meu grupo xa o sabe— é en como se fai o cálculo do teito de gasto. Expliqueino o outro día publicamente: é extremadamente ambicioso sobre aquilo que depende doutro e é escasamente ambicioso no que depende dun mesmo. E eu creo que iso non é un bo comportamento, xustamente porque temos incertezas.

O ano pasado —e dixérono varias veces—, aplicando o criterio de prudencia, voume —dixo vostede— ás previsións do ministro Montoro. A ministra Montero fixera aprobar polo Congreso outras, pasaran polo Consello de Política Fiscal e Financeira e vostede dixo: non me vale, válenme as do señor Montoro, porque son as únicas que están plenamente vixentes. Esas previsións para este ano non dan as cifras que vostede recolle aquí, dan outras menos xenerosas: 0 % de déficit en vez de 0,1 %, unha taxa de referencia do PIB nominal e por tanto aplicación da regra de gasto máis restritiva e unha exigencia en termos de volume total de débeda que é máis restritiva tamén que a que aplican vostedes.

Por tanto, aplicación no ano 2019 da regra de Montoro. Pero este ano colle vostede a regra de Montero, porque lle resulta máis interesante. E ten que explicar por que. ¿Agora resulta que a prudente é esta? Porque é a que está vixente; é máis, é a que están aplicando o resto das comunidades autónomas, están aplicando a regra de Montoro tamén, xustamente por ser prudentes. E iso é o que lle pediría eu a vostede, nun contexto de incerteza, onde temos eleccións, e non inestabilidade; temos eleccións dentro dun mes e non sabemos cal vai ser ese resultado; saben vostedes perfectamente que, en caso de que gañe o señor Sánchez, como é previsible, e poida formar un goberno, pois vai haber unha aplicación das regras da señora Montero.

Pero, se non fose así, ¿pódeme vostede asegurar que un pacto do señor Casado con Vox e co señor Rivera vai permitir que as regras sexan as que vostedes utilizan para estas previsións orzamentarias? Eu estou seguro de que, se puidera subir aquí e dicir o que pensa, pois diría que non. A ameaza está xustamente en que suceda isto.

Por iso vostedes fan un cambio que a min me chocou, e o cambio é: vou eliminar do que someto ao Parlamento a posibilidade de axustar as cifras a posteriori. Iso desaparece este ano e, non obstante, figura en todos os anos anteriores.

E hai unha segunda razón, e a segunda razón ten que ver coa súa política de ingresos propios; algo xa se dixo, pero non quero deixar de repetilo. A nós parécenos que a súa política de ingresos é unha política restritiva, regresiva en termos sociais, e que non favorece o investimento e o emprego. Déronse moitas cifras, eu vou dar outra. No ano 2020 o que vostedes prevén no seu cadro macroeconómico é un incremento do emprego do 0,8 %, é dicir, no



contorno dos nove mil postos de traballo; iso é o que nos están dicindo para o ano 2020. Pois ben, iso reforza a anomalía estrutural que ten a economía galega, que é a incapacidade, como se recordou antes, para xerar emprego, polo menos co mesmo volume que a economía española.

E sobre iso pois vostedes non só non din nada, senón que miran para outro lado, non consideran que sexa un problema, porque aplican o artigo segundo neste caso. Galicia vai moi ben —ese é o artigo segundo— e, entón, como Galicia vai moi ben, non hai que cambiar nada.

E tampouco hai que cambiar nada en materia de política fiscal, e eu aí pídolles un esforzo maior; fómosllelo pedindo en todos estes orzamentos. Cando reducen o imposto de patrimonio, cando están aplicándolles un imposto de sucesións extremadamente xeneroso para aqueles que teñen máis patrimonio que transmitir, están dando un resultado negativo en termos de equilibrio social...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...están aumentando as desigualdades sociais, pero, en cambio, non son capaces de trasladar isto a maior crecemento. Porque iso non actúa sobre o crecemento, actúa sobre o aforro das familias, non actúa sobre o investimento. E, pese ao que diga o señor presidente, temos un grave déficit de investimento en Galicia en relación co aforro das familias, e iso non o corrixe este teito de gasto nin vexo que teñan intención vostedes de corríxilo.

Por iso —xa remato, señor presidente—, imos votar en contra das cifras que nos propoñen, aínda que nós estamos a favor de que exista unha normativa de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira que favoreza o equilibrio nas contas públicas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que non sei se dicir bos días ou boas tarde; en todo caso, saúdos a todos vostedes.

A oposición centrou as súas críticas ao teito de gasto nos últimos días en tres cuestións. Unha primeira, que hoxe creo que xa foi un pouco obviada despois de exixirnos que presentáramos o orzamento cando se manifestaron probas da dificultade de presentar este texto, e durante os últimos días escoitamos mesmo que traer o teito de gasto era unha operación partidista; hoxe afortunadamente esta crítica está desbotada. En segundo lugar, unha crítica non ao teito de gasto que hoxe se presenta, senón á figura do teito de gasto; isto, fundamentalmente, os grupos Mixto, do Bloque e do Grupo Común da Esquerda. E, finalmente, escoitamos tamén algunhas críticas con relación á composición do teito de gasto.



Eu, desde logo, creo que hai mérito en traer aquí o teito de gasto, eu creo que a situación de incerteza é total, non hai noticias das entregas a conta, non hai noticias da previsión de evolución macroeconómica por parte do Goberno, que, por certo, nisto hai uns meses, xusto antes do verán, estaba dicindo que ía crecer máis a economía, que ía ampliar a taxa de crecemento prevista para a economía este ano, e agora está xustamente facendo o contrario, que é baixar con respecto ao inicialmente previsto do 2,2 %.

Hai certamente incerteza con relación a como funciona o Goberno do Estado coas entregas a conta, coa experiencia que estamos a ter cos 330 millóns das entregas a conta, cos 200 millóns que se prometeron do IVE hai un ano e que aínda non se aboaron e, por suposto, coas compensacións ás comunidades cumpridoras.

Pero, obxectivamente, o certo é que hai comunidades que dan o paso adiante e outras non o dan, e eu creo que efectivamente estamos do lado bo, que é dar o paso adiante e traer hoxe a este pleno, ao único pleno que hai antes de que se cumpra o prazo para a presentación dos orzamentos, que é o día 20, a esta Casa, o teito de gasto. Por certo, algo que non se fai no Estado desde hai moito tempo e en practicamente en ningún Parlamento autonómico, porque aquí efectivamente traemos isto como proba da transparencia.

Ben, eu non sei se hoxe mellorou algo a situación, porque saberán que esta mañá nun programa, o de Ana Rosa Quintana, o presidente en funcións do Goberno anunciou que xa atoparon o mecanismo legal para facer as entregas a conta. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Empezamos con que ían a ser o mes pasado, en setembro, pero que estaban buscando a fórmula; despois díxose que seguían buscando a fórmula e, nun mitin, dixeron que probablemente antes do 10 de novembro, e esta mañá, non no Consello de Política Fiscal e Financeira —que é o lugar normal (*Murmurios.*)—, desde logo nun lugar con moita máis audiencia, dixo que parecía que o Goberno xa encontrara o mecanismo para transferir estas contas. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Neste contexto, eu quero felicitar o Goberno por traer o teito de gasto.

A segunda crítica ten que ver coa existencia do teito de gasto: corsé, derogación do teito de gasto... Acabamos de escoitar nunha parte da oposición —e, en cambio, noutra escoitamos unha defensa do teito de gasto e se acaso unha crítica de estilismo sobre as tallas— que quere derrogar o teito de gasto, e outra o que quere é mantelo, aínda que non comparta exactamente o teito de gasto que hoxe se presenta.

Evidentemente, nós estamos a favor do teito de gasto. Isto non é unha posición neoliberal, é todo o contrario, é a síntese do compromiso entre a doutrina neoclásico-keynesiana que se ten acadado en Europa, que permite en tempos de crise gastar máis do que se ingresa e a cambio exige en tempos de bonanza ir reducindo déficit para poder afrontar no futuro a crise sen ter nas costas unha mochila demasiado pesada de débeda, que era o que ocorría ata que se adoptaron este tipo de normas, moito máis razoables no contexto dunha moeda única, e que evidentemente requiren —e niso é no que estamos algúns— un posterior avance no tema orzamentario.

O certo é que aqueles países que hoxe moitos deles definen como o exemplo para a esquerda, como é o caso de Portugal, entre outras cousas, poden lucir os resultados que locen, porque foron os alumnos avantaxados no cumprimento das normas de gasto.



Pese a iso, evidentemente, en España non houbo intervención. En Portugal aínda seguen pagando polo médico, segue pagándose cando se circula polas autovías, e, por suposto, séguese cumprindo as regras de déficit, incluso por riba do que está a cumprir España; de aí que tamén a prima de risco hoxe por primeira vez estea máis baixa en Portugal que en España.

Pois, efectivamente, nós cremos que estas regras son as que salvaron dunha creba moitos países europeos, son as regras que permitiron salvar da creba moitas comunidades autónomas —non é o caso de Galicia— e son as regras que permiten salvagardar —que é o obxectivo último destas regras— a sostibilidade dos servizos públicos, a sostibilidade do Estado de benestar.

E a mellor proba é cal é a evolución do teito de gasto nos últimos anos. O máximo de gasto non financeiro da Xunta foi o orzamento do ano 2009, 10.581 millóns. Sempre se compara o ano 2009 cando se fan cifras orzamentarias e se esquecen sistematicamente —eu non sei por que—, pero, destes 10.581 millóns, 1.600 millóns quedaron a deber e estámolo pagando todos os anos, como consecuencia das liquidacións negativas.

Por tanto, en calquera comparación de gasto que implica que nun orzamento faltan 1.500 millóns de euros eu sería moi prudente, señor Lago, porque ¿vostede non é consciente de que estamos pagando parte dese teito de gasto do ano 2009 aínda agora e imos ter que seguir pagándoo en anos próximos?

Ben, o feito é que, desde ese teito máximo —este ano son 10.160 millóns—, unha simple operación de descontar o que se deixou a deber, e tendo en conta que neste ano apenas hai endebedamento, pois dámos a entender que este é o primeiro teito de gasto o máis amplo que hai en Galicia sen deixar un pufo para adiante e sen deixar ningún tipo de problema ao Goberno que veña.

O máis baixo foi o ano 2015, 8.400 millóns. É dicir, que desde o 2015, grazas á recuperación e grazas á reforma que se fixo na estrutura produtiva galega, estamos a falar dun teito de gasto superior en 1.700 millóns de euros.

Por tanto, eu contrasto, primeiro, que o teito de gasto é necesario, e, segundo, creo que é moi importante que unha vez máis nun tema tan importante coma este hai un grupo da oposición —o Grupo Socialista— que defende o teito de gasto e o resto da esquerda está en contra do teito de gasto, o cal certamente auguraría unhas liortas no Goberno bastante interesantes.

A terceira crítica é a da composición do teito de gasto. Díxose hoxe outra vez que é xenerosa en canto ás entregas a conta e extremadamente restritiva nos ingresos da xestión propia. Ben, primeiro, eu quero dicir que a estimación de crecemento está por baixo do que prevé a Airef para este período, que prevé incrementos do IRPF e do IVE do 5 %, e no teito de gasto contémpanse do 3,5 %, e reflicten, de feito, a tendencia á baixa da recadación, por mor da desaceleración económica.

En segundo lugar, esquecese que o ano que vén vai haber liquidacións positivas. Unha vez descontados os 85 millóns que seguimos pagando dos anos 2008 e 2009, do contorno de





300 millóns de euros, que os impostos cedidos teñen unha magnitude semellante á deste ano, e ademais que hai dous motivos para que as entregas a conta crezan máis que os tributos xestionados desde Galicia. O primeiro é que o ano pasado o céntimo sanitario aínda foi recadado pola Xunta de Galicia no último trimestre —estamos a falar de preto de 20 millóns de euros— e este ano 2020 vai vir nas entregas a conta; por tanto, aí xa hai un *décalage* de 40 millóns de euros, que simplemente se xustifican pola centralización dese tributo, consecuencia dunha sentenza comunitaria. E, en segundo lugar, que hai efectivamente impostos nos que cae a súa recadación; un deles é o de contaminación atmosférica; ao mellor, se imos a Meirama, sabemos por que ese imposto vai recadar menos.

Finalmente, os ingresos finalistas do Estado ¿por que crecen? Porque hai acordos en conferencias sectoriais, de tal maneira que, se, por exemplo, se xestionan ben os recursos de emprego, os recursos que dá o Estado soben; se se atenden máis dependentes, o nivel mínimo tamén sobe; ou se hai unha boa execución nos fondos Feader, esa execución implica máis cofinanciamento por parte do Estado.

Con relación á débeda, eu sobre a débeda o único que quero dicir —porque aquí se falou moito— é que practicamente non hai endebedamento no teito de gasto; en fase de execución mesmo xa chegamos ao superávit; este ano houbo investimentos como consecuencia do superávit, e, por tanto, o tema do endebedamento é practicamente testemuñal. Imos polo que manda o Goberno de España e Europa, polo escenario de déficit e a previsión que manda Europa ao Goberno socialista.

Moi ben. O que a min me parece que é moi incoherente é, por unha banda, criticar o endebedamento que hai en Galicia. Señor Lago, teríamos moito máis se tiveramos aceptado as emendas de AGE —e vostede estaba en AGE asesorando—, que nos presentaron todos os anos emendas para que crecera a débeda pública, máis de mil millóns máis; encima, se fósemos pola media do Estado, serían 3.500 millóns máis.

Criticar a Xunta polo da débeda, eu non sei se a critican porque se endebedou pouco, porque foi pouco ambiciosa ou porque se endebedou moito, pero dáme a sensación de que nesta cuestión vostedes teñen bastante confusión.

En definitiva, a oposición está moi dividida coa figura do teito de gasto; non sempre é rigorosa con relación ás cifras. E o Goberno eu creo que presenta con rigor, co mesmo rigor co que leva dez anos cumprindo todas as regras de gasto, un teito de gasto que, simplemente, pola inconsistencia das críticas, xa merecería ser votado, pero é que, ademais, ten vantaxes, que é o que nos leva, loxicamente, a apoialo.

En primeiro lugar, porque soben un 3,1 % os recursos: 300 millóns de euros. Superamos os 10.000 millóns de euros sen deixar a deber nada por primeira vez na historia, sen burbulla financeira económica ou inmobiliaria detrás. Efectivamente, o paro cae ata ao redor do 10 %, e algún día, xa que hai que falar e poñernos de acordo, imos ver se deixamos de utilizar o que é o paro —que diminuíu con relación a cando chegamos ao Goberno— do que é a po-boación ocupada, que é o que caeu desde que chegamos ao Goberno, como consecuencia dunha crise demográfica; son cousas distintas. O que non vale...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...é dicir que se destruíu emprego, porque hai menos poboación activa, pero, en cambio, cando dicimos que temos o PIB per cápita máis alto da historia de España, en converxencia con España, dicir que iso é cousa da demografía. (*Aplausos.*) Hai que usar os termos —eu creo— nos seus xustos termos.

Hai un crecemento por riba da eurozona claro, pese á ralentización. É un teito de gasto realista, prudente, axeitado ás novas circunstancias, á incerteza política...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...ás decisións contrarias do Goberno socialista para con Galicia e ao contexto internacional da guerra comercial.

Por tanto, imos votar que si, confirmando que en Galicia si hai estabilidade, si hai normalidade democrática, como demostran estes debates, e si se fan as cousas ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación do límite de gasto***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Procedemos, polo tanto, á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votamos.

*Votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o límite máximo de gasto financeiro dos orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as 17 horas.

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás cinco.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.



Reiniciamos a sesión cunha interpelación.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro, e moi boa tarde aos traballadores e traballadoras de Povisa que hoxe están na tribuna de convidadas seguindo esta interpelación. Están na tribuna de convidados, señor conselleiro, porque hai uns días tivemos noticia, a través dos medios de comunicación —e insisto no de «a través dos medios de comunicación»—, da venda do hospital Povisa ao grupo Ribera Salud; unha adquisición que está xerando enorme preocupación polas gravísimas consecuencias que pode ter para a sanidade galega, especialmente para a área sanitaria de Vigo.

Estamos ante un tema de enorme relevancia, diante do cal vostede tiña que ter solicitado vir a este Parlamento a dar conta e explicacións da situación, e non só non o fixo, senón que case non se pronunciou. Polos medios de comunicación sabemos que chamou a unha reunión aos responsables de Povisa e de Ribera Saúde e que lles pediu que foran bos; basicamente ese é o resumo. Non actuaron e están facendo coma se estiveramos vendendo un par de cadeiras, coma se estiveramos diante dunha minudencia, cando, dende logo, non é unha minudencia nin é unha simple transacción entre particulares sen máis; non é unha venda calquera porque Povisa é o maior hospital privado, non só de Galiza, senón do Estado español, que ten un concerto coa Administración pública, coa sanidade pública.

É un hospital privado que vive da sanidade pública. O 80 % da súa facturación é á conta dos impostos dos galegos e das galegas, case 1 de cada 8 euros que factura Povisa provén dos impostos dos galegos e das galegas; co cal, parécenos de relevancia suficiente como para que o Goberno do noso país recibise en tempo e forma os traballadores e traballadoras e se molestase en dar información.

Trátase da venda dun hospital co que o Sergas, a sanidade pública, ten concertado a prestación sanitaria hospitalaria para, neste momento, 135.000 veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo e no que traballan case 1.400 traballadores e traballadoras. É o concerto, como lles dicía antes, máis caro xa non de Galiza, senón do Estado; un concerto renovado en setembro do ano 2014 e polo cal presta esa atención hospitalaria aos veciños dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Nigrán, Baiona, Gondomar e a unha parte importante dos do concello de Vigo, e un concerto que supón, no momento de asinarse, no ano 2014, 600.480 euros máis IVE, por un período de oito anos, do 2014 ao 2022; é dicir, máis de 75 millóns de euros ao ano, IVE á parte.

Este concerto foi renegociado —chamémoslle así— á alza hai un ano. Hai un ano a empresa Povisa informou de que estaba en precurso de acredores, alegando perdas, segundo dicían, ocasionadas polo último concerto asinado no ano 2014.



A Xunta —e vostede como máximo responsable— procedeu a rescatar Povisa facendo unha renegociación da que aínda hoxe non coñecemos os detalles —igual que non coñecemos o contido íntegro do concerto, a pesar de telo solicitado polo artigo 9 en varias ocasións desde o Bloque Nacionalista Galego, pero o Partido Popular pasa por onde lle parece ese dereito que temos os deputados e deputadas a ter esa información— e unha renegociación que, segundo os cálculos do Consello de Contas, supón unha media de 4 millóns máis ao ano.

E cando xa todo parecía que non podía empeorar, resulta que en xullo deste ano 2019 tivemos coñecemento dunha comunicación de Povisa na que referenciaba como parte dos obxectivos que se marcou a empresa a principios do ano 2019, punto 1: «Reducir todas as actuacións, consultas, probas e intervencións en pacientes do Sergas que non lle aporten ningún valor engadido, e aproveitar esa liberación de recursos para mellorar cada vez máis o tempo de resposta a pacientes privados». Isto é textual da comunicación que a xerente do Sergas enviou a directivos de Povisa.

Estes obxectivos que marca a empresa, unha vez coñecidos e postos por escrito, deberían de ter causado, como mínimo, unha investigación por parte da Xunta, por parte da Consellería, señor Almuíña, porque estamos diante, dende logo, dunha alarma máis que xustificada. Unha empresa que ten que dar asistencia sanitaria a 135.000 doentes di que hai que reducir esa prestación para destinar eses recursos e ese tempo aos doentes privados.

E non fixo nada, non fixo absolutamente nada, igual que tería que ter actuado diante da vulneración constante dos dereitos laborais do seu persoal, do persoal de Povisa, que levan padecendo dende hai anos, que teñen un convenio conxelado dende hai case dez anos, que non tiveron subidas salariais e si reducións de xornadas en case todos os colectivos —dende logo, eu estou convencida de que non se puxeron de acordo centos de traballadoras e traballadores para pedir redución de xornada, senón que é obrigatoria—, con franxas horarias nas que o persoal queda reducido a mínimos e con máis de cen traballadores e traballadoras despedidos nos últimos anos. E a isto hai que engadir que vostedes non fiscalizan o que fai Povisa cos cartos que lle destinamos ao concerto, que tiñan que ir para financiar a sanidade pública. Hai dúbidas máis que razoables de que utiliza o mesmo persoal para prestar a asistencia sanitaria pública que a privada, de que a innovación tecnolóxica que leva facendo a imputa ao concurso e de que as melloras nas infraestruturas que leva feito llas imputa ao concerto.

Diante diso, lonxe de ter actuado, de garantir un uso correcto dos recursos públicos, o Partido Popular na Consellería de Sanidade, e con vostede á fronte, señor Almuíña, o que fixo foi que todas as decisións tomadas foron na dirección de condicionar a área sanitaria de Vigo para que Povisa fora e siga sendo imprescindible: reduciron as camas do novo hospital, os servizos, as prestacións, para ter que seguir dependendo de Povisa...

E con estas últimas actuacións subiron a aposta, con estas últimas actuacións de renegociar o convenio, o concerto, destinándolle máis cartos, de mirar para outro lado mentres sabían que estaban destinando cartos da pública á privada, vostedes o que estiveron facendo realmente foi capitalizar a Povisa para que lle fora mellor e para que fora máis cara a venda. Estiveron, con cartos públicos, axudando a empresa, non a mellorar a calidade asistencial, senón a vendela mellor. Iso foi o que estiveron facendo dende o Partido Popular. *(Aplausos.)*



Vostedes non soamente facilitaron esta sanidade privada a custa dunha sanidade integral na área sanitaria de Vigo, cun concerto caracterizado sempre pola opacidade, polo escurantismo, pola falta de transparencia, senón que agora dobran a aposta e xa non é que favorezan un empresario local con cartos públicos, senón que son os grandes introdutores das multinacionais da sanidade privada no noso país.

Igual que actuaron ao longo de todo o tempo do concerto, agora esta venda é igual de opaca; unha política de feitos consumados. Insisto en que non informaron os traballadores e traballadoras, que non saen do seu asombro, igual que non saímos miles de persoas, que non acabamos de entender como é posible que con todos os problemas que leva habido en Povisa, con todos os desencontros, resulta que agora nos enteremos polos medios de comunicación de que parece que se vende por 24 millóns de euros. Volven facer o mesmo que fixeron coas caixas, regalalas a prezo de saldo, e neste caso están permitindo que unha empresa regale unha parte importante da sanidade de Vigo a prezo de saldo.

¿E como é posible que por 24 millóns de euros o Sergas non compre un hospital imprescindible para prestar a asistencia sanitaria na área de Vigo? (*Aplausos.*) Non hai ninguén que sexa capaz de entendela se non é porque o seu obxectivo é precisamente ese: que lles importa moi pouco a calidade asistencial e os dereitos de traballadores e traballadoras. Para o único que están aquí é para vender o país a prezo de saldo ás multinacionais, que é o que están facendo. ¿E a quen llo venden? Pois a Ribera Saúde, unha empresa impulsada no 1997 por Eduardo Zaplana dende a Generalitat Valenciana —si, ese Zaplana da corrupción xeneralizada— para poñer en práctica a estratexia neoliberal do Partido Popular na sanidade pública. Cando Alberto Núñez Feixóo era o secretario xeral de Asistencia Sanitaria do Ministerio de Sanidade e Consumo, sendo ministro Romay Becarías —vannos encaixando as cousas, ¿non?— puxeron en marcha ese denominado modelo de colaboración público-privada, que é o modelo sanitario do Partido Popular.

Ribera Saúde, polo tanto, é a empresa do modelo privatizador de colaboración público-privada do Partido Popular. É a empresa do modelo Alcira, á que logo o Partido Popular lle foi adjudicando convenios na Administración sanitaria convenientemente. É unha empresa investigada tras a denuncia da UDEF por delitos de prevaricación, de malversación de caudais públicos, por cobro de comisións ilegais en próteses ortopédicas ou marcapasos; é unha empresa sancionada pola Consellería de Sanidade por distribuír medicamentos sen autorización e que agora está en mans dunha multinacional con sede en Missouri.

Vostedes están permitindo que unha parte importante da sanidade galega pase a mans dunha multinacional con sede en Missouri e que, polo tanto, Povisa sexa vendida a unha multinacional adicada dende hai anos a comerciar coa saúde da poboación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** O Partido Popular actuou para que a construción do novo hospital de Vigo non dera resposta ás necesidades da poboación e agora actúa para facilitarlle a venda a unha multinacional. E as preguntas, señor conselleiro, son: ¿ata onde vai chegar para entregar a unha multinacional a sanidade pública, ou a sanidade de Vigo? ¿Como é posible que



nunha venda desta envergadura vostedes practicamente non digan nin mu? ¿Como é posible que por 24 millóns de euros non tomaran a decisión de mercar este hospital para incorporalo á rede pública? ¿Cal é a razón para non ter rematado coa anomalía de que case a metade da poboación da área sanitaria de Vigo... (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado, rematou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados, traballadores e traballadoras do hospital Povisa.

Señora Prado, a verdade é que eu creo que ten unha ensalada mental dificilmente entendible, de verdade. (Murmurios.) Esta intervención mostra a falta de claridade de ideas que ten vostede e o seu grupo.

Pero, mire, imos falar realmente con datos, porque, se non, nos perdemos neste tipo de filosofías que non teñen concreción ningunha, en catro frases mitineiras e pouco máis.

Nós, desde logo, tratamos con moita responsabilidade —e dixémolo dende o primeiro momento— algo que é importantísimo, que é a asistencia sanitaria dunha zona de Galicia, dunha zona moi importante de Galicia, e tamén estamos preocupados polos traballadores —magníficos traballadores, que eu coñezo ben, por certo— do hospital Povisa, de Vigo.

É un concerto que, como dixo a señora deputada, se formalizou en setembro do 2014 e que ten un período de vixencia de oito anos. É un concerto novidoso, de base capitativa, é dicir, asignando a poboación concreta e cun pago pola poboación concreta que ten, e adicionalmente os servizos que se prestan por Povisa a pacientes do Sergas ou fóra da poboación asignada ou que se fan por outros centros públicos aos pacientes de Povisa teñen unha facturación distinta e que non ten influencia unha sobre outra.

A diferenza dos concertos anteriores, o primeiro feito significativo que debemos destacar é que neste concerto —como dicimos— a poboación pode libremente elixir onde quere recibir a asistencia sanitaria na área de Vigo. Isto creo que é moi importante. É a primeira vez que se produciu e sei que algunha das plataformas que agora din defender os traballadores de Povisa fixeron campaña para que a xente saíra de Povisa; co cal, un concerto dependente da actividade, loxicamente, sería o peche de Povisa. A poboación parece que non fixo moito caso porque hai unha estabilidade moi importante entre a xente que quere estar na área de Povisa e a que quere estar na área do resto do Complexo Hospitalario de Vigo. Como digo, primeiro, a elección; a xente pode elixir perfectamente. E, neste momento, hai unha duns 135.000 habitantes que elixiron libremente seguir aí.

Pero eu quero recordar que o concerto de Povisa non é un concerto novo, no ano 1991 —cando houbo as transferencias— xa había un concerto en vigor que databa do ano 1976; polo tanto,



hai 43 anos que Povisa ten concertos coa sanidade pública desa área. Chegouse a facer unha facturación por estancia hospitalaria, posteriormente por procesos, e, como digo, agora per cápita; co cal, imos evolucionando nun modelo desde logo moito máis moderno e acorde coas necesidades que necesitan os cidadáns.

No ano 1993, e tras as transferencias, asinou o primeiro concerto do Sergas, que foi substituído por outro no ano 1996; e este concerto permaneceu vixente ata a formalización en decembro doutro novo, que foi no ano 2009. Este concerto tiña unha vixencia inicial de oito anos, coa posibilidade de prórrogas anuais. De feito, continuou sendo prorrogado por períodos anuais ata setembro de 2014, cando dicíamos que fixeramos o novo concerto que tiña estas novas cláusulas creo que moi importantes para mellorar os servizos aos cidadáns.

Pero no ano 2006 —por certo, gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego— firmouse un documento denominado Acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo, que estaba firmado pola Consellería de Sanidade, os secretarios xerais dos sindicatos de UXT, Comisións Obreiras e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Universidade de Vigo e Povisa. Este acordo tiña por obxecto garantir o emprego no sector sanitario na comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado, e que se prestase asistencia concertada singularmente do que puidera resultar afectado polas modificacións operadas como consecuencia do proceso da construción do novo Hospital Universitario de Vigo.

Polo tanto, era un acordo que tiña como obxectivo o mantemento da actividade do concerto vixente para manter os postos de traballo existentes —¡que diferenza, como acaba de dicir a señora Prado!—. Naquel momento o Bipartito, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, podían perfectamente ter tomado outra decisión —que agora din que é a factible— pero non a tomaron. Tamén é certo que naquel momento dicían que ían facer un hospital público, e o único que coñecemos alí foron as infografías do hospital público, pero parece ser que iso tampouco o tiñan nada claro.

Quería destacar tamén que ese novo concerto leva por primeira vez a sinatura dun acordo de xestión —é dicir, hai un concerto e despois un acordo de xestión— onde se marcan uns obxectivos asistenciais que son verificados en todo momento: o cumprimento dos obxectivos de lista de espera, a calidade na prestación farmacéutica e outros obxectivos como as liñas estratéxicas de calidade, seguridade e sistemas de información. Seguen unha liña similar aos hospitais públicos porque a poboación para nós é unha poboación, loxicamente, do mesmo Sergas e, polo tanto, ten que ter as mesmas condicións. E hai unha valoración, un seguimento continuo, por parte da xerencia. E, incluso, paralelo a iso, tamén se poden realizar por parte da Inspección auditorías ou revisións específicas. Teño que dicir que desde que está este sistema de ADX hai un cumprimento de obxectivos marcados de ao redor do 90 %. Digo do 90 %, e iso significa que hai un 10 % que non se cumpre e, polo tanto, non se paga.

Quero destacar que, grazas ao esforzo de coordinación, desde logo, dos traballadores de Povisa —magníficos traballadores, profesionais con moita experiencia— pasamos dunha lista de espera cirúrxica que había no ano 2014 de 171 días á última de decembro de 2018, que é de 71,6 días; é dicir, de 100 días menos. Polo tanto, parece que este concerto beneficia a mellora da atención sanitaria para a poboación.



A modificación realizada no ano 2019 no concerto vixente vén motivada pola revisión realizada a raíz da situación presentada por Povisa no ano 2018, que ameazaba a viabilidade do centro e, polo tanto, os seus postos de traballo. E aquí dicía vostede que se vén salvar a Povisa. Non, ao que se vén é a mellorar a asistencia sanitaria e, desde logo, a facer e manter o traballo das persoas que estaban nese momento exercendo, e seguen exercendo, a actividade con nós. Creo que era fundamental.

Pero é certo que é complicada a postura que pode ter o BNG porque o Partido Socialista de Vigo pide, precisamente, que se incremente o financiamento de Povisa nese momento, e séguelo dicindo na actualidade. Parece ser que o Bloque o que quere é outra cousa, é que caia este hospital e, desde logo, teña consecuencias gravísimas para a atención. Polo tanto, se nalgún momento, nalgún instante, hai eleccións e van gobernar xuntos, sería interesante que lles puideran explicar aos traballadores de Povisa e aos pacientes da área sanitaria cal é o obxectivo que van ter na área sanitaria de Vigo. ¿Cal é?, ¿o que di o Partido Socialista ou o que di algún dos outros partidos como, neste caso, o Bloque Nacionalista Galego?

Evidentemente, se Povisa e o Sergas chegaron a un acordo nese momento desa reorganización cunha venda ou un concerto —é unha venda, non un rescate de nada, non estamos falando de bancos, estamos falando doutra cousa—, unha cláusula adicional terceira, pois, evidentemente, a situación da sanidade e tamén dos traballadores de Povisa sería moi diferente. Pero é curioso porque aquí por primeira vez aparece un párrafo que di que hai un interese especial polo tema do mantemento da man de obra. E di: «Segue sendo de interese para ambas partes tratar de atopar as solucións neste momento que poidan permitir manter o nivel de emprego de Povisa, apostando por un emprego estable e de calidade e garantindo para iso os niveis de actividade necesaria que unicamente o mantemento dun concerto pode asegurar». Creo que o Bloque estará de acordo con nós en defender este tipo de addendas que poidan mellorar esta situación.

E, por todo iso —como digo—, o 1 de xaneiro de 2019 asinouse unha modificación de determinadas estipulacións do concerto co dobre obxectivo de mellorar aínda máis a calidade asistencial e, ao mesmo tempo, de manter un emprego de calidade e estable para todos os traballadores. Esas modificacións están fundamentalmente en asumir por parte do Servizo Galego de Saúde o custo da medicina hospitalaria e a dispensación ambulatoria para pacientes externos, do mesmo xeito que se está a facer coa medicación dispensada a través de oficinas de farmacia, con traballar en establecer os correspondentes mecanismos de colaboración para facilitar a posibilidade do hospital Povisa de beneficiarse das condicións económicas na adquisición de produtos, con dar unha solución ao financiamento da función docente posgraduada vinculada ao sistema MIR, facendo un financiamento mixto Povisa-Sergas e con incorporar a posibilidade de realizar en Povisa actividades programadas de procesos médicos, ou cirúrxicos, ou de probas diagnósticas e terapéuticas para pacientes incluídos en listas de espera da EOXI de Vigo. Desde logo, todo isto compensado pola baixada da cápita, que é un dos obxectivos principais.

Por tanto, desde a Consellería de Sanidade e desde a Xunta de Galicia seguimos con eses dous obxectivos que non cambiaron ao longo de todo este tempo, que son, por un lado, manter a calidade do servizo sanitario —ese excelente nivel de calidade que se consegue con estes moi bos profesionais— e, polo outro, o mantemento do emprego.





Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Señor Almuíña, ¿vostede cre que co nivel de preocupación que teñen os traballadores e traballadoras pode vir aquí facer un histórico e a non contestar nin ás preguntas que ten por escrito nin ás que lle fixen? E vostede vén agora intentar dicir que con esa addenda ao concerto estableceron cláusulas. Non, mire, é que vostedes xa tiñan instrumentos para ter actuado desde a sinatura do concerto no ano 2014, e xa nós pedimos, o BNG, neste Parlamento que os cumpriran, que é que na estipulación segunda de prestacións sanitarias do concerto dicía: «Povisa obrígase a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos ao servizo público no obxecto deste concerto. E igualmente deberá cumprilas, igual que nos seus centros propios». Iso xa o tiñan por escrito vostedes, e estiveron mirando continuamente para outro lado. Non lles preocupou a vulneración dos dereitos laborais continuos aos traballadores e traballadoras de Povisa, soamente lles preocupou a conta de resultados de Silveira.

Dende logo, hoxe pola mañá houbo unha reunión —na que vostede non estivo, aínda que na prensa di que si— do xerente do Sergas cos traballadores de Povisa onde asegura que a súa preocupación vai ser o mantemento dos postos de traballo e a calidade asistencial. E a pregunta que nós facemos é: ¿que visos de que iso poida verificarse temos se levan anos mirando para outro lado e non vixiando que iso se cumprira? Non conseguiron facelo cunha empresa ubicada en Vigo, con fortes lazos con membros do Partido Popular relevantes como Rocío Mosquera, que traballou no grupo; a señora xerente, neste momento, de Povisa, que antes estivo en Galaria; o actual xerente da EOXI de Vigo, que tamén pasou por Povisa, e ata vostede, señor Almuíña, traballou en Povisa. É dicir, se con todos eses vínculos non foron capaces de facerlle cumprir a Povisa o que estaba establecido nos concertos, ¿que mínimo de credibilidade ten que vostede lles diga que lle van facer cumprir a unha multinacional que ten a súa sede en Missouri? (*Aplausos.*) ¿Vostede cre que podemos estar tranquilos, nin os traballadores nin traballadoras, nin ningún galego e galega, co que vostedes poidan dicir se non fixeron absolutamente nada para facerllo cumprir a Povisa?

Dende logo, o que estamos é altamente preocupados. O BNG rexeita de maneira contundente esta operación claramente especulativa que compromete o dereito a un servizo público esencial como é a saúde.

En consecuencia, o que lle pedimos hoxe aquí, señor Almuíña, é que proceda a traballar para absorber de xeito directo a xestión deste centro hospitalario, que proceda a iniciar as xestións para que Povisa pase a formar parte do Sergas. Quedan pouco menos de tres anos para que remate este concerto. O que lle pedimos desde o BNG é que se poña a traballar, que para o remate deste concerto poidan absorberse e que non sigan nesta situación, que actúe, efectivamente, como garante da calidade asistencial e da poboación e que vele polo mantemento dos postos de traballo e polos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras mentres iso non se verifica.



E tamén lle pedimos que faga dunha vez por todas unha auditoría externa e críbel de como estivo investindo os cartos Povisa, os cartos públicos. ¿A que os estivo destinando? É necesario saber como se estiveron usando eses cartos, porque vostedes tiveron oportunidades máis que de sobra para reverter, para facer pasar ao sistema público ese hospital polos continuos incumprimentos de Povisa coa asistencia sanitaria e cos traballadores e traballadoras; se non o fixeron, foi porque non quixeron. Están a tempo de rectificar e de facelo.

Dende logo, van ter en fronte ao BNG, xunto con todas as persoas que defenden unha sanidade pública e de calidade, e a unha parte moi importante dos traballadores e traballadoras, exixindo esa integración dun hospital imprescindible para prestar asistencia sanitaria a case a metade da poboación da área sanitaria de Vigo, e que sexa público. Dícímolo aquí e asinámolos onde faga falta. Este é o compromiso do BNG. A nosa decisión e determinación —e, dende logo, traballaremos incansablemente para que sexa así— é que ese hospital pase a formar parte da rede pública para garantir a situación laboral dos traballadores e traballadoras e para garantirles dunha vez por todas unha calidade asistencial. Así de claro e así de nítido llo dicimos hoxe aquí, señor Almuíña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Para o peche desta interpelación, o señor conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Señora Prado, clara e nítida. Xa me dirá que vai dicir se goberna vostede dentro duns meses, cando o Partido Socialista claramente dixo xa onte que non quería facer o que o Bloque quere facer. Diga se iso vai significar que non van gobernar xuntos. Poden explicalo.

Pero, mire, foi unha pena, ademais, que se acordara tan tarde. Tiveron catro anos para poder facelo e non o quixeron facer. Agora mesmo o que podía ser un socio futuro xa di que non o vai facer. Polo tanto, creo que a credibilidade súa e a do seu grupo neste aspecto queda bastante tocada. É así.

Mire, desde o primeiro momento as nosas preocupacións —non de agora, como digo, desde hai moitos anos— son, precisamente, o mantemento de niveis de calidade asistencial. Estase traballando, estase dando un servizo sanitario a unha poboación moi importante, 137.000 ou 135.000, depende do ano, habitantes da zona de Vigo. E tamén o emprego para nós é fundamental. Como digo, a plantilla que está neste momento en Povisa é necesaria para dar os niveis de calidade que está dando. Pero coincidimos con parte da oposición, e o grupo maioritario exactamente parece que ten como argumentario o que dixo a Consellería de Sanidade desde o primeiro momento, que é isto, que son os dous piares básicos.

Desde logo, hai unha operación de dúas empresas, porque aquí di que vendemos unha empresa. O Sergas non vendeu ningunha empresa. Aquí hai dúas empresas que negocian e che-



gan a un acordo. Polo tanto, nesa parte non entramos. Noutro tipo de economías como Venezuela e así posiblemente se actúe de forma diferente; aquí non, as empresas poden negociar. Agora hai un concerto, hai un acordo que teñen que respectar. Imos exixir que se respecte ata o final. E, como digo, para nós iso é fundamental.

A empresa que entra é unha empresa do sector sanitario, iso dános unha confianza. Antes da familia Silveira houbo outros empresarios que crearon Povisa; ou sexa que isto vai pasando de empresarios dedicados á sanidade —en orixe eran especialistas en traumatoloxía, en xinecoloxía e noutras que conformaron a primeira Povisa—.... Pois esta é unha empresa sanitaria, de base americana, pero que ten unha base moi importante en España, en Valencia, en Madrid e agora tamén en Galicia, pero tamén en Europa. Polo tanto, cremos que poden desenvolver un bo traballo e que hai que darlle esa confianza, coa vixilancia que desde sempre tivemos sobre Povisa. É unha empresa que ten unha actividade moi importante en 32 estados americanos polo momento, pero que van ser máis, está en crecemento, e non é un fondo financeiro, senón que vén facer o que saben facer, que é sanidade. Se o fan ben... Nós, desde logo, estaremos vixilantes en todo momento.

Como xa dixemos, o concerto co Sergas continúa vixente ata o ano 2022, polo que continuaremos exixindo o cumprimento nos termos acordados e pactados. Polo tanto, a nosa aposta polo mantemento dos postos de traballo é firme e clara, ao igual que a garantía de calidade da atención, para o que no último concerto introducimos controis e indicadores de calidade adicionais aos que había anteriormente. Os resultados da lista de espera, por exemplo, son algo obxectivo que podemos pór sobre a mesa sobre esa mellora.

Pero hai outro valor que tamén, como dicía, é ao que os pacientes, os cidadáns desa área, dan, parece ser, maioritariamente o aprobado, porque os cambios son moi reducidos durante esta vixencia. A día de hoxe parece que este proceso o que conseguiu foi que os traballadores, cando falamos desa reversión, poidan pasar ao Sergas, que é o que pide o BNG. Tamén o fixo na Comunidade Valenciana unha consejera de Sanidade que xa non está, que foi ministra despois, pero que agora non é ministra nin consejera. Pois neste momento creou un problema enorme cos traballadores. Están nun momento de inestabilidade total porque son prazas teoricamente a extinguir, que non teñen ningún dereito adicional e, polo tanto, crean un problema aos traballadores. Iso está sobre a mesa neste momento. Asistencialmente empeorou moito a zona de Alcira claramente e ten listas de espera moitísimo maiores.

Desde logo, nós o que queremos é tratar de seguir cumprindo eses criterios fundamentais. Quero dicir que nós imos seguir defendendo os 365 días do ano estes dous piares. Desde logo, paréceme gravísimo que diga vostede que non estiven na reunión de hoxe. Foron convocados os sindicatos de Povisa a unha hora e despois non puido ser, houbo que atrasala, pero nós tivemos unha reunión que inicié eu saudando e dicindo os obxectivos fundamentais e seguiron os membros do equipo directivo ata case as 12 da mañá.

Creo que nós somos xente que dialoga, xente que trata de solucionar e, desde logo, creo que tanto a poboación da área de Povisa como os traballadores teñen bastante máis confianza no que facemos desde a Consellería que no que fai algún grupo político.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Paso a lerlles agora unha declaración que me fan chegar os grupos, ao ter chegado a un acordo sobre o sistema público de pensións, e que di:

«O Parlamento de Galicia considera que o sistema público de pensións é o principal instrumento do benestar e a protección social, tanto en Galicia como no resto do Estado. En primeiro lugar, porque dá cobertura, fundamentalmente, ás persoas maiores, aínda que tamén protexe outras continxencias como a incapacidade, a viuvez e a orfandade. En todos os casos protexe persoas que dificilmente teñen alternativas de ingresos diferentes á pensión. Son, polo tanto, persoas vulnerables que teñen no sistema público de pensións a garantía de ingresos para levar unha vida digna.

En segundo lugar, porque ningún outro sistema de protección dá cobertura a un número tan elevado de persoas, para o que dispón dun orzamento moi superior ao resto de instrumentos de protección social. Xa o é agora e serao máis no futuro inmediato, pois o alongamento da esperanza de vida fai que aumente o número de persoas maiores, especialmente en sociedades como a galega, que combinan este proceso cunha regresión demográfica que ten como consecuencia un incremento do peso relativo das persoas maiores.

Algunhas cifras o demostran. En Galicia hai 339.459 mulleres e 338.767 homes pensionistas nas diferentes modalidades e réximes. Sumadas son 678.226 persoas en total; unha cifra que, comparada coa poboación total de Galicia, evidencia a súa extraordinaria relevancia: o 25 % dos 2,7 millóns de persoas que viven no noso país son pensionistas.

Dito doutro xeito, unha de cada catro persoas en Galicia ten na pensión a súa fonte principal de ingresos, de aí o enorme papel de cohesión social que desempeñou o sistema público de pensións na última recesión económica; un peso económico e social que aínda é maior nas provincias menos desenvolvidas e máis envellecidas, porque en Lugo as persoas pensionistas son o 30 % da poboación total e chegan ata o 31 % en Ourense.

O impacto económico das pensións é moi significativo no noso país porque a nómina mensual de pensións en Galicia supera os 637 millóns de euros e, polo tanto, o desembolso do sistema público de pensións é na comunidade autónoma de 9.000 millóns de euros cada ano.

O Parlamento de Galicia considera que a defensa do sistema público de pensións ten que ser unha prioridade absoluta para a sociedade galega, coas súas institucións á fronte, e defende o sistema e tamén as persoas, porque coa crise económica se modificaron tanto as condicións de acceso ás pensións como a súa contía.

O Parlamento de Galicia estima que o necesario equilibrio financeiro do sistema non pode buscarse reducindo a contía dunhas pensións que, en moitos casos, xa son baixas, especialmente no noso país.



En setembro de 2019, a pensión media está en 848 euros ao mes, unha cifra baixa pero que aínda así agocha realidades moi preocupantes, como que a contía da pensión de viuvez sexa de 601 euros ou que a pensión media do réxime de autónomos sexa de 597 euros mensuais.

Son cantidades que non se poden reducir máis, polo que o Parlamento de Galicia opina que o mecanismo de revalorización anual debe garantir que as pensións non perdan poder adquisitivo, tomando o IPC como referencia troncal. Ao tempo que se garante o poder adquisitivo do conxunto do sistema, hai que ir mellorando a contía das pensións mínimas, unha cuestión de especial relevancia para o noso país, xa que o 30 % das persoas pensionistas en Galicia cobran complementos de mínimos.

O Parlamento de Galicia comparte a idea de que para garantir a sostibilidade do sistema ante os desafíos demográficos é necesario mellorar o seu financiamento a través das cotizacións sociais, pero tamén contar cos orzamentos xerais do Estado.

É fundamental aumentar os ingresos por cotizacións, que son a fonte principal de financiamento do sistema, e para iso cómpre máis e mellor emprego e máis persoas cotizando en empregos estables e con mellores salarios, porque así aumentan as bases de cotización e os ingresos da Seguridade Social.

O Parlamento de Galicia manifesta o seu compromiso na defensa do sistema público de pensións como principal instrumento para o benestar, a protección e a cohesión social, que debe ser reforzado ante o desafío demográfico ao que se enfronta para poder garantir pensións suficientes que lles aseguren unha vida digna ás persoas que as cobran».

Que así sexa. *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Continuamos coa orde do día. Son agora as preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista**

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pierres, cando queira.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Boa tarde, señor Rueda.

Permítame, antes de nada, saudar os representantes do Comité Intercentros da CRTVG, que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

E é que existe un motivo non grande, senón máis ben enorme polo que hoxe o noso grupo trae este asunto á Cámara. Ese motivo chámase exemplaridade, porque de nada serve plasmar intencións nos papeis ou asinar convenios e redactar leis se logo non hai vixilancia nin exemplaridade no cumprimento de todas elas. E a cobertura dos días 16, 17 e 18 dos asi-



atos machistas de Valga volveu ser un exemplo máis do incumprimento dos protocolos informativos por parte da Televisión pública Galega.

Voulle ser franca. Talvez houbo coberturas no pasado moito máis desafortunadas ca esta, pode ser, pero o Grupo Socialista non agarda da CRTVG que actúe con máis ou menos fortuna, o noso grupo e toda a poboación implicada na loita contra a violencia machista aspira e exige que se faga con total corrección, con esa exemplaridade que debера ter un medio público; (*Aplausos.*) un medio que debера facerse eco da lei, como é a 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e da súa responsabilidade pedagóxica, social e informativa.

A pesar de que a CRTVG ten desde o ano 2015 ese convenio de autorregulación con recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, a súa implementación segue a dar signos de total incapacidade.

No caso de Valga fíxose caso omiso de varias desas recomendacións: por un lado, nalgúns telexornais tratouse como un suceso convencional e esqueceuse a inclusión do teléfono da denuncia, e naqueles nos que si se fixo non se advertiu que a chamada non deixa pegada. Empregouse unha linguaxe que normalizaba a violencia machista e con detalles morbosos, como a imaxe dun dos corpos no momento de ser cuberto ou as referencias ao lugar da realización das autopsias, o mesmo que acontecera nas de Diana Quer, cando era un dato, primeiro, que carecía de interese informativo e que nin sequera estaba contrastado, porque, de feito, nin sequera así foi. Morbo por riba da información, señor conselleiro.

Pero o máis grave foi, sen dúbida, a falla de vixilancia no uso das testemuñas próximas ao agresor, tal como se recomenda no protocolo. Entrevistar a irmá do asasino antes incluso da chegada dos profesionais do grupo de intervención psicolóxica non parece, de verdade, o máis acaído, nin a súa elección como testemuña por ser vítima emocional no caso nin tampouco pola súa exposición pública con imaxes nas que, aínda estando de costas, aparece o seu nome e apelidos nos titulares. Por iso nós lle preguntamos: ¿cre de verdade que a cobertura realizada pola CRTVG do triplo asasinato machista de Valga cumpriu con todas as recomendacións do Consello de Administración da CRTVG?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora Pierres.

Señorías, en primeiro lugar, non tiveron ocasión de manifestar no Parlamento, no tempo que mediou dende o asasinato machista de Valga ata agora, como creo que fixo todo o mundo, a



repulsa e a solidariedade do Goberno da Xunta de Galicia sobre todo coa familia, e, por suposto o compromiso de axuda cos orfos e con ese pai e ese avó para axudalos no dificultísimo camiño que lles queda a partir de agora. Xa digo, non tiven ocasión de facelo neste parlamento en nome do Goberno galego e quería facelo nesta pregunta.

A partir de aí, señora Pierres, voulle dicir unha cousa que xa lle teño respostado outras veces que vostede me fixo preguntas sobre a opinión do Goberno galego respecto dos contidos informativos da Televisión de Galicia. Xa lle dixen, e dígollo outra vez, comprendo que vostede que pertence a un partido que ten unha televisión, neste caso a española, de ámbito nacional, cunha administración provisionalísima, que xa leva dezaioito meses sen dar absolutamente ningunha intención nin ningún signo de querer cambiar —vostedes saberán por que—, comprendo que lle pareza que un goberno democrático como o da Xunta de Galicia teña que inmiscirse nos contidos dunha televisión pública, que é tanto como dicir que cada vez que vostede ve a Televisión de Galicia e non lle gusta, chama aquí ao Goberno da Xunta de Galicia para que interveña, para que a partir de agora lle guste a vostede todo o que vexa na televisión. Ese é o sentido das súas preguntas. Vostede pon cara de que non é así, pero dígolle sinceramente, véndoo cunha mínima obxectividade, isto é o que hai, e, dende logo, isto é o que non imos facer en ningún caso.

Señora Pierres, hai unha comisión de control da CRTVG neste Parlamento, vostede sábeo perfectamente. Eu tería que dicirlle que aí é onde hai que presentar este tipo de iniciativas, e se é o caso, discutilas. Pero é que xa o fixeron, unha iniciativa exactamente igual ou practicamente igual á que vostede hoxe me formula aquí. Dende logo, a miña obriga é vir respondela como membro do Goberno e tamén como deputado, pero a miña obriga e a miña convicción tamén é dicirlle que nesa comisión de control é onde se deben plantexar as cuestións se o que quere é controlar, no sentido democrático, a Televisión de Galicia e os contidos que emite. Non espere deste goberno o control dunha corporación que ten os seus mecanismos de control. Espere, por suposto, un fomento de todo aquilo que vaia encamiñado a un bo funcionamento, moito máis no tema da igualdade e da loita contra a violencia machista. Fixéronse moitas cousas, seguirémolas facendo, pero non espere unha intervención que non sería democrática, na nosa opinión, nos contidos dunha corporación pública. ¿Vostede cre que si? Siga facendo estas preguntas. Este goberno democrático vaille responder sempre o mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia.

Réplica, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Hoxe créame, señor Rueda, que a nosa intención non era máis que evidenciar a importancia que ten que todos e todas nos impliquemos para erradicar a violencia machista, vostedes tamén, e, por suposto, a TVG tamén. *(Aplausos.)* Non o di o Partido Socialista, dío a lei de igualdade. E reclámallelo o Partido Socialista pero tamén llelo reclama o propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, tamén llelo reclama o Colexio de Xornalistas de Galicia e tamén llelo reclama o colectivo ‘Defende a Galega’, cos diferentes



chamamentos profesionais que teñen realizado nestes días á responsabilidade e ás boas prácticas dos medios de comunicación, chamamentos tamén para a televisión galega.

Este non foi un feito puntual, señor Rueda, esta mesma fin de semana abríase un telediario na TVG cun caso de violencia machista en Alemaña na que se xustificaba o asasinato por celos, expresión que incumpre a recomendación sétima do protocolo por tratar de achegarse á comprensión e exculpación do agresor. E por mencionar outros episodios tan nefastos, a publicidade emitida o pasado ano sobre o programa Land Rover, no que se dicía que era mellor ver o programa que pegarlle a unha vella; un exemplo de como, escudados no humor, se cae no erro de desvirtuar e minimizar a gravidade das actitudes de violencia machista, alimentando, ademais, unha imaxe de muller totalmente desfasada. Cuestións todas elas que evidencian a necesidade de que a televisión pública galega ten que apostar por implementar un plan de formación continua no tratamento de casos de violencia machista, de uso de linguaxe inclusiva, que lles permita reciclarse aos traballadores e ás traballadoras. Só así se poderá acadar esa excelencia e exemplaridade informativa que se agarda, por suposto, da TVG e dos seus directivos e directivas.

Polo tanto, señor conselleiro, vólvolle preguntar, esta vez e todas as que faga falta, ¿son vostedes conscientes do necesario de defender unha televisión galega exemplar, de calidade e digna para todas e todos e contribuír así á erradicación da violencia e da desigualdade... (A señora Pierres López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señora Pierres, por suposto que somos conscientes, e por iso os deputados e deputadas do Partido Popular neste parlamento fan o seu labor na Comisión de control e fan todo o posible —igual que supoño que farán os deputados e deputadas do seu grupo e do resto dos grupos parlamentarios— para que teñamos unha televisión o máis obxectiva, o máis plural e o máis útil posible para a sociedade galega. E iso tamén inclúe, por suposto, a loita contra a violencia machista e inclúe a loita pola igualdade, aí o fan.

O que non imos facer nunca é o que acaba de facer vostede —na miña opinión e creo que na opinión de moita xente, dende logo na de moitos deputados e deputadas que hoxe a escoitaron aquí igual ca min—, vir dicir outra vez, con esa especie de superioridade que creo que non é nada boa para loitar contra unha lacra que nos afecta a todos, e pensar que se opinamos o mesmo que vostede e temos a mesma visión e a mesma proposta de canle para solucionar os problemas que vostede, é como hai que facer as cousas, e se temos unha opinión diferente, entón non é que esteamos errados, é quen non estamos en contra da violencia machista e a prol da igualdade, e iso, dende logo, non llelo podemos permitir. Téñao moi claro, téñao moi claro, porque así non imos solucionar absolutamente nada. E a partir de aí virán moitos erros derivados de crer que vostede ten que aproveitar oportunidades para desgastar o Goberno e





non aproveitar oportunidades para conseguir que teñamos, entre todos, mellores medios públicos, incluída, por suposto, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Polo tanto, nós imos seguir facendo o que estamos facendo, que é, a través da Secretaría Xeral de Igualdade e a través de todos os departamentos do Goberno que sexan necesarios, favorecer cursos de formación para o persoal da CRTVG; favorecer a subscrición de convenios para boas prácticas; favorecer todo o que sexa impulsar unha comisión de publicidade non sexista; favorecer, en definitiva, todo aquilo que poida contribuír a facer unha sociedade máis xusta, máis igualitaria, máis preventiva da violencia machista a través dos medios públicos como é a Comisión da Radio-Televisión pública de Galicia. O que non imos facer nunca é aproveitar o Parlamento para desgastar o Goberno, para non entender que isto é unha loita de todos e para pretender que un goberno democrático se meta nos contidos dunha televisión democrática. Iso estano intentando facer vostedes en Madrid. Levan dezaioito meses. Así lles vai e así lles irá.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co trazado da vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Boa tarde, señora conselleira.

Quero aproveitar para saudar a Asociación de veciños afectados por infraestruturas do concello de Cambre, que nos acompañan hoxe aquí entre o público.

A vía Ártabra, señora conselleira, sabe vostede que se trata dunha obra planificada no 2001 co obxectivo de aliviar o volume de vehículos nas estradas da área e actuar como vía de cohesión da área metropolitana da Coruña. Pero na actualidade ten unha intensidade de tráfico moi inferior ao esperado, debido a que non conta con conexión coas vías de alta capacidade que chegan á área urbana.

O pasado 4 de marzo vostede anunciou na Coruña a prolongación da vía Ártabra cun investimento de preto de 40 millóns de euros, obra que foi autorizada no Consello da Xunta do 21 de febreiro deste ano para a licitación das obras de inicio da primeira fase de prolongación da vía Ártabra ata a autoestrada AP-9; é dicir, dende a N-6 ata a carretera autonómica AC-221.

A referencia do Consello sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión. Remata a nota do Consello indicando que a vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia, definida no plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son: lograr mellorar as comunicacións



na área da Coruña e artellar unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-6, da AP-9 e da A-6.

O Plan sectorial aprobado no 2004, con Feijóo á fronte da Consellería, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, polo que define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolven o plan como son a potenciación da actividade comercial, maior equilibrio territorial e cohesión social e liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana, xa de por si saturada. A vía Ártabra debe ser unha verdadeira conexión dos concellos afectados, unha verdadeira conexión do conxunto dos polígonos industriais do cinto metropolitano e unha verdadeira conexión das instalacións portuarias. Por iso, é necesario priorizar a conexión da vía Ártabra coa A-6, converténdose así nunha verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...a terceira rolda e sen custos de peaxe. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señorías, en primeiro lugar convido ao Partido Socialista a que pida perdón polo anuncio do cesamento dos altos cargos da Xunta de Galicia por actuacións en Ourense, pois quedou clarísimo pola xustiza que non fixeron nada. Polo tanto, agardo que o Partido Socialista pida perdón por pedir o cesamento de altos cargos que a xustiza deixou meridianamente claro que non fixeron nada. *(Aplausos.)*

Sobre cuestións da vía Ártabra, eu encantada de contestar novamente, e comezar polas cuestións concretas que veñen no texto que leu practicamente de xeito literal: a conexión da vía Ártabra coa A-6. Xa tiveron oportunidade de contestarlle á mesma pregunta, a conexión coa A-6, ao señor Villoslada, que agora está de concelleiro na Coruña. Creo que fun moi clara nesa contestación ao señor Villoslada e vou ser tamén meridianamente clara con esta cuestión, como sempre son, tamén con vostede.

N-6, AP-9, A-6, para chegar lonxe hai que chegar tamén máis cerca. Mais cerca, máis lonxe. Polo tanto, déixenos tamén chegar á AP-9 para continuar á A-6. Eu creo que é algo totalmente entendible, enténdeo un neno pequeno. Para chegar á A-6, antes hai que chegar á AP-9, que está máis cerca. É así de sinxelo o asunto.



O que estamos a facer son 40 millóns de euros, o investimento maior con fondos públicos nunha nova estrada estratéxica imprescindible para a área metropolitana da Coruña. Ben saben os deputados que teño aquí, ás miñas costas, que é imprescindible esta actuación.

Para avanzar non contamos coa autorización do Ministerio de Fomento, pero nós imos facendo porque queremos vertebrar A Coruña, mellorar a mobilidade e mellorar a competitividade no tema industrial. Parece que non lles importa moito, pero aquí tamén ten moito que ver, porque conectamos cun polígono industrial e esa conexión é fundamental para darlle sentido, funcionalidade e sacarlle o máximo rendemento aos 70 millóns de euros que xa están investidos no resto da vía Ártabra. Hai que darlle funcionalidade conectando coa AP-9 porque se chega antes á AP-9 que a A-6.

É unha actuación estratéxica, e ante as dificultades do Ministerio de Fomento, por non demorar máis, fixemos a licitación deste primeiro treito que temos en obras desde agosto; é dicir, xa non é unha licitación, un anuncio. Decía vostede: fixo un anuncio. As obras licítáronse, estamos executando esas obras que aforrarán un 33 % do tempo de percorrido dunha persoa que vaia dende Oleiros ata o centro da Coruña. Supramunicipal, que beneficia de xeito substancial a todos os veciños da N-6, non só a Sada, Oleiros, Bergondo, senón tamén á zona de Ferrol. Os veciños da N-6 van ver substancialmente mellorada a súa vida con tres novos quilómetros, unha autovía libre de peaxe, para incrementar a mobilidade e a competitividade. Os empresarios do polígono están interesados por esta actuación.

Pero ¿sabe o que lles debería de preocupar e o que nos preocupa? que o Ministerio de Fomento autorice, que o Ministerio de Fomento diga que sexa libre de peaxe. ¿Vai axudar a pedir isto ao Ministerio de Fomento, señoría? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señora conselleira, traeremos as preguntas que consideremos as veces que consideremos, e vostedes, como Goberno, teñen a obriga de contestarnos. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, é verdade que vostede acaba de incidir bastante na realidade desta situación na que nos atopamos nestes momentos. Vostede fala da conexión con Oleiros. Unicamente lle preocupa a conexión con Oleiros. Esperemos que a causa non veña determinada por unha urbanización chamada Finca de Xaz, en Oleiros, que é un residencial con vivendas exclusivas no seo dun moderno complexo privado, con casas, club, pistas deportivas, piscinas e un contorno rural único preto das praias. Esperamos que non veña condicionada por esa situación.

Mire, señora conselleira, preguntolle: ¿a Consellería que vostede preside ten feitos os deberes? ¿Ten acordada a modificación do actual contrato concesional con Audasa? ¿Ten preparado o convenio que con carácter previo á execución das obras deben asinar as tres administracións implicadas, tal e como lle ten reiterado en distintas ocasións o propio Mi-



nisterio de Fomento? Por certo, cando gobernaba o Partido Popular no Estado, tamén lle ten reiterado que é necesario para acometer esa modificación do contrato concesional con Audasa. ¿Teno acordado con Audasa? Conteste, señora conselleira, é moi importante iso para poder seguir con este trazado.

Señora conselleira, o Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia: a Dirección Xeral de Patrimonio, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e a Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido por parte destes centros directivos as incidencias postas de manifesto nos ditos informes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Turno de peche, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Eu encantada de contestar, pero hai que poñer as situacións en contexto, creo que o contexto das iniciativas hai que poñelo na súa xusta medida. Encantada de contestar, por suposto. Unha actuación, ademais, na área metropolitana da Coruña importantísima para a xente que me rodea e para os deputados da Coruña. Polo tanto, deixar claro que estamos a facer unha actuación que cumpre toda a normativa. Cumpre toda a normativa de seguridade viaria; ao mellor a seguridade viaria a vostede non lle preocupa. Hai técnicos que se preocupan pola seguridade viaria, técnicos que se preocupan pola normativa ambiental e técnicos ambientais patrimoniais, etcétera, porque se non a obra non se podería estar facendo. Ao mellor, noutros concellos si que fan actuacións sen os informes preceptivos, ou noutras administracións, desde logo, na nosa administración facemos as obras con todos os informes sectoriais pertinentes. Cando hai desconformidade do órgano ambiental, por exemplo, non se pode facer, como é o caso que nos pasa na vía de altas prestacións do Salnés, do Grove, que ten afeccións ambientais, pero esta está en obras porque ten todos os informes pertinentes. Trazado aprobado, por certo —creo que o debe saber vostede—, polo Bipartito, polo tanto, iso é unha garantía, supoño eu, un trazado aprobado polo Bipartito. Ambientalmente, teño aquí a aprobación ambiental, asínaa Manuel Morato, que era director xeral de Obras Públicas naquel entón, cando María José Caride era conselleira de Obras Públicas. Polo tanto, un trazado que non é político. Os trazados só teñen que ser técnicos, creo que todos estaremos de acordo. Un trazado técnico que cumpre todas as garantías de seguridade ambientais, criterios obxectivos ambientais e trazado do Bipartito, volvo incidir.

A min si me sorprende que fagan algunhas declaracións os do Partido Socialista: avanzaremos cara a A-6 pero hai que actuar ante a AP-9. A min sorpréndeme, por exemplo, ver algunhas manifestacións do Partido Socialista sobre este trazado coa AP-9, porque o certo é que están os do Partido Socialista manifestándose contra os propios actos do Partido Socialista. Eu non sei se lles causan rubor estas actuacións. Eu vin a alcaldesa da Coruña nunha manifestación polos temas ambientais da vía Ártabra: estamos a falar da vía Ártabra e da conexión coa AP-9, porque para chegar á AP-9 hai que chegar á A-6. Polo tanto, creo que a



alcaldesa da Coruña nin sabe a que foi, realmente, nin sabe que é un trazado ambiental coñecido e aprobado polo Bipartito.

A min paréceme incongruente, creo que hai outros intereses no Partido Socialista sobre esta cuestión, o interese xeral, dende logo, non o vexo. Volvo insistir, agardamos que o Ministerio de Fomento autorice a conexión coa AP-9. Nós lle mandamos xa unha proposta de convenio ao ministro de Fomento actual e tamén ao anterior. Fixemos os deberes, de feito xa temos as obras en execución, non como outras obras en Alfonso Molina das que nada sabemos, obras en execución co Ministerio de Fomento. Eu agradézolle que comparta comigo pedirlle xuntas ao Ministerio de Fomento que autorice a conexión e que sexa libre de peaxe.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas conselleira.

**Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Rey Varela.

**O señor REY VARELA:** Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Señor conselleiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol é o principal referente sanitario das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá. Atende preto de duascenas mil persoas, rexistra algo máis de quince mil ingresos ao ano e algo máis de sesenta mil urxencias tamén ao ano.

Os hospitais que comparten o complexo, o Marcide, o Naval e o Novoa, necesitan un importante investimento, dende hai anos, para poñer en pé de igualdade a asistencia sanitaria nesas comarcas coa do resto dos galegos, que contan, en xeral, con novos equipamentos e hospitais renovados.

Despois de moita espera e de moitas palabras sobre o Plan director de Ferrol, foi o goberno de Alberto Núñez Feijóo — con vostede como conselleiro — o que adxudica en marzo do ano 2017 a redacción dun novo plan director para Ferrol. Un investimento moi importante, un investimento moi esperado, de máis de cen millóns de euros, que na primeira fase, xa adxudicada en setembro deste ano, despois de moitas vicisitudes polas que despois tamén lle preguntarei, suporá 50 millóns de euros públicos investidos na sanidade en Ferrol. Son 50 millóns de euros que supoñen un investimento pero que supoñen tamén unha obra civil importantísima, que contribuirá, sen dúbida, ao emprego nunhas comarcas neste momento moi castigadas polo Goberno central como consecuencia da crise do sector naval e da crise agora do carbón. É o investimento sanitario máis importante dos últimos corenta anos, e un proxecto que tamén ten a súa importancia, posto que foi elaborado conxuntamente cos profesionais sanitarios da área, magníficos profesionais, que queren estar en condicións de prestar un mellor servizo á poboación que atenden.



Executada xa a fase cero, con melloras moi importantes no laboratorio de anatomía patolóxica, na cociña ou na lavandería, que se puxo en funcionamento hai escasos días, a miña pregunta vai centrada nos prazos. ¿Que prazos, despois de todas estas vicisitudes, manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras efectivas de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, e que mellora suporá para os usuarios?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rey.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas.

Boas tardes, señor presidente, señores deputados.

Señor Rey Varela, a verdade é que o Goberno da Xunta ten o compromiso de modernizar todas as infraestruturas sanitarias en xeral, pero especialmente —como ben dicía vostede— a área sanitaria de Ferrol. É unha poboación moi importante, e unha demanda con moita xustificación para poder facelo.

Temos un gran proxecto, que é o Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, que supón un investimento total de 130 millóns de euros. Por suposto, temos que dicir que é o maior investimento sanitario na área de Ferrol de toda a historia. Só na fase 1, aprobada e a punto xa —de feito a UTE que gañou este concurso está xa cos preparativos para empezar os movementos de terras e demais—, son 50 millóns de euros.

Neste momento, finalizamos as actuacións da fase cero, que lle recordo que comprende as obras previas de necesaria execución para poder iniciar o tratamento nesta segunda fase. Loxicamente, necesitamos deixar máis espazos baleiros para poder facelo.

¿Que facemos con isto, coa fase cero? Pois unha reforma para ubicar un novo laboratorio de anatomía patolóxica, agora mesmo, seguramente o máis moderno de España, cun investimento de máis de un millón de euros. Esa fase cero tamén leva unha cociña provisional no Hospital Naval, por importe de 893.000 euros; unha nova lavandería no Naval. Cando se podía buscar unha saída alternativa, queremos mantela, porque tiña unha lavandería, pero agora ten a tecnoloxía máis moderna posible, cun investimento total de 2,8 millóns de euros, e está xa en funcionamento; tivemos unha visita para coñecer ese investimento. Desde o punto de vista tecnolóxico, industrializada, modernizada; e a nivel medioambiental, desde logo, o máis avanzado de toda Europa. Pero tamén no edificio de Marinería do Hospital Naval se está facendo unha reforma de 378.000, acondicionándoo para servizos xerais, subministracións, informática e demais. Todo isto é a fase cero; é dicir, na fase previa xa son máis de 5 millóns de euros.

Ao mesmo tempo que se executaban estas obras —como ben dicía—, estamos preparando o proxecto básico de execución e adjudicándoo, por iso quero tamén agradecerllo á Conse-



llería de Infraestruturas, xa que imos coordinados, e as grandes obras as executa a Consellería de Infraestruturas.

Esa primeira fase que iniciamos nestes días implica a construción de dous novos edificios, un asistencial e outro de apoio, e comezan as áreas funcionais asistenciais definidas no plan director. Tamén se contempla unha serie de actuacións no Hospital Naval, concretamente unha serie de reformas interiores para habilitar os espazos necesarios para o traslado de servizos desde o Hospital Arquitecto Marcide. Os novos edificios albergarán o hospital de día, cardioloxía, diálise...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...UCI, neonatoloxía, consultas externas, gabinetes...

**O señor PRESIDENTE:** Conselleiro, terminou o tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...xunto coa xerencia, dirección e administración...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Ten outro turno despois. Moitas grazas. *(O señor conselleiro de Sanidade pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Réplica, señor Rey.

**O señor REY VARELA:** Moitas grazas, conselleiro, porque coas súa resposta vese unha eficiencia por parte da Xunta de Galicia para que estas obras poidan comezar, as da fase 1, despois da fase cero, con carácter inminente, que é o que todos estamos esperando despois de que se teña falado durante tantos anos dun plan director que non existía ata esta lexislatura.

En todo grande investimento, de todas formas, é moi importante a colaboración institucional das diferentes administracións. Esa colaboración foi imposible co anterior alcalde de Ferrol, que non outorgou licenza para que a Xunta de Galicia investise na cidade máis de cen millóns de euros, e obrigou á Administración autonómica a acudir á tramitación excepcional da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e excepcional interese público. Trámite que se completa sen alegacións, por certo, despois da exposición pública, no pasado mes de setembro, que inmediatamente permite á Xunta de Galicia adxudicar esa actuación, aínda que con máis dun ano de atraso por non outorgar esa licenza.

Solucionado o tema da licenza, falta o seguinte trámite para a colaboración entre as administracións, que é o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol.

Foi remitido por primeira vez a Ferrol en maio de 2017; por segunda vez en 2018, xunto coa solicitude de licenza; por terceira vez o 1 de febreiro de 2018; e por cuarta vez —xa cun novo alcalde— o 26 de agosto deste ano.



Tendo en conta declaracións recentes do novo alcalde de Ferrol, nas que presenta como un logro dos seus cen primeiros días ter desbloqueado este importante investimento, esta infraestrutura para a cidade, quería preguntarlle en sede parlamentaria cal é o estado do expediente e se o Concello de Ferrol asinou o convenio de colaboración antes citado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rey.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente.

Ten que perdoar, señor presidente, pero para a extensión do que estamos facendo en Ferrol non nos chega o tempo dunha pregunta, (*Risos.*) por iso teño que pedirlle desculpas. (*Aplausos.*) Quero dicilo para que quede claro.

Dous novos edificios que ampliarán o Marcide e a remodelación do Naval. Os novos edificios levan o hospital de día, cardioloxía, diálise, UCI, neonatoloxía, consultas externas, gabinetes, xerencia, dirección e administración, nefroloxía e diálise, pediatría, UCI pediátrica, UCI de adultos. É moi importante a nova hospitalización porque había unha clara diferenza de Ferrol con outros hospitais.

Temos que ir a unha nova hospitalización de habitacións individuais, ou como moito dobres, pero, desde logo, con todas as medidas necesarias para que a xente estea pouco tempo nos hospitais, pero o tempo que estea, estea moito máis cómodo do que neste momento pode ocorrer. Desde logo, ese era o concepto.

Outra idea clara —e desgraciadamente non foi así—, loxicamente, é que nos interesa moito que haxa colaboración entre concellos, isto é fundamental. Quero pór de exemplo o Concello de Pontevedra, que a verdade é que tivo e está tendo unha colaboración importante para o Gran Montecelo. No Concello de Ferrol, desgraciadamente, non encontramos na anterior corporación esa colaboración. Como ben di, despois de enviar convenios firmamos un protocolo, pero os convenios que queríamos para avanzar e dar a licenza de forma directa non foi posible. Tivemos que recorrer á Lei 3, unha lei que, como saben, para temas de obras de interese público ou de urxencia é a que nos permite estar onde estamos neste momento, xa licitado, cunha UTE contratada, que é a de Acciona, San José e Prace, por valor de 49.000. É certo que seguimos a día de hoxe co actual Goberno, enviamos de novo, falamos directamente co novo alcalde e queremos tender a man. Entendemos que o ideal é chegar e firmar ese convenio para proseguir, como dicimos, e que canto antes poidamos ofrecer a todos os cidadáns desa importante área de Galicia, da área de Ferrolterra, como ben dixo vostede, a calidade máxima que necesitan.

Polo tanto, entendemos que nos próximos meses —fálase de trinta e seis meses, pero imos intentar que se acorte— imos ter acabada e rematada a fase 1. Independentemente de que non firmemos o convenio, nós imos seguir adiante, nesas trinta e seis meses a fase 1 estará





rematada, e xa nese momento, coa dotación correspondente, os veciños e veciñas desta área van poder xa desfrutar de novas instalacións e novos equipamentos. E seguiremos coa fase 2 e a fase 3 para rematar ata o final este gran proxecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Debatemos agora, de xeito acumulado, tres preguntas, todas elas sobre a situación actual do Hospital Povisa, de Vigo.

### *Debate acumulado*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento de Povisa**

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade asistencial exi-xible e o emprego no Hospital Povisa, de Vigo**

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa, de Vigo, e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a pregunta a señora Solla, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

Vostedes, unha vez máis, acaban de vender os traballadores e traballadoras de Povisa como se fosen autenticamente números, cunha operación absolutamente orquestrada dende a Consellería de Sanidade, dende que o pasado ano vostedes decidiran, en convivencia coa empresa, renegociar un concerto para aplicar o saneamento dunhas contas, facilitando así unha venda que non era recente, porque, como xa sabemos, Ribera Salud intentara mercar esta empresa con anterioridade nos anos previos, despois de que vostedes tamén renegociaran e melloraran esas contas coa sinatura do concerto no ano 2010.

Venden vostedes as traballadoras e os traballadores como se fosen números, e venden tamén a atención sanitaria de 140.000 galegas e galegos aos que vostedes deixan en mans dunha gran corporación estadounidense. E teño que dicir aquí que é a segunda, e vou lembrar tamén que é un fondo de Luxemburgo o que ten xa un 16 % do novo hospital de Vigo. Polo tanto, os habitantes da comarca de Vigo teñen a súa sanidade dependente dos grandes fondos de investimento grazas ás xestións dun Partido Popular responsable tamén do fracaso do modelo industrial do noso país. Todas as empresas da nosa comarca están en jaque grazas á súa política.



Hoxe, vostedes preguntan tamén por esta cuestión, intentando lavar a súa imaxe en relación co mantemento dos postos de traballo. A realidade —e están os traballadores aí arriba— é que a vostedes non lles importou a sanidade pública cando recortaron o número de camas no novo hospital de Vigo para garantir o negocio do señor Silveira, nin lles importaron en ningún momento os postos de traballo. Teño que lembrar que todas esas renegociacións se fixeron a custa da suor dos traballadores e das traballadoras, que levan cun convenio conxelado dende o ano 2010, soportando ERE, despedimentos e recortes de horarios continuos. Agora, vostedes facilitan o saneamento e a venda desta empresa sen garantir a mellora da calidade dos postos de traballo. Esa é a realidade.

Polo tanto, o Partido Popular fállalle ao persoal de Povisa e fállalles a 140.000 galegas e galegos que se ven obrigados a seren atendidos alí, porque, en contra do que vostedes din e pregoan habitualmente, non hai capacidade na sanidade pública para atender a estas persoas, grazas ao recorte de 500 camas que vostedes se encargaron de producir no proxecto do novo hospital de Vigo.

Señor Almuíña, o pasado ano, cando a empresa entrou en precurso —por certo, sen depositar as súas contas, que tivemos que denunciar a ausencia das contas no Rexistro Mercantil—, vostedes xa eran coñecedores —así se coñeceu esta semana— das negociacións que se estaban dando para vender a empresa. E na actualidade o que temos é incerteza en relación non só co mantemento dos postos de emprego, senón coa calidade. Están os traballadores arriba, ¿van garantir vostedes que se van renegociar eses convenios para que teñan mellores condicións de traballo e, polo tanto, unha mellora na atención sanitaria? Polo tanto, ¿por que obrigan tamén as galegas e os galegos a seren atendidos por unha multinacional estadounidense? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Baseou vostede a súa resposta hai uns minutos —hai un pouco de tempo— ao Bloque Nacionalista Galego en dúas cuestións. Unha, ¿que imos facer os socialistas cando gobernemos? E dúas, que vostedes xa coñecía a posición dos socialistas. Apelando a Manquiña, «*imos levarnos ben*». Voulle recoñecer que vostede acertou nunha delas. Voulle dar unha pista: erra na posición que di que temos. Pero grazas por recoñecer que imos ter que gobernar dentro duns meses e que imos ter que resolver os problemas que vostede nos deixa. Particularmente vostede, que é a Consellería que máis problemas nos vai deixar.

A partir disto, voulle ler unha resolución. «Estudar a fórmula administrativa máis axeitada e favorable que permita ao Sergas asumir a atención sanitaria do centro, garantindo os postos de traballo e as prestacións sanitarias».



Vostede di que sabe cal é a nosa posición, pero é que isto se votouse neste Parlamento hai dúas semanas. É unha resolución deste Parlamento que trouxo o Grupo Común da Esquerda e que nós votamos a favor. O seu grupo en contra, por certo. Se vostede di que coñece a nosa posición, debería saber que neste Parlamento, xa sabe, ás veces débátese e ás veces vótase, polo tanto, se vén aquí dicir que sabe cal é a nosa posición, saberá que isto é o que votamos, e isto é o que defendemos, e isto é no que nos vai atopar, hoxe, mañá, pasadomañá, o ano que vén, cando teñamos que gobernar, e todo o tempo despois a partir diso. (*Aplausos.*) Polo tanto, xa sabe vostede cal é a nosa posición.

Concretamente sobre a venda, que é algo que preocupa, porque vostede falou de que nós imos gobernar e a ver que faciamos, pero non falou moito da venda. ¿Sabían vostedes algo? Porque dá a sensación de que parece que se enteraron polos periódicos, pero tamén dá outra sensación. Vostedes renegociaron o convenio non hai moito, e dixeron o comprador e o vendedor que, xusto despois de renegociar o convenio, empezou a fraguarse a operación. ¡Curioso! Dá a sensación como de que vostedes avalaron a operación. Vostedes taparon os buratiños cos cartos —xa dicimos aquí que tiña que haber máis explicacións sobre aquilo— para que, a partir diso, houbera unha operación. Se ademais esa operación se estaba fraguando nese momento, unha pregunta nos asalta a todos: ¿por que o Sergas no comprou Povisa? Non é un mal prezo de mercado. ¿Por que non comprou Povisa? ¿Parécelle pouco? É bastante menos do que vostedes pagan por moitos outros servizos. Igual é a mesma explicación de por que non fixeron o proxecto inicial do Álvaro Cunqueiro. Cómpraa unha empresa que vostedes coñecen, vostedes mellor que ninguén, montárona vostedes. É a empresa executora das súas políticas sanitarias en Valencia, e así está a cousa, e grazas a que hai un Goberno en Valencia que empezou a reverter a situación.

A situación de Povisa é excepcional. Non debera ser estrutural, ten que ser excepcional. E iso é o que temos que decidir. Nós temos unha posición clara: atención pública, nun centro público, con persoal público. ¿É esa a oposición do Goberno ou non? Esa é a cuestión. Pero vostedes non saben definir se esa é a cuestión.

E nós preguntámonos, se no 2022, que temos que renegociar o convenio, esa é a posición que vai ter o Goberno de entón —que é o que vai entrar o ano que vén, xa o di vostede—, ¿que vai pasar ata entón? O que lle pedimos é que garanta o emprego e que garanta a asistencia sanitaria. ¿Como? ¿Negociou vostede algo no convenio para garantir o emprego ou só fala de palabriñas?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Dende este grupo, dende o Grupo Popular, presidente, exiximos as desculpas públicas da deputada socialista, que falou de mafias, ocupas e pediu o cesamento dos cargos da Xunta absoltos pola Audiencia de Ourense. Sería un acto digno e de xustiza. (*Aplausos.*)

Falamos, señor conselleiro, do hospital Povisa, que a semana pasada foi vendido ao Grupo Ribera Salud, unha empresa con experiencia na xestión sanitaria.



O hospital Povisa vén prestando asistencia á sanidade pública dende o ano 1973, o primeiro concerto foi en 1976. Foi cambiando de donos e —como ben vostede dixo na interpelación— no ano 2014 asinouse un concerto que ten como característica fundamental a voluntariedade; é dicir, a xente das zonas asignadas ao hospital pode escoller perfectamente entre acudir ao hospital Povisa ou acudir ao hospital Álvaro Cunqueiro, ata ese total de 139.000 persoas que se contemplan no concerto.

Reiteradamente, tense acusado ao Partido Popular de privatizar a sanidade pública e de facer todo o posible para favorecer as empresas privadas para que se enriquezan, esas empresas privadas que traballan para a sanidade. Isto non parece aplicable a este concerto, que provocou unha situación deficitaria na empresa que estivo a piques de levala á quebra, e que provocou unha importante débeda nestes anos.

Dita situación foi corrixida cunha modificación das condicións para evitar o posible peche do hospital, cos graves prexuízos que ocasionaría ás persoas atendidas neste centro e aos propios traballadores e traballadoras do mesmo.

Vostede falou dese acordo do ano 2006, ¡como cambian as cousas! Eu voulle ler algunhas frases dese acordo.

«Medidas. Desenvolvemento ordenado e planificado dos recursos asistenciais públicos e privados que presten asistencia concertada na área de Vigo. O compromiso polo mantemento do emprego, tanto no ámbito público como privado, que preste a asistencia concertada, singularmente no que poida resultar afectado polo novo hospital de Vigo. O concerto con Povisa debe garantir a actividade de calidade necesaria para manter o emprego actual».

Nese acordo tamén se contemplaban compromisos. «O carácter público do sistema sanitario galego, e o mantemento do carácter público e privado do sector sanitario galego. O mantemento do emprego e da actividade do sector sanitario, é a garantía dun equilibrio e dunha complementariedade público-privada que se articula en favor da calidade asistencial e do desenvolvemento dos profesionais sanitarios dos diferentes ámbitos».

Goberno socialista e nacionalista, sindicatos de clase, empresarios, xa dixo vostede que asinaron ese acordo que parece incompatible co que escoitamos neste hemiciclo durante estes anos pola oposición. Sen máis comentarios.

Señor conselleiro, gustaríanos coñecer a situación actual da venda e as actuacións que fixo a Consellería ou que ten previsto facer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.



Eu creo que se deron moitos datos na interpelación, pero parece que ás veces hai que revísalos e volvelos dar, porque se non olvidámonos do que queremos facer.

Como digo, os concertos con Povisa levan xa corenta e tres anos, que, loxicamente, fixeron que se evolucionara dunha forma adecuada e que se chegase a un concerto novo, que é o do ano 2014, moi importante e novidosos, que, dende logo, funciona adecuadamente. ¿Por que? Porque partimos dunha base capitativa, unha base capitativa que vai marcar non a atención por actividade. Dicían antes que había unha instrución da dirección de Povisa para que non se fixeran probas innecesarias. É que esa instrución é xeral para calquera servizo sanitario.

O outro día falábase nunha serie de televisión sobre a actividade dun hospital privado, que o novo director despediu a un grupo, a todo o servizo de cirurxía cardíaca, porque facturaban moitísimas cousas; é dicir, porque facían unha actividade por enriba. Aquí, o sistema que está implantado o que premia, evidentemente, é facer a actividade que hai que facer en cada momento e ver onde temos que atender a cada paciente en cada momento. Por iso, a hospitalización a domicilio tamén está potenciada no concerto de Povisa.

Esa base capitativa leva outro elemento moi importante, que é a liberdade da poboación para poder elixir. O que queira estar en Povisa pode estar en Povisa, e o que non queira estar en Povisa pode cambiar e estar na poboación; un 25 %, aproximadamente, dende o ano 2014 tivo ese cambio, pese a que moitos dos que agora mesmo están detrás da pancarta e din que defenden os traballadores de Povisa fixeron campaña para fundir Povisa e, polo tanto, levar ao paro a eses traballadores durante eses anos. Esa é a realidade.

Incluso houbo xente que falou de mala praxis no hospital, xente que hoxe defende os traballadores e di que queren que siga funcionando e que funcione ben. Creo que non vale todo.

Desde logo, temos moitos controis sobre a actividade de Povisa, controis como o ADX, acordos de xestión con obxectivos iguais aos servizos dos hospitais públicos, para que traten exactamente igual os nosos pacientes.

Cumprimentos de lista de espera. Como dicía tamén antes, cen días menos desde o ano 2014 ao último de decembro do ano 2018. Desde logo, moito mellor que na Comunidade Valenciana neste momento, onde se disparou a lista de espera na área de Alcira desde que por ideoloxía —como digo— se tomou unha decisión sen pensar nin nos traballadores nin nos pacientes, e está pasando o que está pasando. Tamén pola calidade da prestación farmacéutica. Como digo, equidade e igualdade. E tamén para outros obxectivos de liñas estratéxicas: o que son as vías rápidas, o que é a nova normativa de tempos máximos, todo se aplica igual a uns pacientes que a outros.

Polo tanto, facemos este control, facemos un control asistencial, pero tamén hai un control da parte administrativa, da parte de xestión pura e dura, polo equipo da Xerencia da EOXI de Vigo. Polo tanto, totalmente coordinado. Toda a área de Vigo está coordinada a través da Xerencia desa área. Ademais, hai unha Comisión Mixta Sergas-Povisa que discute periodicamente elementos que poidan alterar ou prexudicar a acción.



Por suposto, a maiores, poden haber revisións específicas da Inspección de servizos sanitarios da Consellería de Sanidade, como fan en moitos dos centros sanitarios, para velar pola mellor calidade posible desta intervención.

Hai que dicir que o Sergas, en todo momento, cumpriu escrupulosamente as condicións do concerto, salvo nalgúns puntos, e como dicía antes: nun 90 por cento conseguiu os obxectivos asistenciais e nun 10 por cento non. Iso significa que hai avaliación e que non é táboa rasa, senón que hai que cumprir eses obxectivos.

Tamén debe considerarse que a aplicación do establecido no concerto respecto á evolución per cápita podería, razoablemente, estar trasladando unha tensión financeira polo incremento da farmacia hospitalaria, que ese é o gran problema de crecemento que existe neste momento.

Polo tanto, cando se fai esta revisión do concerto, cunha cláusula adicional terceira, búscase, precisamente, manter a calidade da atención e tamén esa salvagarda para os traballadores. Polo tanto, desde este parlamento se a oposición se sente valedora do que é a plantilla, e nós facémolo —como dicía antes— os trescentos sesenta e cinco días do ano, non unha vez ao ano, como ocorre, desgraciadamente, en moitas ocasións.

Estas modificacións do concerto levan unha asesoría xurídica clara e transparente; aquí non hai nada oculto. Aquí séguese toda unha negociación; evidentemente, unha negociación especial por exclusividade, pero con todos os contidos, con todas as memorias económicas e xurídicas xustificativas do que se está facendo, con total transparencia, e sempre —como digo—, buscando a mellora desta prestación.

O noso compromiso pola calidade asistencial e polo mantemento do emprego quedou patente coa nosa disposición para avaliar a situación do centro e as posibles tensións que puideran ser consecuencia das condicións do concerto, e coa busca da mellor solución, sempre no marco do propio concerto e dos mecanismos legais existentes.

Moitas veces é difícil entender cal é a posición das súas señorías, que é variable. Dicía o Partido Socialista agora que teñen clara cal é a posición. Pois eu creo que os recortes de prensa de todas estas semanas non o deixan tan claro como o ten. Posiblemente, non vai ser que diga unha cousa el no Parlamento e despois lle chamen a atención na próxima reunión do partido, porque parece que forzas moi importantes dentro do Partido Socialista non pensan exactamente coma el.

Creo que nós, sen embargo, temos unha posición clara; unha posición de reforzo asistencial, de coidado deses traballadores. E, dende logo, imos seguir tratando de mellorar, aínda máis, esta área sanitaria, porque se fixo un grande investimento. O maior investimento da historia sanitaria en Galicia fíxose na área de Vigo nestes últimos anos, nun momento dunha grave crise económica, e hoxe creo que podemos ser un modelo de funcionamento para todo o país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.



Réplica, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Os que non teñen unha posición marcada son vostedes. Nós defendemos sempre a sanidade pública, e por suposto... (*Protestas.*) Tranquilícense, señoras e señores do Partido Popular; se non teñen nada que facer poden subir a falar cos traballadores.

E, por suposto, defendemos o emprego. Pregúntome onde estaban vostedes no ano 2013, cando foron ameazados os traballadores e cando tiveron que ir á folga indefinida, cando se despedían as limpadoras, cando se despedían as auxiliares, as administrativas da empresa. ¿Onde estaban no 2014? ¿Onde estaban no 2015, cando a folga de fame, cando os ERE? ¿Onde estaba vostede?, ¿en que pancarta estaba vostede? (*Aplausos.*) ¡Na pancarta do señor Silveira, aí estaba vostede!

¿Onde estaba vostede cando o ano pasado, en pleno precurso de acredores, se repartían oitocentos mil euros aos directivos da empresa en dividendos? Iso é o saneamento da empresa: levan quentiños os cartos os directivos da empresa, levan quentiños os cartos a mesma multinacional que debe 140 millóns de euros á Sanidade valenciana. ¿A vostede parécelle mal como se fixo a negociación no País Valenciá? Fágaa vostede mellor, demostre que pode facela mellor. Pero non queren, porque vostedes sempre quixeron beneficiar o patrón.

¿Pode garantir vostede aquí que se van mellorar...(*Murmurios.*), tranquilícense señoras e señores deputados. (*Protestas.*) ¿Pode vostede garantir que se van mellorar as condicións laborais desas persoas que están aí arriba sentadas e do resto dos compañeiros e compañeiras?, (*Murmurios.*) ¿que se vai desconxelar a negociación colectiva despois de practicamente dez anos de conxelación das condicións laborais?, ¿despois de practicar expedientes de regulación de emprego, despedimentos, redución de xornadas?

Vostedes nin garanten o orzamento para a sanidade pública nin garanten a calidade do emprego. O único que lles interesa é garantir o negocio das empresas multinacionais. Lémbrolles — repítolledo unha vez máis aquí—: vostedes non estiveron defendendo os postos de traballo, pero é que vostedes non estiveron tampouco defendendo que esta prestación se dá na sanidade pública, e para iso vostedes recortaron cincocentas camas no novo hospital de Vigo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Réplica, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, antes presumía vostede de que non chegou o tempo para falar de Ferrol, deixou dous minutos fóra; de Povisa, ¡debe ser que non quere contar moito! (*Aplausos.*) En fin, vésello contentísimo coa venda. Se vai cobrar bonos de bonificación ou de produtividade, ten que avisar o Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E dígolle que se alguén... (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, ¡por favor!



Non, non, un momentíño, por favor. Esa expresión debe ser retirada. ¡Esa expresión debe retirala! Pídlle que a retire. (*Murmurios.*) ¡Home!, non pode vostede aquí no debate facer unha afirmación sobre un conselleiro de que vai percibir... Non procede. Ou retíraa vostede ou retíroa eu, e chámoo á orde.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Se me deixa falar.

**O señor PRESIDENTE:** Pode falar, si.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non é unha afirmación, que é un condicional. Pero se vostede quere, retíroa, non teño problema.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Retírea! Pídlle que a retire.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Vólvolle repetir, señor presidente: era un condicional, non unha afirmación. Pero se vostede quere, retíroa. (*Protestas.*) (*Palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Retírea. Queda retirada.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, si. Díglle que era un condicional, non unha afirmación. Debe ser que era un condicional perigoso. (*Aplausos.*) (*Palabras que non se perciben.*)

En todo caso... Non, dígoo, polo tempo, que non me pasou a correr... Non, porque ía seguir falando, se non, falo de máis, e tampouco é cuestión de saltarse as normas.

**O señor PRESIDENTE:** Non se preocupe polo tempo, esa é outra cuestión.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Iso non ten nada que ver co outro.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Agora vai ao tempo, que lle dou eu aquí.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Moitas grazas.

Apreciaba tamén, señor conselleiro, a súa preocupación pola miña posición en función das miñas actuacións no partido. Se alguén ten que andar preocupado no seu partido por como está actuando, igual non son eu; pero en todo caso, non vou insistir por aí.

Nós cremos que hai algunha concreción que vostede non fixo, e que é bastante necesaria escoitar. Vostede fala de garantir o emprego e ser salvagarda dos traballadores. ¡Está ben!, ¡son unhas boas declaracións! Pero, máis alá de declaracións, (*O señor presidente bisba.*) porque vostede falaba de que no Parlamento, ás veces, se din cousas. Nós votamos as resolucións coas que estamos de acordo, e iso é un compromiso claro, pero vostede déixao unicamente





en palabras. Preguntámonos: ¿como, cando se é goberno, se salvagarda os traballadores?, ¿como se garante o emprego? Pois, probablemente, incluíndo cláusulas nos convenios que asina o Sergas.

¿Incluíron algunha cláusula no acordo do 2014 sobre a protección dos traballadores? Non o sabemos porque non temos acceso ao convenio, por algunha razón estraña. ¿Renegociaron algo o ano pasado, se cadra, que nos poida dicir sobre a salvagarda dos traballadores?, ¿ou incluso agora, xa que seguramente tiveron algunha posibilidade de renegociar algúns aspectos coa venda? ¿Protexeron vostedes os traballadores realmente nos convenios, nos documentos que asinaron? Porque, se non é así, vostede está falando por dicir algo, pero non está ofrecendo a verdade.

En realidade, hai tres cuestións que son necesarias neste proceso: unha auditoría, para saber realmente cal é a situación onde estamos investindo tanto; saber o convenio, e coñecer o seu proxecto a medio e longo prazo, o seu, o do seu goberno. Dígame se vostedes queren manter o sistema Povisa que está actualmente, ou queren ir a un sistema público, con atención pública, centro público e persoal da pública. Ese debe de ser o obxectivo, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Réplica, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Creo que vai haber máis deputados socialistas que van ter que pedir desculpas.

¿Escoitou vostede, señor conselleiro, o que di a oposición? ¡Que distintas son as cousas cando se goberna!, ¿verdade? Cando se asina un acordo para o mantemento de Povisa como centro concertado e nin se pide a expropiación para o sistema público, nin se fala da privatización da sanidade galega. ¿Cal sería a razón pola que non rescindiron o concerto, ou recuperaron Povisa, ou expropiaron Povisa, alá polo ano 2008? ¿Cal sería a razón? Todos sabemos que as cantidades reflectidas no orzamento para concertos foron, nestes anos, inferiores ás que tiña o Goberno bipartito, pero é o PP sempre o que privatiza. É a teima constante da oposición.

Agora pídesse por parte dos nacionalistas e dos grupos das antigas Mareas, e ademais dalgúns plataformas afíns, a absorción do Hospital Povisa por parte do Sergas. Antes non era necesario e había que potenciar o Hospital Povisa, agora é imprescindible. Polo menos, o Partido Socialista parecía non apoiar esta teima, aínda que, despois de escoitar agora o voceiro, non sabemos exactamente cal é a postura.

Eu atopei unhas declaracións do señor Gonzalo Caballero onde criticaba o señor Feijóo por non facer unha aposta clara polo público, nin por Povisa nin polo Álvaro Cunqueiro. Afirmacións similares do alcalde de Vigo non foron do agrado do Comité de Empresa de Povisa, e incluso a voceira da CIG defendeu o carácter público do hospital Álvaro Cunqueiro. É dicir, parece que non son o mesmo. Pero ese mesmo alcalde, cando houbo o problema do concerto, pediu o incremento das cantidades que se adican ao mesmo.



Nós sabemos que os socialistas din unha cousa e a contraria sen solución de continuidade; non temos máis que mirar para Pedro Sánchez para comprobalo. Dende o grupo maioritario apoiámos a postura do Goberno da Xunta e a reunión de vostedes cos antigos futuros propietarios e co Comité de Empresa, para levar a cabo o realmente importante, que é manter os postos de traballo e cumprir co concerto vixente.

Pola nosa parte, señor conselleiro, máis nada e agradecer a intervención que responde á pregunta formulada, que supoñemos que completará na segunda quenda de intervencións.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche destas preguntas, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitísimas grazas, señor presidente.

Dende logo, cando os argumentos e o que din as liñas estratéxicas da sanidade son o tempo que fala un deputado nesta cámara, isto indica que, aquí, o que valora algún grupo político é o que chaman falabarato, é dicir, canto máis tempo falo máis razón teño.

A realidade —como dixeran dende o principio— é que o Sergas, a Consellería de Sanidade e a Xunta de Galicia levan tempo, moito tempo traballando, e traballan os trescentos sesenta e cinco días, para que toda a sanidade e a atención sanitaria sexan iguais na área que sexa. ¿Con distintos procedementos? Pode ser. Pero, dende logo, que sexa importante. E para iso temos controis suficientes para poder facelo. Seguimos traballando día a día.

Dicía a representante do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda que vendíamos, que o Sergas vendía. Eu creo claramente saber que non é propiedade do Sergas, que é unha propiedade privada e unha relación entre empresas. Nós, loxicamente, si temos un acordo firmado. O Sergas e a Xunta de Galicia son serios, e mentres teñan un acordo firmado, van cumprilo; evidentemente, exixindo a cada unha das partes que cumpra o que ten que cumprir.

E dicía tamén esta mesma portavoz —cre que ás veces por gritar máis e dicir aos demais que están nerviosos xa ten a razón, e non é así— que outro fondo vai levar a sanidade da área de Vigo. Non quixo escoitar ou non quere escoitar. Non se trata dun fondo financeiro, non se trata dun fondo voitre, trátase dunha empresa do rango sanitario importante, moi importante, que quere crecer en España e en Europa. De feito, entrou no Reino Unido tamén, e vai seguir crescendo.

Polo tanto, interésanos xente comprometida para facer unha boa xestión, e imos estar vixiantes. Pero, loxicamente —como digo—, temos un criterio, temos un concerto, e ímolo seguir ata o final.

Pero tamén para as alarmas que queren, en todo momento, plantexar —que, por certo, o que buscan moitas veces é desequilibrar esa empresa para ver se lle vai mal, e despois poder



dicir que isto é culpa da Xunta tamén —, nós facemos todo o contrario; tratamos de reforzar esa atención para que logo cento trinta e sete mil cidadáns da área de Vigo poidan decidir o que consideren oportuno.

Parece ser que no mes de maio confirmaron que estaban de acordo, movementos mínimos, menos do 2 por cento. Polo tanto, algo en Povisa deben facer ben. E como eu o coñezo, díxíame que eu traballei en Povisa, e dígo con orgullo, aprendín moito, dende a base, eu aprendín alí. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non de alto directivo, ¡non!, ¡de xiratoria nada! Xiratoria era cando empezaba a traballar ás oito da mañá ata moi tarde. Aprendín moito das persoas e dos profesionais que alí traballan, e non me dá vergonza ningunha. Creo que é unha magnífica escola para aprender moita medicina. Polo tanto, non hai nada que ofender. Por certo, funme de alí no ano 1998. A porta xiratoria é bastante xiratoria e grande, pero non é así. (*Murmurios.*) Entón, eu defendo coa Xunta de Galicia a sanidade, a mellor sanidade posible, desta comarca e calquera outra comarca; falabamos antes de Ferrol —que pedía excusas ao presidente porque non me chegaba o tempo—, e é certo, imos tratar de mellorar en todo momento, e aquí, cun concerto vixente.

Polo tanto, dicir que cando facemos esta modificación por unha repercusión clara que podía afectar directamente os traballadores e tamén a poboación asistida, cun parágrafo moito máis claro que esa declaración do ano 2006, que era un mixto —como dicía o parlamentario do Partido Popular—, que falaba de público-privado, que iamos facer un hospital. E eu cando estaba no goberno e no concello de Baiona, a oposición sempre dicía: non, isto xa o iamos facer —durante o ano e medio que gobernaron antes que eu—, xa o iamos facer, pero non deu tempo. Isto é igual. Tiveron catro anos, fixeron declaracións moi bonitas que non melloraron en nada nin a calidade da atención nin a calidade do traballo, do ambiente laboral dos traballadores.

Polo tanto, esa declaración que fixemos hai escasos meses é clara, e queremos seguir potenciando a sanidade e a calidade a través de reforzar precisamente iso.

E cando dicía o señor Torrado que non ten problema el no que fai, ¡ben!, ¡eu non sei se ten problema ou non!, pero na *Voz de Galicia* do 8 de outubro, fai dous días: «*El alcalde pide que se preserve el empleo, pero no apoya que el Sergas absorba el hospital*». Isto dio un alto dirixente do Partido Socialista do PSDG, creo que ten bastante influencia; apelídase igual que o portavoz, pero non é o portavoz (*Murmurios.*). Pero o portavoz tamén defendeu que hai que defender todo isto.

Outra vez, no *Faro de Vigo* do martes 8 de outubro —o mesmo día, creo que é o mesmo día—, di: «*Caballero sobre la venta de Povisa: que se mantengan los trabajos y la calidad asistencial*». Parece que coincide co que dicimos nós. Polo tanto, creo que a Xunta, a Consellería, non está tan errada cando está facendo un labor —como digo— de control desta concesión, que imos seguir facendo como levamos moitos anos facendo, e de procurar, desde logo, mellorar en todo momento.

Sempre hai que dicir que no futuro non sabemos, pero hai xente que perde a credibilidade cada vez que fala. E creo que esta tarde algúns dos portavoces puideron calar e non seguir perdendo credibilidade.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D.<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla e seis deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, boa tarde.

É certo que a política sobre o medio rural depende da consellería que vostede dirixe, pero non é menos certo que a toma de decisións dos diferentes proxectos e os plans de impulso do medio rural teñen que abordarse dun xeito integral, transversal e coa implicación e participación de todo o Goberno da Xunta de Galicia.

¿E por que é así? Pois porque Galicia é rural, e como tal require de actuacións conxuntas e ben coordinadas, propias dun goberno estable e cohesionado, como o que encabeza o presidente Feijóo.

Unha boa mostra diso é o recente anuncio que vimos de coñecer sobre a posta en marcha dunha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Unha estratexia na que participan tres consellerías: a Consellería do Medio Rural, a de Economía, a de Emprego e Industria, a de Cultura e Turismo e tamén a Fundación Juana de Vega, na que estarán presentes todos os axentes do sector implicados no territorio, no que hai que destacar o papel das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas, dos grupos de desenvolvemento rural, dos produtores e comercializadores, do sector turístico, da restauración e da alimentación, así como das deputacións, dos investigadores e dos centros de formación e experimentación.

O sector vitivinícola converteuse, nos últimos anos, nun dos sectores máis dinámicos e internacionalizados da nosa economía agraria, que en Galicia se estrutura arredor de cinco denominacións de orixe: Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra; e catro indicacións protexidas como son: Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria e Ribeiras do Morrazo.

Por iso, señor conselleiro, tendo en conta a importancia deste sector como elemento dinamizador, xerador de emprego e riqueza nos espazos rurais e nos territorios e nas comarcas alí onde se estende, desde o Grupo Parlamentario Popular queremos facerlle a seguinte pregunta: ¿cales son os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Boas tardes, señorías.

Eu acostumo dicir que Galicia é un mundo; de norte a sur, de leste a oeste, cada recuncho da nosa terra é único. Todo isto fai que as cinco denominacións de orixe que vostede mencionaba, aínda que están moi próximas xeograficamente entre si, sexan, sen embargo, moi distintas. Por iso, podemos afirmar de forma contundente que o sector vitivinícola é un sector fundamental para a cohesión desta nosa terra.

E hoxe falar do sector do viño en Galicia é falar de máis de trece mil viticultores e de máis de catrocentas sesenta bodegas; é falar de máis de nove mil hectáreas en superficie de viñedos, e é falar de máis, este ano, tamén, de sesenta millóns de quilos de uva producidos.

Estamos, señorías, no mellor momento da historia dos nosos viños. Iso indícanos que este sector está en alza e en crecemento, con capacidade aínda para ese crecemento. É o momento de planificar: hai que ter un plan; entre todos, sector e administracións públicas, para construír o viño do futuro, entre todos e todas. Miren: o viño está sempre presente en tres ámbitos —por iso temos que unir eses tres ámbitos clave—, que son: economía, medio rural e turismo. Todos xuntos: viticultura, bodegas, etnoturismo e gastronomía. En definitiva, pancas de dinamización do territorio con valor engadido que chegue a todos os elos da cadea de valor.

Nós traballamos con dous obxectivos fundamentais: o primeiro deles é converter o viño en punta de lanza da promoción, de toda produción agrogandeira de calidade galega, e en segundo lugar, que sexa un elemento dinamizador do territorio. E, para iso, temos catro eixos fundamentais:

Primeiro, reforzar a imaxe de marca. Cada unha das denominacións de orixe terán unha marca paraugas, Galicia Calidade, ¡si!, porque Galicia é calidade.

En segundo lugar, desenvolvemento de produtos e servizos turísticos para dotar de valor engadido este sector. O etnoturismo é unha actividade fundamental.

En terceiro lugar, innovación e formación para alcanzar ese relevo xeracional que é tan necesario no noso agro, pero tamén, por suposto, no viño, buscando dar mellores estándares de calidade e descubrindo maneiras de ser máis eficientes.

E en cuarto e último lugar, dentro deses catro eixos fundamentais da estratexia, o medio ambiente, a sostibilidade medioambiental.

Este é o plan que fai a Xunta, con tres consellerías como di vostede, e eu espero que todas as demais administracións públicas involucradas asuman tamén as súas consideracións: unha estratexia para o futuro do viño galego.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Blanco.

**O señor BLANCO PARADELO:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que non é a primeira vez que vemos traballando e sumando sinerxías a varias consellerías do Goberno galego, neste caso a tres. Algo que podería parecer, pois, moi evidente e sinxelo, pero que noutras etapas, por exemplo, como na etapa do Goberno bipartito, sería practicamente imposible poder velo —como todos lembramos—, na que pola mañá compartían goberno mentres se vixiaban e, pola tarde, se facían oposición.

Non vén mal lembrar isto nun momento no que tanto se fala de pactos políticos e coalicións. É bo recordarlles aos galegos que nos poidan estar escoitando que se pasaba aquilo cun Goberno bipartito, como ben lembrou a señora Pilar Cancela, ¡imaxinen o que sucedería nun hipotético goberno composto por catro partidos!, as leas que teríamos que estar a ver todos os días.

Señor conselleiro, o sector do viño é moi importante para Galicia e, sen dúbida, pensamos que esta estratexia terá unha boa acollida e representará un impulso e unha oportunidade nas comarcas vitivinícolas galegas. Un sector que exporta unha porcentaxe moi significativa da súa produción e que mira, con preocupación, tanto o que sucede co tema do *Brexit* como cos posibles novos aranceis que se poidan impoñer desde os Estados Unidos, mercado ao que os viños galegos de calidade recoñecida exportan milleiros e milleiros de botellas cada ano.

Por iso, neste momento e debido á actualidade, non podemos deixar pasar esta oportunidade para preguntarlle pola súa valoración respecto da inquietude que pode estar atravesando o sector do viño galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Grazas, señor presidente.

Dicía antes, na miña primeira intervención, que, efectivamente, o viño galego é un produto que hoxe xoga un papel fundamental no que é a nosa promoción internacional. Estamos a falar de que é un sector no que un trinta por cento de toda a produción se está exportando. Temos multitude de países e cando falo de multitudes temos oitenta países nos que están presentes os viños galegos das cinco denominacións de orixe. E é certo que Estados Unidos é un dos países nos que estamos facendo exportación dun xeito importante, como digo, fundamentalmente Rías Baixas. Eu tiven ocasión de estar esta mesma semana en Madrid, na



reunión que tivemos co ministerio, e aí trasladóusenos, en primeiro lugar, unha mensaxe de tranquilidade nestes momentos; é unha decisión que aínda non está tomada e que vai haber unha postura de firmeza por parte do Estado español —e eu aquí quero recoñecer o traballo que se está a facer por parte do ministerio—, e ademais vai haber tamén unha postura de firmeza por parte da Unión Europea. Polo tanto, a nosa primeira mensaxe ten que ser de tranquilidade, de calma, estamos aí traballando entre todos e agora temos que ir cunha mensaxe tamén de unidade.

Por outra banda, teño que dicir que, efectivamente, afecta unha parte importante da produción; como trasladaba antes, estamos a falar de quince millóns de euros de exportacións no que se refire a este mercado de Estados Unidos. Pero tamén é importante trasladar que se trata de viños de alto valor engadido e, ademais, con calidade diferenciada, que é a que nos dan as nosas variedades autóctonas. Polo tanto, eu penso que o noso viño, a calidade dos nosos produtos, vai facer que poida soportar mellor estas subidas de prezo.

Señorías, e é así, nós temos grandes produtos. O viño é un dos que nos marcan e que nos definen. Polo tanto, nós estamos seguros de que vai poder saír adiante, aínda de que tiveramos a desgracia de que se producira a subida dos aranceis, que, por outro lado, estamos a falar dun vinte e cinco por cento, o cal non é unha cantidade nada desprezable.

Eu, xa para rematar, quero trasladar claramente que os produtos galegos, non só o viño, teñen demostrado que saben competir nos mercados, porque se distinguen sempre pola súa calidade e polo seu valor engadido. Galicia ten que seguir, sen ningunha dúbida, nesa liña, na mellora de produtos e da súa capacidade para atopar novas oportunidades e novos mercados. Miren, hai poucas certezas na vida, pero esta é unha delas: alá onde vai un produto galego, triunfa.

E eu remato cunhas verbas de Álvaro Cunqueiro, que dicía: «Aos galegos gústannos os nosos viños. Quizais porque teñen máis gañas de falar ca nós ou porque teñen un sabor fuxidío e, ao buscalo, lembramos tempos, lugares, amores, despedidas». Así me despido eu hoxe.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Ben, aquí acabaron os asuntos do pleno, pero só lles vou ocupar un minuto máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non é outra declaración, é unha opinión, un comunicado —e ademais quero que conste en acta—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Mañá cúmprense trinta anos da inauguración do pazo do Hórreo, deste edificio onde estamos. E eu creo que, ¡home!, ¡foi unha pena que non o dixera á mañá! —laméntoo—, tiñan que estar aquí todos os deputados. Pero eu creo que é un bo momento para que agradezamos a todos aqueles que fixeron posible que hoxe teñamos esta sede, unha magnífica sede.



Eu coñezo todos os parlamentos de España, ningún é coma este, pódollelo dicir. E síntome, ademais —e creo que nos podemos sentir todos—, moi orgulloso dos funcionarios e da xente que traballa aquí, así como da xente que traballou nas sedes que antes tivemos provisionalmente. É un orgullo que a xente que vén visitar o Parlamento faga os comentarios que fai deste edificio; de como están coidados, por exemplo, os xardíns deste parlamento, e só son dúas persoas —asunto este que é tamén moi importante—. Polo tanto, eu quero ter... Non, non, soamente son dúas persoas, ¡pero é que este xardín...! Vostedes pódeno ver, a xente que vén aquí queda absolutamente asombrada.

Polo tanto, un recordo para todos aqueles que fixeron posible que teñamos esta magnífica sede. Recordo para todos os traballadores, tamén para os actuais, e para todos os deputados, que fan posible que hoxe nos sintamos orgullosos, na comunidade na que estamos, de termos un parlamento coma este. Imos ver o que podemos facer.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

*Remata a sesión ás sete e dous minutos do serán.*






## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	38. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	42. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
		75. Villares Naveira, Luis	(M)





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

